

# **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA**

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma.  
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 22 de decembro de 2022



## RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 22 DE DECEMBRO DE 2022

### ASUNTOS

#### Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 12/2022, do 25 de novembro.....10
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de novembro de 2022 ata o 16 de decembro de 2022. .... 10
3. Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas. .... 10

#### Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio Universitario del Centro Asociado a la UNED de A Coruña para cofinanciar o "Programa de actividades sociais e de divulgación cultural no ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración..... 14
5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad de Salamanca para cofinanciar o "Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial: A chegada de Roma ao Finis Terrae" e do correspondente convenio de colaboración..... 22
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os "Cursos na sede da Coruña no ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración..... 29
7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o "sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración..... 36
8. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o "sostemento dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración. .... 44
9. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) para cofinanciar o "Equipamento para a actualización de recursos técnicos para a realización de programas de formación e empregabilidade" e do correspondente convenio de colaboración. .... 51
10. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural para cofinanciar a "Feira das industrias culturais de Galicia (CULTURGAL 2022)" e do correspondente convenio de colaboración. .... 58
11. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Ferrol para Mantemento xeral da casa de acollida, anualidades 2023-2026, de acordo ao Protocolo

de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) e do seu correspondente convenio. .... 65

### **Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios**

12. Aprobación do convenio entre a Deputación e a Asociación Ourives de Compostela para financiar "A Excelencia no Camiño. Oito Séculos de Prata e Acibeches en Compostela" ..... 75

13. Ratificación da resolución núm. 2022/50263 de data 30/11/2022 pola que se aproba a prórroga do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia/IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Cluster TIC Galicia, para a elaboración do Plan Director e Constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC e do anexo que instrumenta a formalización da prórroga..... 83

14. Aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) ..... 85

### **Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais**

15. Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, oitava fase; integrado polo proxecto "DP 7402 Marteo a Augasantas, ampliación e mellora pq 0+000 ao 2+543 (ROIS)" ..... 119

16. Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, novena fase ..... 120

17. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 2303 mellora seguridade vial en Bermún pq 10+600 ao 12+200 (CEE), incluída no Plan de Vías Provinciais 2022, primeira fase ..... 121

18. Aprobación da actualización de prezos da obra "Actualización de prezos Senda peonil en DP 1702 pq 0+970 ao 1+070. Pasarela sobre liña FFCC (CAMBRE)", incluída no Plan de Vías Provinciais 2020, segunda fase ..... 121

19. Aprobación da actualización de prezos da obra "Actualización de prezos DP 1405 ponte sobre río Anllóns pq 3+800 (PONTECESO e CABANA DE BERGANTIÑOS", incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2021, oitava fase ..... 122

20. Aprobación do proxecto modificado reformado DP 1301 Ampliación e mellora trazado Gándara a Amanecida pq 0+047 ao 0+377 (BRION), incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2016, terceira fase ..... 123

21. Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, décima fase, integrado polo proxecto da obra "DP 1901 Carballo a Sísamo, mellora na estrada Fase III" ..... 123

### **Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento**

22. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello da LARACHA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para

cofinanciar a humanización e mellora da accesibilidade da rúa JM Ferreira Penedo..... 124

23. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de DODRO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible..... 133

24. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de LOUSAME polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a mellora do viario en Croído. .... 141

25. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de OLEIROS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da eficiencia enerxética, da accesibilidade e posta en valor da finca Tenreiro. ....150

26. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de ROIS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación de edificio para punto de atención á infancia en Urdilde..... 159

27. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para a execución das obras "Melloras na estrada DP-1901 Carballo a Sísamo, Fase III" e ulterior cesión das obras e da estrada ao Concello de Carballo. .... 167

28. Aprobación da delegación da contratación no Concello de Carballo das obras incluídas no proxecto: "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III" Pk 0+802,50 a Pk 2+670..... 175

29. Aprobación da corrección de erro na cláusula 15 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea - Next Generationeu (PRTR), onde dí quince días hábiles debe dicir dez días naturais ..... 176

30. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de CERCEDA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol "O Outeiro" ..... 177

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural**

31. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da rede de saneamentos en As Pontigas", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0140.0..... 185

32. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación do pavimento na Rúa Magdalena", do Concello de Cee, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial co código 2021.2102.0442.0..... 188

33. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de firme de

viais en Escañoi", do Concello de Irixoa, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0169.0..... 190

34. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de vial Casalderrique e outros", do Concello de Irixoa, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0170.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento..... 192

35. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de camiños municipais: Rúa do Penedo e Franza de Abaixo" do Concello de Mugardos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0206.0.....195

36. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa nº 3", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0547.0..... 196

37. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Colector Xeral e EDAR en Chaián", do Concello de Trazo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0490.0 ..... 200

38. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforzo do firme de calzada, contorna e accesos ao igrexario de Armental, O Priorato e Ramal en Follente", do Concello de Vilasantar, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0282.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento..... 203

39. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de concellos do Camiño Inglés para o financiamento do proxecto "Famtrip e Presstrip Camiño Inglés Fairway 2021"..... 205

40. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coristanco para o financiamento da "XL Festa da Pataca"..... 213

41. Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos para o financiamento do proxecto "Conservación e restauración do parque histórico O Pasatempo-Fase I" .....220

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

42. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a novembro de 2022..... 221

43. Dación de conta do Informe da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2021..... 222

<u>44. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2022 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.....</u>	<u>222</u>
<u>45. Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2022 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.....</u>	<u>222</u>
<u>46. Dación de conta da resolución de presidencia número 50657/2022 pola que se atribúe réxime retributivo de dedicación exclusiva parcial á Deputada Provincial.....</u>	<u>222</u>
<u>47. Dación de conta da resolución de presidencia número 46572/2022 pola que se nomea persoal eventual.....</u>	<u>223</u>
<u>48. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Boqueixón respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....</u>	<u>223</u>
<u>49. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Carral respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....</u>	<u>223</u>
<u>50. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Corcubión respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....</u>	<u>224</u>
<u>51. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Dodro respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....</u>	<u>224</u>
<u>52. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Laxe respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....</u>	<u>225</u>
<u>53. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Mañón respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....</u>	<u>226</u>
<u>54. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Monfero respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....</u>	<u>226</u>
<u>55. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Mugar dos respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....</u>	<u>227</u>
<u>56. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Rois respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR). ....</u>	<u>227</u>
<u>57. Dación de conta do acordo de adhesión do Concello de Rianxo ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).....</u>	<u>228</u>

#### **Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible**

<u>58. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Fundación Axencia</u>	
--	--

enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), para cofinanciar o proxecto "Asesoría enerxética 2022" ..... 228

59. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Federación Galega de Micoloxía para cofinanciar o proxecto "Semana micolóxica galega 2022" na provincia da Coruña ..... 235

60. Aprobación da 2ª Modificación e prórroga do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes do plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol".....243

61. Aprobación da prórroga do Plan Extratéxico de Subvencións 2020-2022 para o exercicio 2023..... 245

ACTUACIÓN DE CONTROL:  
MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre as vivendas de uso turístico..... 251

2.Moción dos grupos provinciais PSdeG-PSOE, BNG, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica en apoio á ANPA do Centro Público Integrado Cruz do Sar do municipio de Bergondo ..... 268

FÓRA DA ORDE DO DÍA

I.Moción dos Grupos PSdeG-PSOE, BNG e Alternativ dos Veciños en apoio ás alegacións realizadas polo Concello de Val do Dubra e a veciñanza afectada polo parque eólico de Vilartoxo..... 282

ROGOS E PREGUNTAS..... 291



## Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excm. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 22 de decembro de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 22 de decembro de 2022, reúnese a Excm. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

**Preside:** don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

### Deputados/as

#### Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M <sup>a</sup> Gallego Neira	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

#### Excusadas:

Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

**Actúa como secretario:** don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior da Deputación Provincial da Coruña.

Aberto o acto ás 12:07 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

#### Sr. Presidente

Moi bo día a todos e a todas. Comezamos este Pleno ordinario co primeiro punto da orde do día.

## **1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 12/2022, do 25 de novembro.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 12/2022, do 25 de novembro.

## **2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de novembro de 2022 ata o 16 de decembro de 2022.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 19 de novembro de 2022 ata o 16 de decembro de 2022.

## **3.- Dación de conta da comunicación dos Grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.**

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 15 de decembro de 2022 a composición das Comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO <sup>1</sup>	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
<b>Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística</b>  17:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Xosé Xurxo Couto Rodríguez</b>  Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat	José Carlos Calvelo Martínez Manuel Taboada Vigo José Luis Pérez Añon Valentín Alfonsín Somoza Gumersindo Pedro Galego Feal	M <sup>a</sup> Milagros Castro Sánchez Ana Lamas Villar Bernardo Fernández Piñeiro José Manuel Pequeño Castro	<b>Xosé Xurxo Couto Rodríguez</b>	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
<b>Deporte e Mocidade</b>  17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: <b>Cristina Capelán Cancelo</b>  Secretaria: Manuela Muñiz Souto	Roberto Rodríguez Martínez Antonio Deibe Sanmartín José Javier Pego Sampedro Ignacio Codesido Barreiro María Teresa Villaverde País	<b>Cristina Capelán Cancelo</b> Sandra González Castro Antonio Leira Piñeiro José Ramón Rioboo Castro	M <sup>a</sup> del Carmen Muíño Filgueira	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
<b>Benestar Social e Educación</b>  17:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: <b>Ana Lamas Villar</b>  Secretaria: Carolina Buhigas Jack	Roberto Rodríguez Martínez Ignacio Codesido Barreiro José Javier Pego Sampedro María Teresa Villaverde País Gumersindo Pedro Galego	Sandra González Castro <b>Ana Lamas Villar</b> José Manuel Pequeño Castro José Ramón Rioboo Castro	M <sup>a</sup> del Carmen Muíño Filgueira	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
<b>Promoción Económica e Asistencia a Municipios</b>  17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>José Blas García Piñeiro</b>  Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	José Carlos Calvelo Martínez Manuel Taboada Vigo José Luis Pérez Añon Antonio Deibe Sanmartín Valentín Alfonsín Somoza	Cristina Capelán Cancelo M <sup>a</sup> Milagros Castro Sánchez <b>José Blas García Piñeiro</b> José Manuel Lage Tuñas	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO <sup>1</sup>	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
<b>Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais</b>  17:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>José Manuel Pequeño Castro</b>  Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Manuel Taboada Vigo Ignacio Codesido Barreiro José Javier Pego Sampedro María Teresa Villaverde País Izaskun García Gorostizu	M <sup>a</sup> Milagros Castro Sánchez Ana Lamas Villar <b>José Manuel Pequeño Castro</b> José Ramón Rioboo Castro	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
<b>Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento</b>  17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Xosé Luis Penas Corral</b>  Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	José Carlos Calvelo Martínez Antonio Deibe Sanmartín Valentín Alfonsín Somoza José Luis Pérez Añon Gumersindo Pedro Galego Feal	Cristina Capelán Cancelo Sandra González Castro José Manuel Lage Tuñas Antonio Leira Piñeiro	<b>Xosé Luis Penas Corral</b>	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
<b>Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural</b>  17:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Xosé Regueira Varela</b>  Secretaria: Susana Rouco Penabad	José Carlos Calvelo Martínez Manuel Taboada Vigo Valentín Alfonsín Somoza Antonio Deibe Sanmartín María Teresa Villaverde País	Cristina Capelán Cancelo M <sup>a</sup> Milagros Castro Sánchez José Blas García Piñeiro José Manuel Pequeño Castro	<b>Xosé Regueira Varela</b>	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane
<b>Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior</b>  17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>Antonio Leira Piñeiro</b>  Secretaria: M <sup>a</sup> José Vázquez Sesmonde	Roberto Rodríguez Martínez José Luis Pérez Añon Ignacio Codesido Barreiro Gumersindo Pedro Galego Feal Izaskun García Gorostizu	Bernardo Fernández Piñeiro Sandra González Castro José Manuel Lage Tuñas <b>Antonio Leira Piñeiro</b>	Xosé Luis Penas Corral	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO <sup>1</sup>	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
<b>Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible</b>  17:00 h venres Semana anterior ao Pleno	Presidente: <b>José Ramón Rioboo Castro</b>  Secretario: Manuel Vázquez Sesmonde	Roberto Rodríguez Martínez José Javier Pego Sampedro Rosa María Gallego Neira Germán Castrillón Permuy Izaskun García Gorostizu	Bernardo Fernández Piñeiro José Blas García Piñeiro Ana Lamas Villar <b>José Ramón Rioboo Castro</b>	Xosé Xurxo Couto Rodríguez	Alberto Lema Suárez	Ángel García Seoane

<sup>i</sup> RP 2019/24934 e RP 2019/25605 , nomeamento presidentes e secretarios Comisións Informativas

**4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio Universitario del Centro Asociado a la UNED de A Coruña para cofinanciar o "Programa de actividades sociais e de divulgación cultural no ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 100.000,00 €, ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, para cofinanciar o *Programa de actividades sociais e de divulgación cultural do ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 438.384,00 €, de acordo co texto que se achega.**

**2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.**

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 de novembro de 2022.

**3.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.**

**4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.**

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Programa de actividades sociais e de divulgación cultural do ano 2022.**

Na Coruña a

### **REÚNENSE**

Don/a ....., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ....., en representación do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña,

## EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que o Centro Asociado á UNED da Coruña foi creado, de acordo co disposto no Decreto 2310/1972, do 18 de agosto, mediante convenio asinado o 11 de febreiro de 1983, entre a UNED e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, así como os membros do Padroado naquel momento: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña, Concello de Culleredo, Concello de Betanzos e Banco de Bilbao.

Posteriormente, á vista do crecemento do Centro Asociado da Coruña, o 22 de outubro de 1996, foi asinado un novo convenio entre a UNED e os membros do Padroado: Deputación Provincial da Coruña, Concello da Coruña e Concello de Ferrol.

**Segundo.-** Que as disposicións recollidas na Lei 27/2013, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, na Lei 15/2014, de Racionalización do Sector Público e na Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, incidiron moi significativamente na Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e no R.Decreto 1317/1995, sobre réxime de convenios da UNED cos Centros Asociados, no senso de facer inexcusable a necesidade da constitución dun consorcio como figura xurídica que dera soporte legal ao Centro Asociado á UNED da Coruña.

O dito RD 1317/1995 establece no seu artigo 2.2.h) que *“Los centros asociados llevarán a cabo las actividades de educación permanente y **extensión universitaria** y los programas y actividades especiales que apruebe la Junta de Gobierno de la Universidad, procedentes de acuerdos con instituciones públicas.”*

**Terceiro.-** Que o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña recolle no art. 8 do seu obxecto "colaborar no desenvolvemento cultural da contorna". Neste senso o Consorcio, para o cumprimento dos seus fins, vén desenvolvendo unha oferta cultural aberta, multidisciplinar e que chega aos lugares máis recónditos da nosa xeografía.

**Cuarto.-** Que a Deputación da Coruña ten entre os seus obxectivos o fomento da educación e a programación e subvención das actividades culturais, artísticas e científicas, en colaboración con outras entidades e organismos, para contribuír de maneira sustentable ao avance do coñecemento e o benestar social.

**Quinto.-** Que a Deputación da Coruña vén colaborando co Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña no financiamento das súas actividades culturais e científicas.

**Sexto.-** Que a Deputación da Coruña e o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña desexan formalizar a súa colaboración no ámbito da educación, a investigación, a transferencia do coñecemento, as actividades culturais, artísticas e científicas, nun novo convenio que favoreza o entendemento entre as partes e axilice os procesos.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, CIF Q1500424E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades sociais e de divulgación cultural do ano 2022**.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

Os gastos obxecto do financiamento pola Deputación da Coruña son os seguintes, de acordo co Orzamento presentado polo Centro:

1. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	314.400,00
2. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	123.984,00
<b>TOTAL</b>	<b>438.384,00</b>

Este orzamento correspóndese coas actividades que se achegan como anexo ao convenio.

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **22,81 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 22,81 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.



5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificadado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución.**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña unha vez asinado o convenio e logo que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

## **VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

## **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.-o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED da Coruña, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

## **ANEXO.- ACTIVIDADES INCLUÍDAS NO ORZAMENTO DE GASTOS**

### **Actividade**

Mediación no Ámbito Educativo  
Xustiza Restaurativa. Mediación nos Ámbitos Penal e Comunitario. Prácticas Restaurativas  
Prácticas de Mediación  
Microsoft Word. Nivel básico  
Microsoft Word. Nivel intermedio  
Follas de cálculo en Open Office e Libre Office: Calc  
Microsoft Excel. Nivel básico  
Microsoft Excel. Nivel intermedio  
Microsoft PowerPoint e software libre para presentacións. Nivel básico  
Bases de datos en Open Office e Libre Office:Base  
Microsoft Access. Nivel básico  
Xornada de Benvinda ao alumnado: como aproveitar os recursos que che ofrecemos desde o noso Centro Webinar: "Coñecemento do TIC para a acción tutorial na UNED  
Tics para a UNED Sénior  
"Guía práctica para elaborar e presentar un TFG: a escritura académica nunha contorna dixital (6ª edición)"  
Ciclo de conferencias: "A Coruña nun percorrido diferente"  
A agresividade na familia e na escola. Pautas de intervención  
"Dereitos dos Consumidores na era dixital, ciberseguridade e novos retos ante a revolución tecnolóxica"  
A intimidade e as súas dimensións  
Visita cultural á comarca de Bergantiños,  
Unha taxonomía do pensamento liberal, desde as orixes aos nosos días  
Napoleón ante a historia no seu Bicentenario (1821-2021), tiranía e revolución  
Álbum ilustrado e animación á lectura  
Visita cultural - Castros das Barreiras e Borneiro e Penedos de Pasarela e Traba  
"Intervención Social coas Persoas Sen Hogar" (1ª parte)  
Iniciación á Mediación. Teoría e Práctica.  
Mediación no Ambito Civil, Mercantil e Familiar  
Historia de Roma  
Rumbos de xénero na xustiza penal española  
O sistema penal desde os feminismos e o xénero  
Incidentes relevantes na execución das penas privativas de liberdade. Aspectos prácticos  
A evolución na execución das penas privativas de liberdade do coronel Montesinos aos módulos de respecto  
O Código penal de 2015 na práctica xurisprudencial  
A reforma dos delitos sexuais de 2022: perspectivas de futuro  
Responsabilidade penal das persoas xurídicas: aspectos substantivos e procesuais

Ganancias ilícitas e Dereito Penal  
O Dereito sucesorio galego  
Como manexar as plataformas e TIC da UNED 1ª edición  
Como manexar as plataformas e TIC da UNED 2ª edición  
Como manexar as plataformas e TIC da UNED 3ª edición  
Como manexar as plataformas e TIC da UNED 1ª edición  
Webinar: "Coñecemento do TIC para a acción titorial na UNED" 1ª Edición  
Coñece a túa biblioteca. 1ª Edición  
Coñecemento do TIC para a formación online da UNED SÉNIOR A Coruña"  
Introdución á informática: nocións básicas  
Como manexar as plataformas e TIC da UNED 4ª edición  
Como manexar as plataformas e TIC da UNED 5ª edición  
Como manexar as plataformas e TIC da UNED 6ª edición  
Coñece o teu Centro! Presentación de servizos do Centro Asociado: secretaría, librería e redes sociais  
Orientación para o éxito no estudo a distancia na UNED  
Xornada de Benvida do Centro UNED A Coruña  
Como aproveitar ao máximo os recursos que che facilita o teu Centro Asociado: Titorías, Extensión Universitaria e COIE  
Xornada de Benvida ao profesorado-titor do Centro UNED A Coruña  
Coñece aos teus representantes: benvida e presentación da Delegación de Estudiantes do Centro UNED A Coruña  
Coñece a túa biblioteca. 2ª Edición  
Como planificar os teus estudos na UNED"  
Microsoft Word e procesadores de texto. Nivel básico  
Microsoft Word e procesadores de texto. Nivel avanzado  
Consellos básicos para afrontar os exames na UNED"

**5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad de Salamanca para cofinanciar o "Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial: A chegada de Roma ao Finis Terrae" e do correspondente convenio de colaboración.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG e 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, POSE, BNG e Marea Atlántica e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Aprobar o convenio coa Universidad de Salamanca, correspondente á subvención nominativa, por importe de **41.999,00 €**, concedida para financiar o *Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"*, cun orzamento subvencionado de 52.504 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da

subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 de novembro de 2022.

**3.-** Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

**4.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2023 autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca para financiar o *Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"***

Na Coruña, a

### **REUNIDOS**

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Universidad de Salamanca.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

### **MANIFESTAN**

**1.-** A Universidad de Salamanca é unha institución de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar. Fundada en 1218 cumpre máis de 800 anos de historia ininterrumpida. Foi xunto coa de París, Oxford e Bolonia unha das primeiras universidades europeas.

**2.-** De conformidade co artigo 2 dos seus Estatutos, son fins da Universidad de Salamanca, entre outros:

- O asesoramiento científico, técnico e cultural á sociedade, para contribuir á mellora da calidade da vida na comunidade.

- A profundización na cooperación universitaria no ámbito nacional e internacional.

- O desenvolvemento da investigación científica, técnica e artística e a transferencia do coñecemento á sociedade, así como a formación de investigadores.

**3.-** De conformidade cos art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións o fomento dos intereses peculiares da provincia e a organización de actividades que teñan por obxecto o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Universidad de Salamanca coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Universidad de Salamanca**, con CIF: Q3718001E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do *Proxecto de actuación arqueolóxica e valorización patrimonial "A chegada de Roma ao Finis Terrae"*, que se indica deseguido:

- Traballos preliminares
- Traballo arqueolóxico de campo
- Difusión e socialización de investigación
- Traballo de gabinete post-excavación
- Divulgación: outras accións e materiais

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Universidad de Salamanca desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>Desprazamentos</i>	2.036,50
<i>Publicidade e propaganda</i>	9.097,70
<i>Compras de bens destinados á actividade</i>	786,50
<i>Servizos de profesionais independentes</i>	9.014,50
<i>Outros tributos - Costes indirectos da USAL</i>	6.300,00
<i>Soldos e salarios</i>	18.717,00
<i>Seguridade social a cargo da entidade</i>	6.551,80

**Total gastos: 52.504,00 €**

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **41.999,00 €**, o que representa unha porcentaxe do 79,99 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 79,99 % da cantidade efectivamente xustificada.



2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidad de Salamanca obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidad de Salamanca.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad de Salamanca, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Universidad de Salamanca deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidad de Salamanca.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad de Salamanca unha vez que se presente de xeito **telemático** ( a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Universidad de Salamanca, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na

cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad de Salamanca deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Universidad de Salamanca para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad de Salamanca da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad de Salamanca na documentación aportada.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Universidad de Salamanca deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Universidad de Salamanca destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidad de Salamanca deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad de Salamanca poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad de Salamanca queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad de Salamanca serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad de Salamanca será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2023, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Universidad de Salamanca, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente

convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para cofinanciar os "Cursos na sede da Coruña no ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**1.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **45.000,00 €** á Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF Q2818022B) para cofinanciar os *Cursos na sede da Coruña no ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 60.500,00 €, de acordo co texto que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 10 de novembro de 2022.

**3.-** Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

**4.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2023 autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os Cursos na sede da Coruña no ano 2022.**

Na Coruña, a

## REUNIDOS

Don/a ....., en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don Carlos Andradas Heranz, en nome e representación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (entidade con NIF Q2818022B e domicilio social en rúa Isaac Peral, 23, 28040 Madrid) na súa calidade de Reitor Magnífico, que actúa facultado polo seu nomeamento realizado por Real Decreto 872/2021 de 5 de outubro (BOE de 6 de outubro) e facendo uso das atribucións que ten conferidas no artigo 12 do Estatuto da Universidade, aprobado por Real Decreto 331/2002, do 5 de abril (BOE do 12 de abril).

## EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación suscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no EMC 3/2022 unha subvención nominativa para o financiamento dos Cursos na sede da Coruña no ano 2022.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as partes, a Deputación provincial da Coruña e a Universidad Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de cooperación de acordo con as seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases do outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a favor da Universidad Internacional Menéndez Pelayo (NIF: Q2818022B), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento parcial dos Cursos na sede da Coruña no ano 2022, de acordo co seguinte programa:

#### **A nova lei de residuos e chans contaminados: o papel do dereito na transición cara a unha economía circular**

Director: J. José Pernas García. Profesor de Dereito administrativo. UDC.

A Coruña, 9 e 10 de xuño

Curso presencial e streaming

#### **Blockchain: unha oportunidade para a innovación en ciencias sociais, arte e humanidades**

Directores: José Ignacio Peláez Sánchez. Catedrático en Computación da Universidade de Málaga. Gustavo

Fabián Vaccaro Witt. Doutor en Medicina Clínica e Saúde Pública pola Universidade de Granada

Do 18 ao 20 de xullo

Curso online

**Poetas e profetas: William Blake en Seoane e a cultura galega**

Directora: Cecilia Marchetto

6 e 7 de outubro

Online

**Os camiños Xacobeos e Irlanda**

Director: David Clark. Director do Instituto de estudos Irlandeses Amergin

A Coruña

13 e 14 de outubro

Curso presencial

**Optimización metodolóxica no ensino da Danza Clásica II**

Directora: Paula de Castro. Catedrática de Danza Clásica no CSDMA.

A Coruña, 12 e 13 de novembro

Curso presencial e streaming

**Mulleres e letras na Era Moderna**

Directora: Carme Font. Universidade Autónoma de Barcelona

Data: 24-25 novembro

Modalidade: Online

**Conferencias cinema: encontros directores**

Director: Manuel Logar. Cineasta

A Coruña, Outubro-Decembro

Curso presencial

**Ciclo de conferencias**

A Coruña, Outubro-Decembro

Curso presencial

**II.- Orzamento da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.**

As actividades realizaranse de acordo con o seguinte orzamento:

**Gastos directos**

Honorarios profesores	21.200.-
Viaxes, aloxamento e manutención de profesores	17.000.-
Aluguer de espazos para a celebración dos cursos	1.700.-
Medios técnicos (gravación e/ou tradución simultánea)	5.700.-
Publicidade, difusión e seguridade	5.500.-
Reprografía e material	2.100.-
<b>Total gastos directos</b>	<b>53.200.-</b>

**Gastos indirectos**

Limpeza / desinfección locais / xel hidroalcohólico	1.600.-
Gastos de persoal	5.700.-
<b>Total gastos indirectos</b>	<b>7.300.-</b>

**Total gastos 60.500 €**

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como defínese na cláusula primeira, cunha achega máxima de **45.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 74,38 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non conseguise o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,38 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, si a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3269/42111, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidad Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidad Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

2.- Si o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por



medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento deste deber da Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), cando se trate de actividades xa rematadas, a Deputación poderá establecer medidas alternativas, sempre que éstas permitan dar a difusión da financiación pública recibida co mesmo alcance das inicialmente acordadas.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Universidad Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente de maneira telemática (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Os gastos referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

\* Certificación da aprobación da relación de gastos e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* Declaración de si a entidade está ou non exenta de IVE.

\* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* Acreditación do cumprimento das obrigacións asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar finalizadas o 31 de decembro de 2022.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións

(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidad Internacional Menéndez Pelayo para que o presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidad Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidad Internacional Menéndez Pelayo.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social.**

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento dos deberes tributarios coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento dos deberes tributarios coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Universidad Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cartón de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas os demais deberes formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2.- Simultaneamente, de acordo con o previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidad Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos intereses de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidad Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista neste precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, a concesión da subvención á Universidad Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web [dacoruna.gal](http://dacoruna.gal).

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá

efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas desde o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023 autorice o correspondiente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Universidad Internacional Menéndez Pelayo, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeneral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o "sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración.**

#### INTERVENCÍONS

Sr. García Seoane

Eu na Comisión Informativa votara que non a este tema e sigo coa mesma forma de ver o asunto. Comentárao durante os anos que levo aquí na Deputación, que hai que buscar unha solución a este tema porque centros sociais témolos todos os concellos, ou a maior parte dos concellos de Galicia e, polo tanto, eu en concreto teño 13 casas do pobo e teño monitores contratados a montóns e ten que cargar con todo o Concello de Oleiros. E o que non ten sentido, xa sei que me van dicir que os locais son da Deputación, pero ese foi un tema que fixo no seu día un vicepresidente da Deputación,

neste caso Dositeo, que o levou adiante porque el era de Santiago e fixéronse cargo nese momento do mantemento destes centros. Pero eu creo que hai que ir buscando unha solución futura porque se leva falando moito tempo e dicindo que si que se vai cambiar, pero non se cambia. Por tanto, é unha inxustiza que os demais concellos, xa non falo de Oleiros, hai concellos que non teñen recursos para manter os centros e estanos pagando eles mentres neste caso Santiago vese favorecido pola Deputación.

Voume abster neste caso.

#### Sr. Couto Rodríguez

O centro foi concebido e deseñado pola Deputación Provincial e cedido o seu uso ao Concello de Santiago, constando como condición da devandita cesión unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do referido centro, polo que esta especial configuración xustifica a subvención nominativa polo que non é o mesmo suposto para absterse neste momento no Pleno.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Bo día, unha pequena aclaración: como ben dicía o voceiro de Alternativa dos Veciños, estes foron centros que se crearon na época baixo a vicepresidencia de Dositeo Rodríguez, centros creados pola propia Deputación para que puidesen ser utilizados polas distintas veciñanzas. Moitos deles, os do rural, como sabemos, son propiedade da Deputación, e hai outros no ensanche que é propiedade de ABANCA e sabemos ademais, sabedes, que había un convenio Deputación/ABANCA, Concello/ABANCA, que se modificou para que a Deputación non tivese esa relación con esa entidade bancaria, non por nada, senón porque entendiamos que era mellor facelo a través, vehiculizalo a través dun convenio co propio Concello de Santiago.

Polo tanto, se son os do rural propiedade da Deputación, o normal é que a Deputación colabore, tendo en conta que foi unha decisión desta Deputación a súa construción e non foi unha petición do Concello de Santiago no seu día e, polo tanto, como digo, é lóxico que colabore.

En todo caso, xa anuncio que se vai crear un grupo de traballo entre a Deputación e o Concello de Santiago para buscar algún tipo de alternativa que poida garantir a celebración e a organización desas actividades culturais con algún tipo de colaboración por parte da Deputación, pero que sexa a través dun instrumento distinto a este que hoxe nos ocupa.

Nada máis, moitas grazas.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG E 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

#### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a atención de Alternativa dos Veciños, acorda:

**"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de 130.000 €, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o *sostemento do Centro***

*Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 208.760,25 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 de novembro de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito ao Orzamento de 2023.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento o do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2022.**

Na Coruña, a

### REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Santiago de Compostela.

### EXPOÑEN

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscripción dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuito de 1.268,50 m<sup>2</sup> na pranta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordos da Asamblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, de datas 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi suscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2.- Con data 19 de abril de 2005 o Alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de

Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas neste Centro.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, co NIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela beneficiaria para o financiamento parcial do **sostemento o doCentro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2022**, que se indica deseguido:

O Centro presta os seguintes servizos: punto de recepción e información, aula de novas tecnoloxías, espazo de lectura e encontro, zona wifi, rexistro auxiliar, Unidade básica de Servizos Sociais, Departamento de Xuventude, Unidade Técnica da Rede de Centros Socioculturais, Biblioteca infantil e xuvenil A Fundación e zona expositiva.

No Centro desenvólvense as seguintes actividades:

#### 1.- Cursos formativos:

- Anuais: club de lectura, club de xadrez, club de teatro infantil e de adultos.
- Trimestrais: cidadanía dixital, programando e xogando nenos/as, reforzo dixital, adultos/sénior, youtuberios para mozos, monográficos de informática.
- Monográficos de novas tecnoloxías.
- Obradoiros de novas tecnoloxías.

2.- Actividades complementarias e de apoio aos contidos e obxectivos doutras actividades organizadas no Centro.

3.- Actividades puntuais: reunións, rutas, visitas, circuitos saudables.

4.- Actividades sociais ou de relación coa veciñanza: venres en familia e colaboración nas festas e actividades do barrio.

5.- Actividades da rede de centros.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

*Persoal (2 animadores socioculturais, 1 aux. Administrativo e 3 uxieres)*

Soldos e salarios	155.618,41 € .
Seguridade social a cargo da entidade	53.141,84 € .

*Total gastos* **208.760,25 €**

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **130.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **62,27 %**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 62,27 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á



contratación, o Concello de Santiago de Compostela deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio**

**de 2023.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais

obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**8.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o "sostemento dos Centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2022" e do correspondente convenio de colaboración.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 28 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG E 1 de Marea Atlántica).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

## ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Marea Atlántica e a atención de Alternativa dos Veciños, acorda:

**"1.-** Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **90.000 €**, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o *sostemento dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 158.141,31 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

**2.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 de novembro de 2022.

**3.-** Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

**4.-** Subordinar o presente acordo á incorporación do crédito ao Orzamento de 2023.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *sostemento dos centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2022*.**

Na Coruña, a

## **REUNIDOS**

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Santiago de Compostela.

## **EXPOÑEN**

1.- Que no ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de Apoio Veciñal, no que se incluía o “Programa de construción ou adquisición de equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes”.

Neste Programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do concello de Santiago: AVV “Nosa Señora de Belén”, de Santa Cristina de Fecha, AVV “A Unión de Santa María de Vilvestro”, AVV de A Rocha “Serafín Zas” e AVV “Ruta Xacobeas”.

2.- Que con data do 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitou á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do Concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible

unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Que atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento dos centros durante catro anos. Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas nestes centros.

4.- Que co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións para promover a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, co NIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela beneficiaria para o financiamento parcial do **sostemento dos centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2022**, que se indica deseguido:

As actividades desenvolvidas nos centros van dirixidas a un público tanto de adultos como infantil, facendo un especial fincapé na poboación senior dado o envellecemento da poboación do rural.

As accións incluídas neste programa son:

- \* Programa de actividades infantís – Xogos, obradoiros creativos.
- \* Programa de animación e dinamización dixital, adultos e senior – Obradoiros dixitais.
- \* Programas estacionais 2022:

- 1.- Descarbonízate que non é pouco!
- 2.- Vive o Entroido 2022
- 3.- Imos de excursión 2022
- 4.- Conmemoracións e semanas temáticas/Letras galegas 2022, Día do Xogo
- 5.- Vive o verán 2022
- 6.- Actividades de Nadal

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas,

segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>Servizos de profesionais independentes</i>	158.141,31
<b>Total gastos</b>	<b>158.141,31 €</b>

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **90.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **56,91 %**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 56,91 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrico cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación da execución.-**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Santiago de Compostela deberá solicitar alomenos tres

orxamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

#### **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2023**.



**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**9.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) para cofinanciar o "Equipamento para a actualización de recursos técnicos para a realización de programas de formación e empregabilidade" e do correspondente convenio de colaboración.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **7.956,26 €**, ás Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) para financiar o *Equipamento para a actualización de recursos técnicos para a realización de programas de formación e empregabilidade*, cun orzamento subvencionado de 9.945,33 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior e a proposta da Deputada delegada de Igualdade, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 16 de novembro de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e as Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Equipamento para a actualización de recursos técnicos para a realización de programas de formación e empregabilidade*.**

Na Coruña a

### **REUNIDOS**

Don/a ....., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ....., en representación da Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol)

### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación de Coruña e das Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol), ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes cláusulas

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol das **Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol)**, NIF: R1500092J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Equipamento para a actualización de recursos técnicos para a realización de programas de formación e empregabilidade**.

## II.- Orzamento de gastos da adquisición.

As Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) realizarán o investimento obxecto do convenio, consonte ao seguinte orzamento desagregado:

CONCEPTO	IMPORTE
2 Estor enrollable screen	408,00
2 Smart Board MX275-V3	5.466,78
1 SMART Board MX265-V3	1.801,69
1 Escaner	307,00
1 Proxector	399,00
3 Móviles	263,01
1 Cámara de vídeo	356,85
Instalación de 3 pizarras interactivas dixitais	150,00
Instalación de 2 stores	95,00
Campá extractora	619,00
Instalación campá extractora	79,00
<b>TOTAL(I.V.E. incluído)</b>	<b>9.945,33 €</b>

## III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento do investimento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **7.956,26 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento do investimento, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que as Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) obteñan para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación e execución.**

1.- Na súa condición de adquirente, corresponderalle ás Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) o outorgamento dos correspondentes contratos. Non se poderá contratar con persoas o entidades vinculadas ás Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol), nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2.- Se o importe do investimento é superior a 15.000 €, con carácter previo á contratación, as Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) deberán solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1. Nos acordos que se tomen para realización dos investimentos farase constar o importe do financiamento provincial.

2. As Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) deberán colocar un cartel no Taboleiro de anuncios do centro de día Oblatas "O Mencer" ou en calquera lugar visible no que figure o logotipo da Deputación da Coruña e no que se se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades das Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol), ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

4.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga das Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol).

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada ás Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

\* **Certificación** do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamento, expedida polo órgano competente.

\* **Copia dos contratos** formalizados, actas de recepción e das facturas.

\* **Certificación** do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens das Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida alomenos por un prazo de cinco anos.

\* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal das Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos investimentos realizados, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. Termo para a adquisición e prazo de xustificación.**

1.- Os investimentos que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 maio de 2023.

2.- Unha vez rematado o investimento, as Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 agosto de 2023.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ás Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional

non eximirá ás Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polas Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) na documentación aportada.

#### **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- As Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) deberán acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopan ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderán autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- As Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) destinarán os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, as Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) deberán contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) poderán ser escolleitas pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento do investimento e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, as Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) quedan sometidas aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos



procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización do investimento ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

#### **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación das Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ás Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

#### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que os investimentos contemplados nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude das Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Casa de Ferrol), realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

#### **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar duplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**10.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Asociación Cultural para cofinanciar a "Feira das industrias culturais de Galicia (CULTURGAL 2022)" e do correspondente convenio de colaboración.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **18.000,00 €**, á Asociación Cultural concedida para cofinanciar a *Feira das industrias culturais de Galicia (Cultural 2022)*, cun orzamento subvencionado de 145.568,42 €, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta do Deputado de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 2 de decembro de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural para financiar a *Feira das industrias culturais de Galicia (Cultural 2022)*”**

Na Coruña, a

### REUNIDOS

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. \_\_\_\_\_, en nome e representación da Asociación Cultural

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

### MANIFESTAN

1.- A Asociación Cultural é unha entidade sen ánimo de lucro que foi constituída no ano 2010 para dar continuidade e estabilidade a Feira que, co mesmo nome, arrancara de maneira exitosa en 2007. Forman parte de Cultural as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editores (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).

2.- De conformidade cos seus estatutos son fins da entidade, entre outros, a organización da Feira Cultural, espazo onde as industrias culturais galegas poden presentar, amosar, promocionar e vender os seus produtos. Trátase de darlle visibilidade á oferta cultural do país, nas súas diferentes versións, soportes ou sectores, ser un lugar de encontro das industrias culturais que favoreza e promova a cooperación e o apoio mutuo entre os seus

membros.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, é competencia propia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Culturgal coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Asociación Culturgal, con CIF: G70259924, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2022)**.

### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Asociación Culturgal desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Seguro de responsabilidade civil	719,36
Deseño, impresión e publicidade	11.942,91
Hoteis e comida equipo	4.186,09
Soldos , salarios e S. Social do persoal de entrada, rexiduréas, taquilla	8.780,87
Servizos seguridade, dirección, administración, comunicación, secretaría técnica. Producción	46.260,00
Aluguer stands, moqueta, pantallas, iluminación, layer	58.452,75
Actividades profesionais, cachets, programación	14.874,97
Transportes folletos carteis	351,47

**Total gastos: 145.568,42 €**

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 12,37%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 12,37% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Cultural obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- Contratación da execución.**

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Cultural

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Cultural, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Cultural

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación Cultural unha vez que se presente de xeito **telemático** ( a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Cultural, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na

cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Culturgal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Asociación Culturgal para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Culturgal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Culturgal na documentación aportada.

## **VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

1.- A Asociación Culturgal deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- A Asociación Culturalgural destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Culturalgural deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Culturalgural poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Culturalgural queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

**3.-** Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2023, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Previa solicitude da Asociación Cultural, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que



xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**11.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Ferrol para Mantemento xeral da casa de acollida, anualidades 2023-2026, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM) e do seu correspondente convenio.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa ao Concello de Ferrol, para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida, anualidades 2023-2026, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación de A Coruña (PRAM)*, cunha achega da Deputación por importe máximo anual de **100.891,64 €**, que representa unha porcentaxe do 25,24 % do total do gasto previsto que é de 399.719,64 €.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Aprobar o carácter plurianual da subvención condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes exercicios.

5.- Subordinar o presente acordo á aprobación definitiva e entrada en vigor do Orzamento para o ano 2023.

**Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o *Mantemento xeral da casa de acollida, anualidades 2023-2026*, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM).**

Na Coruña, o \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ na sede da Deputación Provincial da Coruña

### **REUNIDOS**

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. \_\_\_\_\_ en nome e representación do Concello de Ferrol.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

### **MANIFESTAN**

Que a Deputación Provincial da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo. polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, no art. 62º establece que “Os concellos poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente” e no art. 63º que “As deputacións provinciais, de conformidade co establecido na normativa de réxime local, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais...”. Estes servizos sociais comunitarios regúlanse nos art. 9º e seguintes da devandita lei.

Que o Concello de Ferrol no ámbito das súas competencias, ten unha *casa de acollida* para mulleres en situación de violencia de xénero, regulada baixo a Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, que no seu conxunto configuran a Rede Galega de Acollemento, como recursos especializados residenciais e temporais que ofrecen acollida, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás

e aos menores ao seu cargo que requiren dun espazo de atención e protección debido a situación de indefensión ou risco debido a situación de violencia de xénero.

A *casa de acollida* do Concello de Ferrol forma parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, segundo o Título III, artigo 48 da Lei 11/2007, onde recóllese a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero no que fai referencia a Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero. No art. 48.1 establece que “Os centros de acollida son recursos especializados residenciais e temporais que lles ofrecen acollemento, atención e recuperación ás mulleres que sofren violencia de xénero e ás e aos menores ao seu cargo que requiren un espazo de protección debido á situación de indefensión ou risco causada pola violencia de xénero”.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e do Concello de Ferrol ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol, P1503700E, para financiar o ***Mantemento xeral da casa de acollida, anualidades 2023-2026, de acordo ao Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero na Xunta de Galicia e ao Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña (PRAM)*** por consideralos recursos especializados de carácter supracomarcal e que dan servizo aos concellos da provincia.

### II.- Condicións xerais.

#### 1.- Descrición dos recursos da rede.

A *casa de acollida* é un recurso destinado a dar aloxamento de forma temporal e con carácter de urxencia ás mulleres e persoas que delas dependan, que sufran unha problemática de violencia de xénero.

O tempo de permanencia neste centro non será superior a tres meses, podendo establecerse una prórroga por un período igual en circunstancias excepcionais.

Este recurso forma parte da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, regulada pola Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos, e pola Lei 11/2007, onde se recolle a organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero.

#### 2.- Perfil e requisitos das persoas usuarias.

Mulleres e persoas que dela dependa, que acrediten ser vítimas de violencia de xénero, nos termos establecidos no artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

#### 3.- Compromisos do Concello de Ferrol.

3.1.- Manter o recurso en funcionamento, valorar a idoneidade das usuarias do recurso e garantir a atención e recuperación ás mulleres en situación de violencia de xénero e ás persoas que dela dependan.

3.2.- Manter adscrito á *casa de acollida* ao seguinte persoal:

- 1 directora
- 1 Gobernanta
- 5 auxiliares coidadoras
- 1 xefa sección igualdade: 10%
- 1 xefa de negociado igualdade: 10%
- 1 oficial administrativa: 10%
- 1 psicóloga: 10%
- 1 asesora xurídica: 10%

3.3.- Garantir os postos de traballo creado ao abeiro deste convenio:

- 1 traballadora social
- 1 auxiliar coidadora

3.4.- Valorar as condicións de ingreso en cada centro, tanto de acceso como de permanencia, ou a necesidade de prórroga de acordo cos seus regulamentos internos e a normativa da Xunta ou lexislación vixente.

3.5.- Cumprir as normas e requisitos que se establecen segundo o tipo de recurso, garantir o cumprimento dos regulamentos de réxime interno, seguir as directrices marcadas pola Xunta así como dispor das autorizacións ou permisos pertinentes.

3.6.- Cumprir co procedemento de actuación, na forma e nos prazos, para a tramitación das prazas segundo as directrices no marco do Protocolo de acceso á Rede Galega de Acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero da Xunta de Galicia e co establecido no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña.

3.7.- Informar á Deputación Provincial da Coruña, sobre calquera modificación do Regulamento de réxime interno da *casa de acollida*.

3.8.- Comunicar á Deputación Provincial da Coruña calquera tipo de cambio no recurso: ampliación ou redución de equipamentos ou das prazas, peche por obras, outras reformas etc.

3.9.- Remitir á Deputación Provincial da Coruña en prazo e forma, a solicitude de prórroga do convenio, a memoria anual do recurso, a solicitude de novo convenio, e/ou informes de seguimento, de ser o caso, que se recollan no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero da Deputación Provincial da Coruña ou sexan solicitadas.

3.10.- Designar a unha persoa responsable do servizo ou sección da que dependa o recurso e a unha persoa responsable ou directora do recurso para formar parte dunha comisión de seguimento. Esta comisión reunirse anualmente.

3.11.- Asistir ás reunións convocados pola Deputación Provincial da Coruña.

3.12.- Publicitar no centro de acollida a colaboración da Deputación Provincial da Coruña, o financiamento do recurso a través dunha comunicación escrita colgada no taboleiro ou

lugar visible que inclúa os logos da Deputación Provincial da Coruña e de Igualdade.

Así mesmo, estes logos incluíranse nas memorias xustificativas ou en calquera material que se edite.

#### 4.- Obrigas da Deputación Provincial da Coruña.

4.1.- Colaborar no financiamento dos gastos de mantemento da *casa de acollida* (gastos de persoal e gastos correntes) do Concello de Ferrol.

4.2.- Cooperar na coordinación das dúas entidades que interveñen no convenio a nivel administrativo e técnico.

4.3.- Realizar, de acordo co PRAM, o seguimento e coordinación correspondentes coa dirección do recurso e cos servizos do Concello de Ferrol, promovendo o desenvolvemento do proxecto de traballo individual de cada muller acollida.

4.4.- Constituír unha comisión de seguimento para a que designará unha persoa responsable do convenio, e convocará as reunións anualmente con alomenos unha semana de antelación.

4.5.- Convocar calquera outra reunión ou solicitar informes técnicos, en caso de considerarse oportuno.

4.6.- Avaliar os resultados e elaborar un informe anual de resultados e outro cuatrianual.

4.7.- Proporcionar formación anual para o persoal dos recursos, en función das necesidades detectadas sobre intervención en materia de violencia de xénero e xestión emocional.

### **III.- Orzamento de gastos.**

O orzamento de gastos de mantemento anual da *casa de acollida* do Concello de Ferrol é o seguinte:

<b>CONCEPTOS DE GASTO</b>			<b>IMPORTE</b>
<b>Gastos de persoal. Nóminas e seguridade social</b>			443.636,61
<b>Posto</b>	<b>Nóminas</b>	<b>Seguridade Social</b>	
<b>Persoal propio da casa da acollida</b>			
1 Directora Casa de	42.277,12	13.190,46	
1 Gobernanta	23.826,36	7.469,52	
1 Auxiliar coidadora	21.584,92	6.768,48	
1 Auxiliar coidadora	29.025,53	7.459,56	
1 Auxiliar coidadora	31.476,63	9.820,71	
1 Auxiliar coidadora	31.138,74	9.715,29	
1 Auxiliar coidadora	23.804,11	7.426,88	

CONCEPTOS DE GASTO				IMPORTE
<b>Persoal propio da casa da acollida con cargo ao convenio</b>				
	1 Traballadora social	31.454,05	9.813,66	
	1 Auxiliar coidadora	22.021,74	6.870,78	
<b>Persoal propio da casa da acollida con cargo ao convenio da</b>				
	1 Educadora social	33.878,10	10.569,97	
	1 Auxiliar coidadora	25.920,26	8.087,12	
<b>Persoal departamento de igualdade: impútase á casa de acollida o 10% dos custos salariais</b>				
	1 Xefa de Sección	7.457,79	1.927,84	
	1 Xefa de Negociado	4.130,42	1.061,52	
	1 Oficial admva.	2.769,02	711,64	
	1 Psicóloga	4.436,19	1.384,09	
	1 Asesora xurídica	4.693,68	1.464,43	
<b>Outros gastos diversos:</b> produtos alimenticios, farmacéuticos, lencería, ferretería, axudas ao transporte (Taxi, tren, autobús), axudas económicas, etc.				15.000,00
<b>Gastos de reparación, mantemento e conservación do edificio</b>				8.000,00
<b>Electricidade</b>				3.063,58
<b>Gas</b>				4.552,08
<b>Limpeza</b>				1.079,99
<b>Mantemento caldeiras</b>				2.112,48
<b>Mantemento electricidade</b>				730,35
<b>Total</b>				<b>478.175,09</b>
<b>*TOTAL</b>	<b>EXCLUÍDO</b>	<b>PERSONAL</b>	<b>FINANCIADO</b>	<b>POLA</b>
<b>MANCOMUNIDADE</b>				<b>399.719,64</b>

#### IV.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1. A Deputación Provincial da Coruña financiará os gastos de mantemento da *casa de acollida* incluídos no orzamento que figura na cláusula terceira, agás os de persoal financiado pola Mancomunidade, cunha achega máxima anual de **100.891,64 €**, o que representa unha porcentaxe de 25,24 %.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 25,24 %, da cantidade efectivamente xustificada.

Esta porcentaxe de financiamento ten carácter máximo, polo que no caso de que nas anualidades seguintes baixara o importe dos gastos financiados, baixaría a aportación da

Deputación.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando o Concello de Ferrol que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

2. Agora ben, aínda que se xustifique gasto suficiente, no caso de que non se mantivese o persoal sinalado nos apartados 3.2 e 3.3 da cláusula II, reducirase proporcionalmente a aportación de Deputación Provincial da Coruña, en base ao orzamento achegado polo Concello.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23122/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A achega da Deputación Provincial da Coruña é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **V.- Contratación e execución.**

1. Corresponderalle ao Concello de Ferrol o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia necesarios para o mantemento da *casa de acollida*.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Ferrol axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **VI.- Publicidade do financiamento provincial.**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

#### **VII.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega anual da Deputación Provincial da Coruña seralle abonada ao Concello de Ferrol unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\***Certificación** do Concello de que o recurso está en funcionamento.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) establecida na cláusula segunda, apartado 3.12.

\* **Memoria xustificativa** de actuación, subscribida polo representante legal do Concello de Ferrol, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, segundo consta no Programa de apoio á rede de acollemento para mulleres en situación de violencia de xénero ( PRAM).

\* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ao ano a xustificar.

\* **Certificación** na que o Concello de Ferrol acredite que ten as autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula novena.

### **VIII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1. A través do presente convenio fináncianse os gastos de mantemento da *casa de acollida* entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2026, distribuídos en catro anualidades:

Primeira anualidade: do 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023

Segunda anualidade: do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2024

Terceira anualidade: do 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2025

Cuarta anualidade: do 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026

2. Unha vez rematada cada unha das anualidades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sétima, **antes do 31 de marzo** da anualidade seguinte á dos gastos financiados.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince** días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na



ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ferrol.

#### **IX.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social e a súa acreditación.**

1. O Concello de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

#### **X.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1. O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención

#### **XI.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XII.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

### **XIII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da achega concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a achega ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIV.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1. O presente convenio de colaboración abranguerá os gastos devengados desde o día 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada unha das anualidades sinaladas na cláusula VIII, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio de 2027**, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2. Previa solicitude do Concello de Ferrol, realizada antes do **30 de xuño de 2026** o convenio poderá ser prorrogado por mutuo acordo expreso de ambas as dúas partes, por outros catro anos máis, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.

En todo caso, o acordo de prórroga deberá ser adoptado antes do 31 de decembro de 2026.

Coa solicitude de prórroga o Concello de Ferrol presentará o orzamento actualizado.

A prórroga poderá dar lugar a modificacións, tanto da cantidade da achega provincial como da porcentaxe de financiamento, así como do procedemento e protocolo de actuación de ser o caso.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4. Tanto a solicitude de prórroga, como a de modificación requirirán os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación Provincial da Coruña.

#### **XV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

#### **12.- Aprobación do convenio entre a Deputación e a Asociación Ourives de Compostela para financiar "A Excelencia no Camiño. Oito Séculos de Prata e Acibeches en Compostela"**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu

regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Segundo o establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da devandita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, **razóns de interese público** para o outorgamento da subvención, sen que proceda promover a concorrència pública ao ser a Asociación Ourives de Compostela a única entidade organizadora e, polo tanto, que pode desenvolver a actuación subvencionada polo que se aprecian no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrència competitiva:

- A actividade proposta pola Asociación Ourives de Compostela enmarcase na promoción económica, e segundo consta na motivación das razóns expostas polo Asociación xustifican a concesión da citada subvención dada a relevancia tan importante na promoción do rico patrimonio histórico que atesora a Asociación Ourives de Compostela.
- A implicación do comercio e a industrial local e comarcal e a masiva asistencia de visitantes ten convertido esta mostra nun dos principais impulsores económicos do Camiño de Santiago.
- Segundo a memoria presentada pola entidade a natureza do evento consiste en converter este lugar nun referente do mantemento das actividades culturais como son:
  - Poñer en valor a artesanía dos prateiros e acibecheiros de Compostela.
  - Incrementar o atractivo turístico da cidade de Santiago de Compostela, da provincia e de Galicia .
  - Xerar postos de traballo e actividade económica, polo incremento da demanda do produto feito en Santiago de Compostela.
  - Incentivar a captación de novos artesáns, que busquen afincarse en Santiago de Compostela como lugar de traballo expresión artística, e a captación de alumnos/estudantes que opten polos estudos reglados na materia que se están pontenciando na Escola de Artes e Oficios, e que ata o de agora se matriculan noutras cidades.
  - O proxecto de musealización da ourivería de Santiago de Compostela, non aspira a ser unicamente unha sala de exposicións, senón un centro de divulgación do noso saber facer e de transmisión e divulgación do mesmo.
  - A exposición contará con actividades permanentes de reforzo da atención dos visitantes (turistas, escolares e visitantes en xeral), mediante as reproducións de materiais audiovisuais de confección para o evento mostrará a historia dos oficios, a súa forma de traballo e o seu potencial futuro.
  - Outro reclamo da exposición é o do traballo en vivo de prateiros e acibecheiros, nas propias salas de exposición, para que o visitante poida apreciar o traballo e o resultado do mesmo.
  - Organizaranse visitas guiadas, e a exposición podería servir tamén como

punto de partida dunha ruta turística pola cidade, orientada pola pratería e acibechería como fío condutor

Este proxecto expositivo presenta grandes facilidades de itinerancia, que facilitan o aproveitamento do traballo para a promoción turística de Santiago, da provincia, do Camiño e de Galicia no seu conxunto.

- Por outra banda o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Ourives de Compostela con CIF G15222268 para financiar o proxecto “A Excelencia no Camiño. Oito Séculos de Prata e Acibeches en Compostela” cunha achega provincial de 50.000,00 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/4314/481, que representa un coeficiente de financiación do 29,4125 % con respecto a un orzamento de 169.995,75 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA  
En A Coruña a

### **REUNIDOS**

Dunha parte, o representante da Deputación

E doutra parte, o representante do Asociación Ourives de Compostela

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA, ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA, **CIF G15222268**, para o financiamento das actividades “*A Excelencia no Camiño. Oito Séculos de Prata e Acibeches en Compostela*”.

#### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR**

O ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades

programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>IVE (21%)</b>
<b>1. COMISARIADO E DESEÑO:</b>		
- Comisariado		
- Proxecto técnico de deseño do espazo expositivo, incluíndo distribución e ubicación das pezas, itinerario de circulación de visitantes		
- Deseño de paneis, vitrinas, soportes ou outro material complementario que se requira		
- Delineación de planos para a súa consstrucción e montaxe		
	<b>5.000,00</b>	<b>Sen IVE</b>
- Definición de materiais		
- Proposta de iluminación		
- Deseño de gráfica da exposición		
- Dirección técnica da montaxe		
	<b>7.000,00</b>	<b>Con IVE</b>
- Coordinación equipo, prestadores e produción	<b>6.500,00</b>	<b>Con IVE</b>
- Recepción de obra por restaurador, e informe técnico da montaxe	<b>1.000,00</b>	<b>Con IVE</b>
<b>2. TRANSPORTE:</b>		
Embalaxe consonte normativa de museos, traslado de concentración e dispersión de 120 obras a expoñer. Transporte material exhibición ourives.	<b>27.000,00</b>	<b>Con IVE</b>
<b>3. SEGUROS</b>		
Póliza de seguros con cobertura clavo a clavo	<b>7.000,00</b>	<b>Sen IVE</b>
<b>4. SEGURIDADE</b>		
Sistema de seguridade		
<b>Vixiancia Presencial</b>	<b>24.000,00</b>	<b>Con IVE</b>
- Servizo de 1 vixilante sen arma para a custodia da exposición, de luns a domingo, 24 horas, un total de 80 días		
<b>5. CARPINTERÍA E INFRAESTRUCTURAS</b>		
- Fabricación e suministro de vitrinas en madeira, con cerramento de vidro de seguridade laminado.	<b>41.000,00</b>	<b>Con IVE</b>
- Instalación elementos de iluminación		
<b>6. GRÁFICA</b>		
- Paneis gráficos impresos en vinilo para información de salas, reproducións fotográficas, cartelas de pezas e sinalética. Incluída maquetación e fotocomposición. Deseño e impresións. Rotulación exhibicións. Cartelería das salas. Lona exterior	<b>7.000,00</b>	<b>Con IVE</b>
<b>7.MONTAXE/DESMONTAXE</b>		
- Montaxe e desmontaxe de todos os elementos e infraestructuras, movemento interno para a súa reubicación e montaxe de pezas na súa definitiva posición por persoal especializado. Incluído transportes, cargas, descargas e xestión de residuos	<b>5.375,00</b>	<b>Con IVE</b>
<b>8. AUDIOISUAL</b>	<b>6.700,00</b>	<b>Con IVE</b>

<b>9. CATÁLOGO</b>		
- Textos, maquetación, diseño e impresión	<b>5000,00</b>	<b>Con IVE</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>130.575,00</b>	
<b>IVA 21%</b>	<b>27.420,75</b>	
<b>SEN IVE</b>	<b>12.000,00</b>	
<b>TOTAL</b>	<b>169.995,75</b>	

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000,00 €** o que representa unha porcentaxe de **29,4125 %**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **29,4125 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4314/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Corresponderalle á ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación a ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación provincial seralle aboada á ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, terán lugar entre os días 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022 e deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA na documentación



achegada.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

- 1 A ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

- 1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP núm. 116 de data luns, 22 de xuño do 2015)

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2022, sen que en ningún caso sexán subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.**

2. A ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2023.**

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN OURIVES DE COMPOSTELA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da  
ASOCIACIÓN OURIVES DE  
COMPOSTELA"

**13.- Ratificación da resolución núm. 2022/50263 de data 30/11/2022 pola que se aproba a prórroga do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia/IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Cluster TIC Galicia, para a elaboración do Plan Director e Constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC e do anexo que instrumenta a formalización da prórroga.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Ratificar a resolución núm. 2022/50263 de data 30/11/2022 pola que se aproba a prórroga do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia/IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Cluster TIC Galicia, para a elaboración do Plan Director e Constitución da Estrutura de Gobernanza da Cidade das TIC. E do anexo que instrumenta a formalización da prórroga.

2. Prorrogar, segundo a proposta formulada pola comisión de seguimento prevista na cláusula undécima, a vixencia do Convenio de colaboración entre o IGAPE, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC ata o 30 de abril de 2023.

3. O texto do anexo é o seguinte;

## ANEXO

### **PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGAPE, A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CLÚSTER TIC GALICIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR E A CONSTITUCIÓN DA ESTRUTURA DE GOBERNANZA DA CIDADE DAS TIC.**

#### **REUNIDOS**

Don Francisco José Conde López, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, na súa calidade de presidente do Instituto Galego de Promoción Económica, en adiante Xunta de Galicia/IGAPE.

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en adiante Deputación.

Don Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, en representación da mesma, en adiante UDC

Dona Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, debidamente facultada para este acto, que actúa en representación da devandita entidade local, en adiante Concello.

E don Antonio Rodríguez del Corral, como presidente do Clúster TIC de Galicia, en adiante Clúster.

#### **MANIFESTAN**

- Que o 1 de decembro de 2021 foi asinado o Convenio de colaboración entre o IGAPE, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC.

- Que a cláusula undécima do referido convenio dispón:

*“Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata a constitución da sociedade xestora da Cidade das TIC, co límite de doce meses.*

*Este convenio poderá ser prorrogado de mutuo acordo expreso de todas as partes, sendo a data límite o 30 de decembro de 2022.*

*Tamén poderá ser prorrogado conforme ás correspondentes addendas nas que se detallen as novas actuacións e orzamentos correspondentes relacionados co obxecto do convenio”.*

- Que para a adecuada execución do convenio, todas as partes aprecian a conveniencia de prorrogar a súa vixencia até o 30 de abril de 2023.

En consecuencia,

#### **ACORDAN**

Prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC até o día 30 de abril de 2023. Esta prórroga non afecta ás actuacións programadas nin ao orzamento previsto.

Polo IGAPE  
Francisco José Conde López

Pola Deputación Provincial da Coruña  
Valentín González Formoso

Pola Universidade da Coruña  
Julio Ernesto Abalde Alonso

Polo Concello da Coruña  
Inés Rey García

Polo Clúster TIC Galicia  
Antonio Rodríguez del Corral "

**14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES)**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o texto **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS**

2.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente en cada unha das anualidades a que vai referida á súa vixencia.

3- O texto íntegro do convenio e o seguinte:

**REUNIDOS**

Pola Xunta de Galicia, Diego Calvo Pouso, vicepresidente segundo e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Deportes, e José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeados polo Decreto 60/2022, de 15 de maio, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia ( DOG núm. 94, do 16 de maio de 2022), no exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial da Coruña, o seu presidente, Valentín González Formoso, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), o seu presidente, Alberto Varela Paz, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1º.b) dos seus estatutos.

Todos os intervenientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida e

## **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.** - Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios .

Así mesmo a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conforme ao disposto no Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, en relación co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento encargado de xestionar as competencias que en materia de protección civil e emerxencias ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, e máis especificamente a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior encadrada na súa estrutura.

Pola súa parte a Consellería do Medio Rural, conforme ao disposto no Decreto 149/2018, de 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, é o departamento encargado de xestionar as competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais, a través da Subdirección Xeral de Prevención pertencente á Dirección Xeral de Defensa do Monte.

**SEGUNDO.-** Á Deputación Provincial da Coruña , como órgano de goberno da provincia, correspóndelles a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos públicos, no territorio da súa competencia e, en particular, participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma coa fin de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal.

Así mesmo, de acordo co previsto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, os órganos de goberno provinciais exercerán as súas competencias en materia de protección civil e xestión de emerxencias de acordo co previsto nesta lei, na lexislación galega de réxime local e na normativa estatal aplicable, correspondendo a estes garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contén con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

**TERCEIRO.-** Entre os fins da FEGAMP, de acordo co establecido no artigo 2 dos seus estatutos, figura a representación e defensa das actividades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza da plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus estatutos.

Que conforme ao disposto no artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, a Xunta de Galicia poderá

establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

**CUARTO.-** Que segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, no seu artigo 1.2 define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá. E coa mesma consideración, a Constitución española, o Estatuto de autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

**QUINTO.-** Por outra parte, os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio forestal público e privado, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Cómpre pois, un enfoque máis global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen, abarquen todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, se prioricen as zonas clasificadas como de alto risco de incendio forestal. En relación con isto, débese lembrar que todos os concellos de Galicia, segundo a Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal, están declarados zonas de alto ou medio risco de incendio, polo que poden ser obxecto de financiamento con FEADER.

**SEXTO.-** As accións en materia de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural. En concreto están previstas nas seguintes normas:

- Regulamento (UE) núm 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm 1083/2006 do Consello.
- Regulamento (UE) núm 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm 1698/2005 do Consello.
- Regulamento (UE) núm 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do

17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da Política Agrícola Común, polo que se derrogan os Regulamentos (CE) núm 352/78, núm 165/94, núm 2799/98, núm 814/2000, núm 1290/2005 e núm 485/2008 do Consello.

- Regulamento delegado (UE) núm 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) núm 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e que introduce disposicións transitorias.
- Regulamento de execución (UE) núm 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).
- Regulamento de execución (UE) núm 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.
- Regulamento (UE) 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de decembro de 2020 polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) nos anos 2021 e 2022, e polo que se modifican os regulamentos (UE) 1305/2013, (UE)1306/2013 e (UE) 1307/2013 no que respecta aos seus recursos e a súa aplicación nos anos 2021 e 2022 e o Regulamento (UE) 1308/2013 no que respecta aos recursos e a distribución de dita axuda nos anos 2021 e 2022.

As accións en materia prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes son accións previstas pola normativa europea de axuda ao desenvolvemento rural a través do FEADER, foron incorporadas na submedida 8.3 do PDR Galicia 2014-2020 aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado seis veces, a última mediante Decisión de Execución da Comisión C (2021) 4527, do 17 de xuño de 2021.

**SÉTIMO.-** Que para dar cumprimento ao manifestado, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña e a FEGAMP acordan apoiar o funcionamento dos grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementarán a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais na provincia da Coruña, de forma que cubrirán zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal. Os GES participarán tamén en labores de prevención de incendios nos concellos da provincia da Coruña.

Ordinariamente os GES desenvolverán as súas funcións no ámbito de actuación adscrito aos mesmos, e soamente con carácter excepcional e debidamente xustificado, realizarán as súas tarefas fóra do ámbito territorial que lles foi asignado.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería do Medio Rural; a Deputación Provincial da Coruña e a FEGAMP asinan este convenio co fin de simplificar e axilizar as tramitacións administrativas necesarias para alcanzar a colaboración pretendida.



Co novo convenio as achegas económicas totais entre as partes asinantes acadan o 52,5% de financiamento por parte dos departamentos da Xunta de Galicia e o 47,5% das entidades locais, desta parte un 40% procede da Deputación Provincial da Coruña e un 7,5% dos concellos.

De acordo co anteriormente exposto, dado que o acordo de colaboración é de común interese para todas as partes e harmoniza os fins dunhas e doutras, asinan o presente convenio que se rexerá polas seguintes

## **CLÁUSULAS:**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto colaborar no desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais como grupos operativos en emerxencias de ámbito supramunicipal, para completar o mapa de emerxencias da provincia da Coruña; a participación dos mesmos en tarefas de prevención de incendios e a colaboración na extinción de incendios forestais.

### **SEGUNDA.- LOCALIZACIÓN**

Os Grupos de Emerxencias Supramunicipais e os Servizos Municipais da provincia da Coruña sitúanse estratéxicamente en 8 localidades que se corresponden con 8 zonas de actuación, que por ter carácter supramunicipal permiten ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a un total do 90-97% da poboación.

Os criterios determinantes da distribución dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais foron:

- A non existencia de Servizo contra incendios e salvamento, xa sexa comarcal ou municipal.
- Poboación atendida, xa que existen zonas de alta concentración de poboación con mala ou nula cobertura actual por parte dos servizos contra incendios e salvamento.
- Distribución uniforme.
- Preferencia daquelas mancomunidades ou consorcios de concellos con prestación mancomunada no campo da protección civil.
- Localizacións en zonas de montaña, con moi mala accesibilidade, onde os dispositivos de Protección Civil teñen tempos de chegada máis alongados.
- Localizacións en zonas con riscos potenciais.
- Situación estratéxica en canto a vías de comunicación, co fin de axilizar o proceso de despregue e intervención nas emerxencias
- A existencia de medios e recursos municipais e estrutura organizativa de emerxencias e con experiencia e recursos humanos con formación en emerxencias.

As sedes dos GES establécense no anexo I de este convenio correspondendo a Comisión de Seguimento a proposta de novas sedes no caso de producirse vacantes

### **TERCEIRA.- COMPOSICIÓN**

Cada GES estará composto por 12 efectivos. En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme ao Anexo I, no que se recolle tamén a súa sede.

Cada GES contará cos medios materiais que se especifican no anexo III.

No tocante á selección, formación e operatividade dos compoñentes destes grupos estarase ao disposto no Anexo VIII.

#### **CUARTA.- FUNCÍONS DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS**

Os GES poderán exercer as seguintes funcións:

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación. No caso de incendios forestais coordinaranse tecnicamente co distrito forestal. No caso de que na súa demarcación exista parque comarcal de bombeiros, a actuación en incendios urbanos realizarase de xeito coordinado con este.
- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal de titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Realizar actuacións de prevención da vespa velutina por seguridade da poboación tales como control e retirada de niños, entre outras actuacións que contribúan a súa prevención.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de cortalumes.
- Intervir en situación de risco e de emerxencia para manter a rede de estradas, e sen ser responsables do seu mantemento, mediante a súa limpeza e retirada de obxectos, especialmente no caso de accidente, utilizando para elo os materiais e medios que se requiran. A responsabilidade derivada das reclamacións patrimoniais que poidan xurdir, será da administración titular da vía na que se produza o sinistro
- Intervir en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca, así como actividades de control fronte a vespa velutina por seguridade das persoas.
- Colaborar e, de ser o caso, intervenir en situacións derivadas de riscos inducidos polo home.
- Colaborar coas autoridades competentes en materia de protección civil en casos de aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados. As actuacións serán obxectivamente analizadas polo concello sede.
- Colaborar e prestar apoio en calquera situación que implique riscos para persoas, bens ou medio ambiente.
- Colaborar nas funcións correspondentes dos grupos de acción establecidos nos plans de emerxencia municipal (PEMUS), plans de actuación municipal (PAM), e nos diferentes plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, previstos na normativa legal vixente.
- Realizar actividades e, se é o caso, establecer medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de riscos indicadas nos apartados anteriores.

- Retirada de animais feridos, mortos ou abandonados, que ocasionen un risco para a salubridade ou risco pola perigosidade debido á tipoloxía, raza, estado, ou situación do animal, sempre que o concello onde se atope o animal se faga cargo de aboar o custo do seu depósito nun refuxio, canceira, zoolóxico, etc, dando el a orde de recollida e indicando onde se vai a levar.
- Eventualmente axudarán a garantir a sanidade e a salubridade das persoas, dos espazos públicos e do medio ambiente participando na limpeza e recollida de materiais nocivos que requiran ser retirados de xeito inmediato por ser un risco para as persoas, bens ou medio ambiente.
- Calquera outra en materia de protección civil, emerxencias e medio ambiente, servizos sociais, culturais, educativos e deportivos e outras de competencia municipal, vinculadas a unha situación emerxencia ou prevención da mesma, ou calquera actuación necesaria para resolver unha situación de urxencia e interese público

## **QUINTA.- ACTUACIÓNS DOS GES EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS**

O abano de actuacións subvencionables que serán obxecto de axuda consonte o PDR do 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144 do 18 de novembro de 2015, e modificado seis veces, a última mediante Decisión de Execución da Comisión C (2021) 4527, do 17 de xuño de 2021, encadradas na submedida 8.3 do PDR: medidas preventivas contra incendios forestais, onde se inclúe a redacción de estudos e proxectos relacionados coa necesaria prevención así como prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal pódense agrupar en:

a)- Actuacións de definición das redes de faixas de xestión da biomasa e investigación da propiedade e estado da biomasa (submedida 8.3), que poderá incluír:

- Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa, así como da rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.
- Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais.

b)- Actuacións de silvicultura preventiva (submedida 8.3): Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos da titularidade municipal ou de propietario descoñecido. Para os efectos deste convenio as actuacións en materia de desbroces limitaranse a:

1. Vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
2. Camiños reais e históricos.
3. Superficies sobre as cales a entidade local teña cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
4. Superficies de propietario descoñecido, previa acreditación da dita condición.
5. Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.

Os prezos unitarios por actuación e o importe máximo a subvencionar por GES de prevención inclúense no Anexo IV.

As actuacións a realizar deberán planificaranse antes da súa execución, a través dun programa de actuacións preventivas que presentará a entidade local cos contidos recollidos no Anexo V.

Elaborado o programa de actuacións preventivas presentarase para a súa revisión no Distrito Forestal. Dada a natureza preventiva das actuacións contempladas na presente cláusula, farase unha inspección previa á súa iniciación por persoal funcionario da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a súa viabilidade e emitirase un informe.

De ser favorable o informe emitido, o programa de actuacións preventivas poderá ser aprobado pola Comisión de Seguimento de cada GES. Unha vez que a dita comisión aproba o programa, a entidade local achegará unha comunicación de inicio do mesmo ao Distrito Forestal.

Con carácter xeral deberá terse en conta o disposto no Regulamento (UE) núm. 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do Anexo IV.

O beneficiario deberá cumprir co disposto no punto 2 da parte 1 do anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da comisión do 17 de xullo polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), en relación coa información e publicidade, en particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 € deberase colocar unha placa explicativa, e cando o custo supere os 500.000 € deberase colocar un panel publicitario. En ambos casos figurará a descrición do proxecto, así como a bandeira europea e o lema Feader: "Europa inviste no rural". Inclúese no Anexo IV un tipo de actuación para financiar publicidade FEADER.

En todo caso, son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio. En calquera caso estarase ao exposto no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que recolle entre os custos non subvencionables a través dos fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE), o Imposto sobre o Valor Engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre o IVE.

## **SEXTA.- COORDINACIÓN DOS GES**

Os GES dependerán tanto xurídica como organicamente do ente local polo que foron contratados, e en ningún caso os seus integrantes terán vínculo laboral nin coa Administración xeral da comunidade autónoma nin coa Deputación Provincial.

Segundo as características da emerxencia ou actividade preventiva ou extintiva que

realicen, os GES coordinaranse tecnicamente cos servizos contra incendios, cos distritos forestais e/ou coa Central de atencións ás emerxencias 112-Galicia.

A coordinación ordinaria dos GES corresponde ao concello no que se sitúa a base do grupo, tendo presente sempre o seu carácter supramunicipal.

No caso de actuacións conxuntas en emerxencias de calquera tipo, cos efectivos dos parques de bombeiros comarcais, o mando e coordinación das mesmas, en cumprimento do principio de mando único, corresponde ao xefe da unidade do parque comarcal de bombeiros.

O concello sede aportará unha instalación-base adecuada para a prestación do servizo de emerxencias.

A Central de atención ás emerxencias 112-Galicia, conectará co grupo de emerxencia a través dun sistema remoto de xestión das emerxencias, cargando os programas informáticos no terminal dotado de liña de datos e de voz co que estará equipada a sede.

#### **SÉTIMA.- FINANCIAMENTO EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.**

Os GES participarán en labores de prevención e defensa contra os incendios forestais.

A Consellería do Medio Rural para a realización das actuacións en materia de prevención de incendios forestais achega ao presente convenio corenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos (44.999,99€) para o ano 2023 e corenta e catro mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos (44.999,99€) para o ano 2024, que serán cofinanciados con fondos FEADER, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 - 2016 00212, de acordo co especificado no anexo IV.

A porcentaxe a subvencionar será do 100% do investimento elixible ou subvencionable, sometida a unha cofinanciación do 75% de fondo FEADER, dun 7,5 % pola Administración Xeral do Estado (AXE) e nun 17,50% pola Xunta de Galicia.

Os gastos non elixibles serán soportados polo concello sede do GES.

- As actuacións e xustificación das mesmas realizarase consonte o Anexo V e II.

#### **OITAVA.- FINANCIAMENTO DOS GES E SERVIZOS MUNICIPAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS**

1- Os Grupos de emerxencias supramunicipais financiaranse polas seguintes partes asinantes do convenio:

- A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Consellería de Medio Rural
- A Deputación Provincial da Coruña
- As entidades locais que se adhiran a este convenio.

2- A contribución ao financiamento da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en materia de emerxencias para os GES e Servizos

Municipais xa creados e as ampliacións segundo o establecido na Cláusula segunda fíxase en:

Para o financiamento dos servizos municipais: sesenta e cinco mil seiscentos vinte e cinco euros 65.625,00 € para o ano 2023 e sesenta e cinco mil seiscentos vinte e cinco euros 65.625,00 € para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, con cargo á aplicación orzamentaria 06.06.212.A.460.1.

Para o financiamento dos gastos de funcionamento dos GES e servizos municipais (gastos correntes en bens e servizos), a Dirección Xeral de Administración Local achegará cento vinte e seis mil euros 126.000,00€ para o ano 2023 e cento vinte e seis mil euros 126.000,00€ para o ano 2024, con cargo á aplicación orzamentaria 06.04.141.A.461.1.

3- A contribución ao financiamento da Consellería do Medio Rural en materia de extinción de incendios, para os GES e servizos municipais, fíxase nun millón cento sete mil trescentos setenta e cinco euros con un céntimo (1.107.375,01 €) para o ano 2023 e un millón cento sete mil trescentos setenta e cinco euros con un céntimo (1.107.375,01 €) para o ano 2024, financiándose con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta cantidade será financiada pola Dirección Xeral de Defensa do Monte, con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.551.B.760.0 código de proxecto 2011 00771.

O beneficiario destas axudas serán as entidades locais nos que se sitúan as sedes dos GES segundo o reparto do Anexo II.

4- A contribución ao financiamento por parte dos concellos será efectuada directamente por cada entidade local aos traballadores contratados, con cargo aos seus respectivos orzamentos na contía que lle corresponde, segundo o anexo II ascende a un total de cento noventa e dous mil euros (192.000€) no ano 2023 e a mesma cantidade no ano 2024.

5- A contribución ao financiamento da Deputación Provincial da Coruña é de un millón vinte e catro mil euros (1.024.000,00 €) no ano 2023 e a mesma cantidade no ano 2024. Este financiamento distribuirase da seguinte maneira: un adianto do 50% da achega tras a sinatura do convenio, o 25% no mes de setembro e o restante 25% no momento final de xustificación. Nas vindeiras anualidades o 50% no primeiro trimestre do exercicio correspondente, o 25% no mes de setembro e o restante no momento final.

## **NOVENA.- CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS**

O CUSTO ANUAL do presente convenio en materia de emerxencias e extinción de incendios é de dous millóns cincocentos quince euros con un céntimo (2.515.000,01€), nos anos 2023 e 2024, fíxándose os custes totais por GES no anexo II.

## **DÉCIMA.- TRAMITACIÓN**

Respecto da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería, do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, polo que queda

condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

#### **UNDÉCIMA: COMPROMISOS DAS PARTES:**

A- Pola Xunta de Galicia, a través de Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e da Consellería do Medio Rural, o compromiso é:

1. Financiamento: A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia Xustiza e Deportes e a do Medio Rural colaborarán no financiamento dos custos que se deriven da operatividade dos GES, cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais.
2. Dirección e coordinación: ambas consellerías a través dos seus órganos directivos, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Dirección Xeral de Defensa do Monte respectivamente, ostentaran a dirección e coordinación operativas destes grupos cando fora solicitada a súa colaboración en emerxencias ou activación de plans, de competencia dun ou ambos órganos directivos.

B- Pola Deputación Provincial

- Financiamento: A Deputación Provincial colaborará no financiamento cunha achega a ingresar na conta de cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais.

C- Pola FEGAMP.

- A coordinación do proceso de adhesión por parte dos concellos.
- Difusión: a FEGAMP difundirá a actuación entre os concellos e os informará das condicións do convenio e do tipo de gastos que poderá financiar o convenio.

D- Polos Concellos sede dos GES,

1. Deberán achegar as cantidades consignadas no anexo II.
2. Deberán achegar unhas instalacións-base axeitadas para a prestación do servizo de emerxencias, permitindo a localización dos recursos humanos e materiais propios do servizo.
3. Deberán atender de forma permanente as chamadas de emerxencia, de xeito que a non resposta as chamadas de emerxencia de forma continuada dará lugar por parte dos concellos sede, a non percepción da axuda, salvo causa xustificada, e previa audiencia ó concello implicado.
4. Deberán cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento desta cláusula.
5. Deberán acreditar a prestación do servizo, mediante os informes ou memorias técnicas emitidas polos responsables dos GES nos concellos sede, coa finalidade de percibir as achegas da Xunta de Galicia e as Deputacións.
6. Comprométense a conservar os medios e recursos de intervención de Galicia. O deterioro non xustificable polo uso que sufran os equipos será responsabilidade do concello.
7. Dado o carácter supramunicipal dos GES, os concellos incluídos na área de actuación correspondente, segundo o Anexo I, poderán pór a disposición destes os medios materiais de protección civil dos que dispoñan para atender as emerxencias, ou ben cedelos de forma permanente.
8. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos fondos percibidos que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións.

9. Levar un sistema de contabilidade específica FEADER ou ben un código contable axeitado onde se rexistren as transaccións relativas á operación, tal e como esixe o artigo 66.1.c) do Regulamento (UE) 1305/2013.
10. Respecto daquelas actuacións financiadas ao abeiro de fondos FEADER o concello informará ao público da axuda obtida presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, en caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada á operación, en proporción ao nivel da axuda, cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión, tal como establece o anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da Comisión do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA .**

O libramento dos fondos a cada entidade local na que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais, por parte da Xunta de Galicia, realizarase de conformidade co previsto no Anexo VI e VII.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte, en materia de extinción de incendios, librará un pagamento anticipado do 100%, logo da solicitude de da entidade local. Este pagamento efectuarase tras a sinatura do convenio con cargo aos fondos propios libres do código de proxecto: 2011.00771.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- LIBRAMENTO DE FONDOS AOS BENEFICIARIOS FINAIS.**

Os beneficiarios finais deste convenio están obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral e o Consello de Contas da Comunidade Autónoma, así como da Deputación da Coruña no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como aos controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios.

A participación no presente convenio suporálles aos beneficiarios, o consentimento expreso á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de novembro e decreto 126/2006 do 20 de xullo.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados para o mes o fin, poderá dar lugar, se con isto se alterase os obxectivos deste convenio, á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das obrigas recollidas neste convenio dará lugar ao reintegro total ou parcial das axudas recibidas e o xuro de demora correspondente de acordo co establecido no disposto no artigo 7 do Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo onde os intereses se calcularán en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

#### **DÉCIMO CUARTA.- JURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE.**



O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa. Para a interpretación de dúbidas e controversias que xordan na interpretación deste convenio estarase ao disposto nas cláusulas deste e, subsidiariamente, na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei 9/2007 do 13 de xuño, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e aos principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

#### **DÉCIMO QUINTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO:**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, créase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representadas a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, mediante catro representantes, dous da Dirección Xeral de Administración Local e dous da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior; a Consellería do Medio Rural, mediante dous representantes; a Deputación da Coruña, con dous representantes e a Fegamp, con dous representantes.

Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- En xeral, resolver os problemas de interpretación e cumprimento que podan xurdir na aplicación deste convenio.
- Propoñer novas sedes nos supostos nos que se produzan vacantes ou o respectivo concello non formalice a adhesión final e formal ao convenio.
- Adaptar as comunicacións no marco do presente convenio aos medios electrónicos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Esta comisión solicitará ao remate da vixencia do convenio á Federación Galega de Municipios e Provincias un informe técnico correspondente o grao de cumprimento dos obxectivos programados.

Para resolver as cuestións ordinarias que se presenten na execución do presente convenio crearase un grupo de traballo, de carácter técnico, e composición paritaria, ao que lle corresponderá a certificación da efectiva realización das actuacións descritas no convenio, consonte ao presente clausulado e dando cumprimento aos fins establecidos e aquelas outras atribucións que se lle deleguen por acordo expreso da comisión de seguimento. A composición deste grupo será determinada pola comisión mixta de seguimento do convenio.

#### **DÉCIMO SEXTA.-VIXENCIA.**

O presente Convenio estenderá a súa vixencia dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2024. Ao termo de cada anualidade calquera das partes poderá denunciar o convenio, cunha antelación mínima dun mes.

Os concellos formalizan a súa adhesión ao presente convenio coa sinatura do correspondente anexo de adhesión.

Este convenio poderá ser obxecto de modificacións ou de prórrogas xustificadas, logo da tramitación da addenda correspondente e seguindo os trámites necesarios para a formalización oportuna.

### **DÉCIMO SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### **DÉCIMO OITAVA.- PUBLICIDADE**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **DÉCIMO NOVENA.- BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS**

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). No seu caso a BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto para a súa publicación.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio na data consignada nas sinaturas electrónicas.

O vicepresidente segundo e conselleiro  
de Presidencia, Xustiza e Deportes  
Diego Calvo Pouso

O conselleiro de Medio Rural  
José González Vázquez

O presidente da Deputación Provincial  
da Coruña  
Valentín González Formoso

O presidente da Federación Galega de  
Municipios e Provincias  
Alberto Varela Paz

**ANEXO I: SEDE, ÁMBITO DE ACTUACIÓN E COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL DOS GES e SMPC**

SEDE E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

<b>A CORUÑA</b>	
<i>Zona</i>	<i>Sede/s</i>
Zona de Ortegaleira e Ferrol	Ortigueira
Zona de Bergantiños	Ponteceso
Zona de Muros e Xallas	Muros
Zona de Ferrol - Eume	Mugardos
Zona de Betanzos, Terra de Melide e Ordes	Curtis
Zona do Sar e Caldas	Padrón
Zona Santiago e A Barcala	Brión
Zona Ría de Noia	Noia

COBERTURA A NIVEL PROVINCIAL  
**Provincia da Coruña:**

<b>GES/ Servizo municipal</b>	<b>Concello</b>
<b>15 Zona Bergantíños</b>	Cabana de Bergantíños Coristanco Laxe Malpica de Bergantíños Ponteceso
<b>15 Zona Betanzos- Terra de Melide- Ordes</b>	Aranga Curtis Mesía Oza-Cesuras Sobrado Vilasantar
<b>15 Zona Ferrol- Eume</b>	Ares Cabanas Fene Mugardos Neda Valdoviño
<b>15 Zona Muros- Xallas</b>	Carnota Mazaricos Muros Outes
<b>15 Zona O Sar e Caldas</b>	Dodro Padrón Pontecesures Rois Valga
<b>15 Zona Ortegal e Ferrol</b>	Cariño Cedeira Cerdido Mañón Moeche Ortigueira Somozas, As
<b>15 Zona Ría de Noia</b> <b>Servizo municipal de Noia</b>	Lousame Noia Porto do Son
<b>15 Zona Santiago- A Barcala</b>	Ames Brión Negreira

En todos os casos, cada GES contará cunha estrutura profesionalizada e de carácter permanente, que dea cobertura a toda a zona de actuación do grupo conforme a este anexo no que se recolle a súa sede.

No caso de que algún dos GES non fose constituído ou quedara vacante, sen prexuízo de que a prioridade sexa cubrir esas vacantes, con carácter excepcional, os restantes GES deberán atender a zona de actuación vacante a petición do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 (CIAE112) que empregará como criterio de mobilización a minimización do tempo de resposta.

Sen prexuízo da relación de concellos asignados a cada GES o CIAE112 poderá avisar a aquel GES cuxo tempo de resposta sexa menor en función da localización da emerxencia.

## ANEXO II: CUSTO EN MATERIA DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS GES

### CUSTO ANUAL GES E SMPC ANO 2023-2024

Zona	Sede/ Subsede	Comp	Custo	DDPP	Concellos	Vicepresiden cia DXE	Vicepresiden cia DXAL	CM Rural (fondos propios)
Santiago-Noia-A Barcala	Brión	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Betanzos-Terra de Melide-Ordes	Curtis	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Ferrol-Eume	Mugardos	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Muros, Xallas e Noia	Muros	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Ortegal e Ferrol	Ortigueira	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
O Sar e Caldas	Padrón	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Bergantínos	Ponteceso	12	313.571,43 €	128.000,00 €	24.000,00 €		15.750,00 €	145.821,43 €
Servizo municipal Noia	Noia	12	320.000,00 €	128.000,00 €	24.000,00 €	65.625,00 €	15.750,00 €	86.625,00 €
<b>Total</b>			<b>2.515.000,01 €</b>	<b>1.024.000,00 €</b>	<b>192.000,00 €</b>	<b>65.625,00 €</b>	<b>126.000,00 €</b>	<b>1.107.375,01 €</b>

### **ANEXO III: MEDIOS MATERIAIS.**

Co fin de proporcionar un servizo de calidade, axustado ás tarefas encomendadas, cada GES contará con:

1. Un vehículo *todoterreo* que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ao corrente en toda a documentación obrigatoria do mesmo, cumprindo coas obrigas administrativas que leva apareladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de seguro, impostos, etc.
2. Batelumes, ferramentas e equipos de protección individuais (EPIs) necesarios para realizar a súa función. As características técnicas mínimas dos EPIs serán as marcadas polo “Comité de Loita contra Incendios Forestais” (CLIF) e polo Plan de Incendios Forestais de Galicia (Pladiga). Os vehículos de extinción dispoñibles de acordo coa súa operatividade.
3. En canto á roupa de traballo, os membros dos GES vestirán un uniforme axeitado ás características do seu traballo, na que figurará de forma visible a denominación “GES” e a zona de intervención, segundo o modelo definido pola Xunta de Galicia.
4. Para a extinción de incendios forestais os equipos de protección individual (EPIs) terán as características definidas polo Comité de Loita contra os Incendios Forestais do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico e o Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais – PLADIGA (ver <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/defensa-monte/pladiga-2022>)

**ANEXO IV PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN E ORZAMENTOS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS POR CONCELLO**  
**PREZOS UNITARIOS POR ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN.**

CÓD TARIFA	DESCRICIÓN	PREZO UNITARIO
	Ud de Definición das redes de faixas de xestión da biomasa. Identificación das referencias catastrais ou códigos de parcela SIXPAC das parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión da biomasa. Tamén se incluírán a rede das pistas, vías, camiños, estradas e montes de titularidade municipal.	9000€/ud
	Ud de investigación de titularidade de parcela e redacción de informe de xestión de biomasa consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais	12 €/parcela
TS0001	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.121,10 €/ha
TS0002	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal igual ou inferior a 3 cm, en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.195,840 €/ha
TS0003	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes inferiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.464,904 €/ha
TS0004	Roza manual dunha hectárea de matogueira con diámetro basal comprendido entre 3 e 6 cm. en pendentes superiores ó 50%, e cunha superficie cuberta do 100%, empregando motorrozadora, e respectando aqueles exemplares que, por calquera motivo, deban conservarse.	1.793,760 €/ha
TS0005	Roza mecanizada dunha hectárea de matogueiral, con rozadora de cadeas ou similar en zonas de pendente escasa ou nula (pdte. < 10%) e cunha superficie cuberta de matogueira do 100%..	343,440 €/ha
SA0001	Unidades de panel para publicidade FEADER	236,484 €/ud

## ORZAMENTO ANUAL PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

### CUSTO ANUAL (ANOS 2023-2024)

Núm.	PROVINCIA	Tipo	Sede/Subsede	CMRural (fondos propios)
1	A Coruña	Sede	Brión	6.428,57 €
2	A Coruña	Sede	Curtis	6.428,57 €
3	A Coruña	Sede	Mugardos	6.428,57 €
4	A Coruña	Sede	Muros	6.428,57 €
5	A Coruña	Sede	Ortigueira	6.428,57 €
6	A Coruña	Sede	Padrón	6.428,57 €
7	A Coruña	Sede	Ponteceso	6.428,57 €
<b>TOTAL</b>				<b>44.999,99 €</b>

As actuacións de prevención mediante rozas da táboa establecen que os traballos manuais realizaranse en pendentes inferiores ao 50% ou pendentes iguais ou superiores ao 50%. Tamén se establece que os traballos mecanizados realizaranse en zonas de pendente escasa ou nula (pdte.< 10%). A discriminación de traballos mecanizados dos manuais debe realizarse do seguinte xeito:

Traballos a realizar de forma mecanizada: roza en superficies con pendentes inferiores ao 10% ou roza da faixa auxiliar en ambas marxes de vías, mediante pase de rozadora de brazo hidráulico axustada a tractor. Incluirase nesta actuación o desbroce de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario, contabilizando a súa superficie.

Traballos a realizar de forma manual: en pendentes iguais ou superiores ao 10%. Tamén se poderán admitir de xeito excepcional superficies con pendentes inferiores ao 10% sempre que pola súa reducida superficie ou entidade sexa máis económico a súa realización de forma manual.



## **ANEXO V. PROGRAMA DE ACTUACIÓNS PREVENTIVAS**

Os contidos mínimos do Programa de Actuacións Preventivas (PAP) serán os seguintes:

A) Ámbito de actuación das actuacións preventivas.

B) Tipos de traballo obxecto de axuda.

C) Xustificación das superficies obxecto de actuación:

As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do Distrito Forestal en materia preventiva. e deberán estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal e Municipal, de existir estes (e tamén co PLADIGA).

Debe existir unha xustificación, que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.

D) Táboa resumo de superficies obxecto de actuación en materia de planeamento, silvicultura preventiva:

Deberá incluírse unha táboa resumo coas superficies de actuación proposta en hectáreas desagregando segundo os tipos de traballos incluídos no convenio.

Localización das parcelas ou vías de actuación preventiva coa descrición, cando menos, da parroquia e lugar (potestativamente ref. catastrais ou parcelas SIXPAC)

E) Cartografía

Cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1: 5:000, ou no seu defecto 1:25:000 no que se reflectan as actuacións preventivas propostas. A escala desta documentación non terá que verse alterada por ampliacións ou reducións de fotocopiado.

Asemade a cartografía remitirase en formato vectorial, tipo shapefile en Datum ETRS 89 e fuso 29N, ou documento análogo.

O prazo para a presentación do PAP será: o 31 de marzo de cada ano. Tamén se poderá presentar un único PAP para toda a vixencia do convenio detallando que actuacións se levarán a cabo cada unha das dúas anualidades. O prazo para a presentación deste PAP plurianual vencerá o 31 de marzo de 2023.

## **ANEXO VI: XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS**

### **1.- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS DA XUNTA**

A documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Dirección xeral de Defensa do Monte e da Dirección Xeral de Administración Local antes do 5 de decembro de cada ano.

Non obstante, polo que se refire aos gastos de persoal, a documentación xustificativa deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e da Dirección Xeral de Defensa do Monte, antes do 28 de decembro de cada ano.

1. O libramento dos fondos ás entidade locais nas que se sitúan as sedes e dos GES ou os Servizos Municipais pola Xunta de Galicia, someterase ao seguinte réxime de pago:

a) Polo que respecta a Consellería do Medio Rural, librarase en cada anualidade un pago anticipado do 100% da anualidade correspondente, previa solicitude da entidade local. No ano 2023 este pagamento efectuarase tras a sinatura do convenio e na seguinte anualidade no primeiro trimestre. Este anticipo farase con cargo aos fondos propios libres do código de proxecto: 2011.00771.

b) Polo que respecta á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, librarase en cada anualidade un pago anticipado do 50% da anualidade correspondente, previa solicitude da entidade local. No ano 2023 este pagamento efectuarase tras a sinatura do convenio e no ano 2024 no primeiro trimestre do ano.

c) Polo que respecta á Dirección Xeral de Administración Local, librarase en cada anualidade un pago anticipado do 50% da anualidade correspondente, previa solicitude da entidade local. No ano 2023 este pagamento efectuarase tras a sinatura do convenio e no ano 2024 no primeiro trimestre do ano.

2. Para a xustificación das actuacións subvencionadas ao abeiro deste convenio, ás entidades locais nas que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais, remitirán á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, á Dirección Xeral de Administración Local e á Dirección Xeral de Defensa do Monte respecto aos gastos en materia de vixilancia e extinción de incendios forestais, a documentación seguinte, en exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada:

- Certificación do secretario municipal, co visto e prace do presidente da corporación, do cumprimento do obxecto do presente convenio, que se emitirá con base nas certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable nos concellos sede do GES.

Na certificación emitida para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte, detallarase que se efectuaron as contratacións e as altas na Seguridade Social dos/as traballadores/as que forman parte da estrutura do GES en cada un dos concellos implicados.

- Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

Nas certificacións que se emitan para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte, indicaranse as contratacións e altas na seguridade social dos/as traballadores/as que forman parte do GES.

- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede do GES.

Na declaración de axudas que se emita para a Dirección Xeral de Administración Local debe facerse constar se o concello sede percibiu algunha outra axuda, aínda que sexa no marco do propio convenio, procedente de calquera das administracións ou órganos que financian as actuacións, para os gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiados con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos, incorporados na relación clasificada de gastos da conta xustificativa.

- Certificación expedida pola secretaría do concello sede, co visto e praxe do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa unha relación clasificada dos gastos imputables á actuación subvencionada.

A certificación emitida para a Dirección Xeral de Administración Local referirase á conta xustificativa dos gastos subvencionados por este centro directivo, é dicir, aqueles financiados con cargo ao capítulo II, gastos correntes en bens e servizos.

- Documentos xustificativos de gastos e de pagamentos:

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira.

Porén, coa finalidade de poder acreditar o gasto da nómina do persoal correspondente ao mes de decembro de cada ano e para estes efectos, serán suficientes, para a súa consideración como gasto subvencionable, as certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede GES, nas que se indiquen que están contabilizados e fiscalizados os ditos pagos.

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

- Declaración responsable da persoa representante do concello sede do GES conforme este concello, como entidade beneficiaria dunha subvención, non está incurso en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na documentación que se remita á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e para a Dirección Xeral de Defensa do Monte incluírase unha relación nominal dos compoñentes do GES, con especificación da persoa responsable do grupo e un número de teléfono de contacto. No caso de existir fondos remanentes, logo da xustificación dos concellos, serán devoltos por estes ao Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2.- XUSTIFICACIÓN DOS TRABALLOS E LIBRAMENTO DE FONDOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación Provincial da Coruña remitirá ás Entidades Locais sede instrucións sobre a documentación requirida para a xustificación dos fondos aportados por estas.

## **ANEXO VII. ACREDITACIÓN DE GASTOS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTÁIS**

Para a xustificación das actuacións subvencionadas materia de prevención de incendios forestais, as entidades locais nas que se sitúan as sedes dos GES ou os Servizos Municipais, remitirán á Dirección Xeral de Defensa do Monte, antes do 31 de outubro, en relación coa actuación de cada GES a documentación seguinte, en exemplar orixinal ou copia debidamente compulsada:

- Certificación do secretario da municipal, co visto e praxe do presidente da corporación municipal, do cumprimento do obxecto do presente convenio, que se emitirá con base nas certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable nos concellos sede do GES.

- Certificacións emitidas polas intervencións municipais ou órganos que teñan atribuídas as facultades de control contable no concello sede do GES, na que se indique o cumprimento do obxecto do convenio e o pagamento efectivo do gasto realizado.

- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para esta mesma finalidade, asinada polo representante do concello sede do GES.

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A dita memoria asinada polo Alcalde correspondente deberá dar conta dos traballos xustificados, sexa:

- Definición das redes de faixas de xestión da biomasa.
- Investigación da propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal
- Redacción de informe de xestión de biomasa
- Xustificación de outras actuacións de prevención realizadas.

- Unha memoria económica xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes extremos:

1. Acreditación sobre o número de unidades físicas consideradas como módulo.
2. Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os prezos das unidades de obra previstos nesta subvención.

- Certificación expedida pola secretaría do concello sede, co visto e praxe do/a alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se inclúa unha relación clasificada dos gastos imputables á actuación subvencionada. Mediante sistema contable diferenciado por ser fondos FEADER.

- Documentos xustificativos de gastos e de pagamentos: Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Para os efectos da súa consideración como gasto subvencionable, os correspondentes pagamentos deberán estar realizados con anterioridade á finalización do período de xustificación e acreditaranse mediante extractos de conta, certificacións bancarias ou xustificantes de transferencia bancaria, debidamente identificados e selados pola entidade financeira

No suposto de que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da

transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola persoa representante da entidade beneficiaria das subvencións.

-Declaración responsable da persoa representante do concello sede do GES conforme este concello, como entidade beneficiaria dunha subvención, non está incurso en ningún dos supostos do artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todo iso consonte ao establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais e dando, en calquera caso, cumprimento ás cláusulas e fins establecidos no presente convenio.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas sen que, conxuntamente cos pagamentos anticipados, superen o 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

Os importes dispostos no Anexo IV terán a consideración de custos de referencia que suporán límites máximos admisibles para algúns tipos de gastos, consonte o establecido no artigo 67.1.a) do Regulamento (UE) 1303/2014. Por esta razón, esixirase aos beneficiarios da axuda que presente xunto coa solicitude de pago facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e xustificante de pago.

No caso de que existan custos simplificados avalados por cálculos dos ditos custos e certificado asinado polo organismo independente, estes custos simplificados ou módulos terán a condición de baremos estándar de custos unitarios tal como contempla o artigo 67 do Regulamento (UE) 1303/2013. De aplicarse os ditos custos non será necesario para realizar o pagamento en materia de prevención a presentación de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente xuntamente aos xustificantes de pago.

#### Por parte da Consellería do Medio Rural:

Persoal funcionario desta Consellería expedirá certificación na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.

Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra das aprobadas.

A redución anterior virá incrementada gradualmente, farase un cálculo sobre a base do que se considera elixible. Cada unidade xestora determinará:

a. O importe que se pode conceder ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento. A tal efecto tomaranse en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

b. O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supere ao importe b) en mais dun 10% a cantidade a pagar é igual ao importe b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplica cando o beneficiario poida demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

-O órgano xestor poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables conforme ao disposto no artigo 48 do Regulamento 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014 polo que se establecen as disposicións de aplicación do regulamento (CE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade e no artigo 30.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Emitirase certificación expedida na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao programa de actuación aprobado pola comisión de seguimento, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas.

Teranse en conta os criterios xerais ditados polo Fondo Español de Garantía Agraria na Circular de coordinación 33/2020 relativa aos Criterios para a aplicación de penalizacións nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020, que substitúe á circular de coordinación 32/2017. Igualmente tomarase en consideración a Circular de coordinación 19/2022 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidos no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020.

Teranse en conta os criterios xerais ditados polo Fondo Español de Garantía Agraria na Circular de coordinación 33/2020 relativa aos Criterios para a aplicación de penalizacións nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020, que substitúe á circular de coordinación 32/2017. Igualmente tomarase en consideración a Circular de coordinación 18/2019 relativa ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidos no ámbito do sistema integrado do período 2014-2020, que substitúe a Circular de coordinación 8/2018.

A Consellería do Medio Rural resérvase o dereito de solicitar canta documentación considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

## **ANEXO VIII MEDIOS PERSOAIS.**

Os concellos sede serán os encargados da selección do persoal. No caso que fora necesario seleccionar novos efectivos, o procedemento de selección realizarase a través do sistema de concurso- oposición respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade así coma a normativa de selección dos empregados públicos.

A subscrición do convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia o concello asumirá a posición de empresario ou contratante de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Para participar nos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán contar con carné de conducir tipo C, sen prexuízo dos demais requisitos mínimos que sexan esixidos consonte a normativa de aplicación .

A capacitación acreditarase coa formación impartida pola Academia Galega de Seguridade ou outros organismos públicos.

A experiencia acreditarase a través de certificacións emitidas polos organismos correspondentes aos que pertenceran os servizos nos que estiveran inscritos e desenvolvendo as súas actividades.

### **FASE DE CONCURSO**

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 (sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento, ou proporción que resulte equivalente). O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme o seguinte baremo:

#### *1. Méritos Profesionais.*

*a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos puntuarase 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.*

*b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público puntuarase 0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.*

*c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan □0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.*

*A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.*

*2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas. Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha*



*Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública):*

- *Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.*
- *Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.*
- *Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.*
- *Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.*

*Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima.*

*No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.*

*Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas*

*A documentación que haberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:*

*A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificarase: Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:*

—*Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.*

—*Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración.*

*Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado haberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.*

*Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo haberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten.*

*Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:*

- *Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.*
- *Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos*

### *3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil*

*Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos*

## **TEMARIO MÍNIMO DA FASE DE OPOSICIÓN**

- *Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.*

- *Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.*
- *Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios*
- *Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.*
- *Accidentes de tráfico e excarceración.*
- *Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas*
- *Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.*
- *Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia)*

*Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os admitidos realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionarse no caso de que a persoa candidata conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil ou certificado de profesionalidade de extinción de incendios e salvamento.*

*O curso selectivo responde ao seguinte modelo:*

#### **DATOS XERAIS DO CURSO**

*1. Familia Profesional: Seguridade e Medio Ambiente. Área Profesional: Protección Civil*

*2. Denominación do curso: INTERVENCIÓN EN EMERXENCIA*

*3. Código:*

*4. Tipo de curso: ESPECÍFICO*

*5. Obxectivo xeral: Formación do persoal dos grupos de emerxencia supramunicipal para o exercicio da súa actividade laboral de intervención en incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, situacións derivadas de riscos naturais e calquera outra tarefa en materia de protección civil e emerxencias.*

*6. Requisitos do profesorado:*

*6.1. Nivel académico: titulación universitaria, (Preferentemente...) na súa falta, capacitación profesional equivalente na ocupación relacionado co curso.*

*6.2. Experiencia profesional: Deberá ter 2 anos de experiencia na ocupación.*

*6.3. Nivel pedagóxico: Formación metodolóxica, ou ben experiencia docente.*

*7. Requisitos de acceso do alumno:*

*7.1. Nivel académico ou de coñecementos xerais:*

- *Estar en posesión de polo menos o título de graduado escolar, formación profesional de primeiro grao ou titulación equivalente.*
- *Estar en posesión do carné de conducir da clase C*

*7.2. Nivel profesional ou técnico:*

- *Non se require*

*7.3. Condicións físicas:*

*Condicións físicas: carencia de afeccións, integridade física, resistencia física, forza,*

destreza manual, coordinación visión motora, rapidez de reflexos. “Aquelas que non impidan o normal desenvolvemento da profesión”.

8. Número de alumnos: 12 alumnos por edición, sen prexuízo de que por razóns operativas poida superarse este número ao realizar conxuntamente a formación de varios GES.

9. Relación secuencial de módulos formativos:

1. INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS (28 horas)
2. INCENDIOS FORESTAIS (14 horas)
3. ACCIDENTES DE TRÁFICO (21 horas)
4. PRIMEIROS AUXILIOS (7 horas)

10. Duración:

Prácticas.....	50 horas
Contidos teóricos.....	20 horas
Total.....	70 horas

Dúas semanas en sesións de 7 horas/diarias de luns a venres.

11. Equipo, material.

- Equipo e maquinaria:
- Dotación completa de medios de protección contra incendios de tipo manual (extintores, mangueras, batelumes, antorchas de goteo)
- Paneis sinópticos explicativos do funcionamento do sistema de detección de incendios, alarma e extinción automática
- Radio transmisores
- Equipo de primeiros auxilios
- Equipo portátil de bombeo
- Grupos electrógenos
- Autobombas urbana e forestal
- Equipo de corte en frío (cizallas, radiais, etc.
- 

11.2. Material de consumo:

- Folios
- Cadernos
- Bolígrafos
- Lapis

11.3 Material didáctico.

- 1 Manual básico do curso
- 2 Caderniño de ponencias

11.4 Elementos de protección. No desenvolvemento das prácticas utilizaranse os medios necesarios de seguridade e saúde laboral e observaranse as normas legais ao respecto.

DATOS ESPECÍFICOS do CURSO

Denominación do módulo nº 1: INCENDIOS URBANOS E INDUSTRIAIS

Obxectivo do módulo:

- IDENTIFICAR os tipos de combustión
- COÑECER os equipos de protección individual
- IDENTIFICAR tipos axentes extintores
- IDENTIFICAR tipos de instalacións de auga
- IDENTIFICAR tipos de bombas
- COÑECER a condución de vehículos de emerxencias e o seu posicionamento

- *COÑECER os distintos tipos de bombas, o seu funcionamento, o seu uso e necesidades de mantementos.*
- *COÑECER os procedementos de actuación en incendios urbanos e industriais*

*Duración do módulo: 28 horas*

*Contidos formativos do módulo*

*A) Prácticas*

- *Prácticas de tendidos de mangueras.*
- *Prácticas de mantemento de bombas e impulsión*
- *Prácticas de conducción e de posicionamento de vehículos*
- *Prácticas de desprazamento en lugares de visibilidade reducida.*
- *Prácticas de extinción de vehículos. Prácticas de actuación en materias perigosas.*
- *Prácticas de extinción de incendios de gases.*

*B) Contidos teóricos*

- *Tipos de combustión.*
- *Equipos de protección individual. O traxe de intervención. El ERA: partes, uso e mantemento.*
- *Axentes extintores: espumas, extintores portátiles, auga.*
- *Instalacións de auga: mangueras, hidrantes, columnas secas y BIE.*
- *Traxes de aproximación e de penetración ao lume. Traxes NBQ.*
- *Bombas, bombas de achique y turbobombas. Uso e mantemento.*
- *Intervención con risco eléctrico.*
- *A química do lume.*
- *Axentes extintores.*
- *Localización do foco.*
- *Orientación, busca e rescate.*
- *Equipos de respiración asistida*
- *Entradas forzosas.*
- *Risco químico. Identificación de mercancías perigosas.*

*Denominación do módulo nº 2: INCENDIOS FORESTAIS*

*Obxectivo do módulo:*

- *IDENTIFICAR os factores que afectan ao comportamento dun lume forestal*
- *COÑECER os métodos e medios de prevención e extinción de incendios forestais*
- *COÑECER os procedementos de actuación en incendios forestais*
- *COÑECER as normas de seguridade na prevención e extinción de incendios forestais*

*Duración do módulo: 14 horas.*

*Contidos formativos do módulo*

*A) Prácticas*

- *Prácticas de identificación das partes dun lume forestal*
- *Prácticas de extinción mediante ataque directo con ferramentas manuais*
- *Prácticas de extinción mediante ataque directo con liña de auga*
- *Prácticas de extinción mediante ataque indirecto: a queima do ensanche e o contralume*

*B) Contidos teóricos*

- *A prevención de incendios forestais: actuación sobre os combustibles forestais*

- *A detección de incendios forestais: o proceso de comunicación*
- *Medios para a extinción de incendios forestais*
- *Métodos de extinción de incendios forestais*
- *Organización do combate: etapas, primeiro ataque e ataque ampliado.*
- *Situacións de perigo e normas de seguridade*

*Denominación do módulo nº 3: ACCIDENTES DE TRÁFICO*

*Obxectivo do módulo:*

- *COÑECER os procedementos de intervención en accidentes de tráfico*

*Duración do módulo: 21 horas.*

*Contidos formativos do módulo*

*A) Prácticas*

- *Prácticas vehículos*
- *Desencarceración, excarceracións e simulacións*

*B) Contidos teóricos*

- *Introdución aos accidentes de tráfico.*
- *Coordinación en accidentes de tráfico.*
- *Seguridade pasiva.*
- *Estabilización de vehículos.*
- *Seguridade persoal en accidentes de tráfico*
- *Sistemática de intervención en accidentes de tráfico prácticas con vehículos.*

*Denominación do módulo nº 4: PRIMEIROS AUXILIOS*

*Obxectivos do módulo:*

- *COÑECER procedementos a seguir en primeiros auxilios*
- *IDENTIFICAR tipos de queimaduras*
- *IDENTIFICAR tipos de traumatismos*
- *IDENTIFICAR outros tipos de lesións e feridas*
- *Duración do módulo: 7 horas*
- *Contidos formativos do módulo*

*A) Prácticas*

- *Reanimación: tipos*
- *Rescates con feridas*
- *Rescates de interior de vehículos*
- *Desencarceración, excarceracións e simulacións*

*B) Contidos teóricos*

- *Queimaduras*
- *Alteracións eléctricas*
- *Afogamentos*
- *Traumatismos craneoencefálicos, médulas, torácico-abdominais*
- *Reanimación cardiopulmonar*
- *Feridas e hemorraxias*
- *Luxacións e contusións*
- *Torceduras*
- *Pautas de actuación en accidentes de tráfico*
- *Equipos de corte y separación*
- *Equipos hidráulicos*
- *Excarceracións*

## ANEXO IX.-DOCUMENTO DE ADHESIÓN CONCELLOS

D./Dona \_\_\_\_\_, en representación do Concello de  
\_\_\_\_\_

### **DECLARA:**

Que o Pleno (ou órgano competente) do concello \_\_\_\_\_ acordou, con data de \_\_\_\_\_ do mes de \_\_\_\_\_ do ano \_\_\_\_\_ solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e, en consecuencia,

### **MANIFESTA:**

A vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

En \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

X

## ANEXO X.- PUBLICIDADE FEADER.

Os modelos de carteis que os concellos sede deben instalar como beneficiarios de axudas FEADER adaptaranse ao formato e condicións que aparecen definidas na Estratexia de Información e Publicidade do Programa de Desenvolvemento Rural 2014\_2020 de Galicia, actualizada o 16 de novembro de 2021.

## ANEXO XI – DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO

2023 e 2024

DISTRIBUCIÓN DAS ACHEGAS POR TIPO DE GASTO								
Gastos	DDPP	Concellos	Subtotal EELL	Medio Rural (en materia de extinción)	DXEI	DXAL	Subtotal Xunta	TOTAL
Gastos de persoal SSMM	116.000,00 €	21.750,00 €	137.750,00 €	86.625,00 €	65.625,00 €		152.250,00 €	290.000,00 €
Gastos correntes en bens e servizos SSMM	12.000,00 €	2.250,00 €	14.250,00 €			15.750,00 €	15.750,00 €	30.000,00 €
Gastos de persoal GES	812.000,00 €	152.250,00 €	964.250,00 €	1.020.750,01 €			1.020.750,01 €	1.985.000,01 €
Gastos correntes en bens e servizos GES	84.000,00 €	15.750,00 €	99.750,00 €			110.250,00 €	110.250,00 €	210.000,00 €
<b>Totais</b>	<b>1.024.000,00 €</b>	<b>192.000,00 €</b>	<b>1.216.000,00 €</b>	<b>1.107.375,01 €</b>	<b>65.625,00 €</b>	<b>126.000,00 €</b>	<b>1.299.000,01 €</b>	<b>2.515.000,01 €</b>

**15.- Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, oitava fase; integrado polo proxecto "DP 7402 Marteo a Augasantas, ampliación e mellora pq 0+000 ao 2+543 (ROIS)"**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar tecnicamente o PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2022 OITAVAFASE cun orzamento total de 2.041.188,47.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 integrado polo proxecto que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1110.0009.0	DP 7402 MARTELO A AGUASANTAS, AMPLIACIÓN E MELLORA PQ 0+000 AO 2+543	ROIS	2.041.188,47 €	126.976,75 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1110.0009.0	DP 7402 MARTELO A AGUASANTAS, AMPLIACIÓN E MELLORA PQ 0+000 AO 2+543	ROIS	2.041.188,47 €	126.976,75 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

## 16.- Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, novena fase

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2022, NOVENA FASE cun orzamento total de 1.084.012,42.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900, integrado polo proxecto que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2022.1110.0010.0	DP 4802 PERBES A CAMPOLONGO. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PQ 1+971 AO 2+978, SAN XOAN DE VILANOVA (MIÑO)	758.132,72
2022.1110.0011.0	DP 5401 NARÓN A O VAL POR CASTRO.- MELLORA DE DRENAXE PQ 0+560 A 1+940 M.D. (NARÓN)	325.879,70
TOTAL.....		1.084.012,42

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."



**17.- Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 2303 mellora seguridade vial en Bermún pq 10+600 ao 12+200 (CEE), incluída no Plan de Vías Provinciais 2022, primeira fase**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a PRIMEIRA RELACION DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2022 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 647.220,11.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

<b>CÓDIGO</b>	<b>DENOMINACION</b>	<b>CONCELLO</b>	<b>PRESUPOSTO</b>
2022.1110.0002.0	DP 2303 MELLORA SEGURIDADE VIAL EN BERMÚN PQ 10+600 AO 12+200	CEE	647.220,11 €

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**18.- Aprobación da actualización de prezos da obra "Actualización de prezos Senda peonil en DP 1702 pq 0+970 ao 1+070. Pasarela sobre liña FFCC (CAMBRE)", incluída no Plan de Vías Provinciais 2020, segunda fase**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a modificación da SEGUNDA FASE DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2020, como consecuencia da ACTUALIZACIÓN DE PREZOS DO PROXECTO SENDA PEONIL EN DP 1702 PQ 0+970 A 1+070. PASARELA

SOBRE LIÑA FF.CC. (CAMBRE) con cargo á aplicación 0410/4531/60900 e con arranxo aos seguintes datos.

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2020.1110.0002.0	SENDA PEONIL EN DP 1702 PQ 0+970 A 1+070. PASARELA SOBRE LIÑA FF.CC.	CAMBRE	355.117,20

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**19.- Aprobación da actualización de prezos da obra "Actualización de prezos DP 1405 ponte sobre río Anllóns pq 3+800 (PONTECESO e CABANA DE BERGANTIÑOS)", incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2021, oitava fase**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobación da modificación da OITAVA FASE DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021, como consecuencia da ACTUALIZACIÓN DE PREZOS DO PROXECTO DP 1405 PONTE SOBRE RIO ANLLÓNS PQ 3+800 (PONTECESO E CABANA DE BERGANTIÑOS), con cargo á aplicación 0410/4531/60900 e con arranxo aos seguintes datos.

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2021.1110.0010.0	DP 1405 PONTE SOBRE RIO ANLLÓNS PQ 3+800	PONTECESO E CABANA DE BERGANTIÑOS	1.545.810,42

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**20.- Aprobación do proxecto modificado reformado DP 1301 Ampliación e mellora trazado Gándara a Amanecida pq 0+047 ao 0+377 (BRION), incluído no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2016, terceira fase**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Aprobar o Proxecto **MODIFICADO Nº2 DP 1301.- AMPLIACION E MELLORA DO TRAZADO NA ESTRADA DP 1301 GANDARA Á AMANECIDA PQ 0+047 AO PQ 0+377 (BRION)** CÓDIGO DA OBRA: 2016.1110.0005.1, e un prazo de execución de 6 meses, polo seu presuposto de contrata de **165.261,93 €** que supón un incremento de **21.431,19 €** respecto ao primitivo.
2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L.U. CIF: B32274581, as modificacións do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un presuposto de adxudicación de **131.895,55 €**, o que representa unha diferenza de **17.104,24 €** con respecto ao prezo de adxudicación.
3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 706,78 €, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 5.450,22 €.
4. Publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña a presente modificación.

**21.- Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, décima fase, integrado polo proxecto da obra "DP 1901 Carballo a Sísamo, mellora na estrada Fase III"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE INVESTIMENTO EN VÍAS PROVINCIAIS 2022 DÉCIMA FASE integrado polo proxecto DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO. MELLORAS NA ESTRADA, FASE III (CARBALLO) cun orzamento total de 2.279.527,63.- euros, correspondendo ás obras de titularidade provincial a cantidade de 1.640.045,06 que se imputan ao citado Plan e a cantidade de 639.482,57 euros ás obras de titularidade municipal.

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO APLICACIÓN 0410/4531/60900
2022.1110.0012.0	DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO. MELLORAS NA ESTRADA, FASE III	CARBALLO	1.640.045,06 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	EXPROPIACION 0410/4531/600
2022.1110.0012.0	DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO. MELLORAS NA ESTRADA, FASE III	CARBALLO	116.835,70 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**22.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello da LARACHA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a humanización e mellora da accesibilidade da rúa JM Ferreira Penedo.**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o **Concello da Laracha** para cofinanciar as obras de

**Humanización e mellora da accesibilidade da rúa JM Ferreira Penedo** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello da Laracha** para cofinanciar as obras de Humanización e mellora da accesibilidade da rúa JM Ferreira Penedo cunha achega provincial de **79.969,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1532/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **99.961,25 euros**.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

## ANEXO

### CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA LARACHA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA RÚA JM FERREIRA PENEDO

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

### REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do **Concello da Laracha**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

### MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o **Concello da Laracha** considera de primeira necesidade as obras de Humanización e mellora da accesibilidade da rúa JM Ferreira Penedo

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

” ..A obra é necesaria pois é unha das rúas con maior densidade poboacional do Concello, polo que se fai necesario a súa mellora ampliando as beirarrúas, as prazas de aparcamento así como a accesibilidade a persoas con mobilidade reducida, mediante novos pasos de peóns ou correxindo as pendentes das beirarrúas.

Toda obra de mellora das condicións para os veciños, sobre todo na índole de accesibilidade, faise necesaria e urxente. “

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello da Laracha** ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas

#### **I.- OBXECTO**

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello da Laracha con CIF P1504200E, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Humanización e mellora da accesibilidade da rúa JM Ferreira Penedo”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por KARTARK ARQUITECTOS, nº sociedade colegiada 20291 en el Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento

separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	<b>69.422,35</b> euros
Gastos xerais 13,00%	<b>9.024,91</b> euros
Beneficio Industrial 6,00 %	<b>4.165, 34</b> euros
IVE (21%)	<b>17.348,65</b> euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>99.961,25</b> euros

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **79.969,00** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consinou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54<sup>o</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.



- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obra**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido

xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á

existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**23.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de DODRO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o **Concello de Dodro** para cofinanciar as obras de **Acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Dodro** para cofinanciar as obras de **Acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible** cunha achega provincial de **103.711,97** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1531/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **129.639,97 euros**.

4º.- **Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

### **ANEXO**

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE DODRO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE VIARIO PARA O FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE**

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

## REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Dodro**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

## MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Dodro** considera de primeira necesidade as obras de **Acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible**. Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*“...O Concello de Dodro procura con esta actuación o fomento da mobilidade sostible mediante o acondicionamento dun viario existente, nunha lonxitude total de 6,60 km.*

*Con este fin delimitarase nas marxes da vía unhas zonas de protección e prioridade para o tráfico ciclista, que tamén serán empregados polos peóns nos seus desprazamentos cotiás, mellorando a seguridade e a funcionalidade viaria para todos os seus usuarios.*

*--Contémplase a sinalización completa horizontal e vertical do viario e executaranse redutores físicos de velocidade para os automóbiles, que actuarán como medida para o calmado do tráfico. Dada a elevada afluencia de ciclistas e co fin de xerar unhas condicións de circulación máis cómodas disporanse unhas franxas nas marxes sen elevar para o paso das bicicletas. Tamén se prevé a reparación do firme existente, a canalización soterrada de 400 metros para alumeado público, a colocación de 19 luminarias viarias e a colocación de 5*

*bancos de madeira técnica.*

*\_O proxecto pretende crear un itinerario ciclista, que discorrerá en gran parte a carón das Brañas de Laíño, integradas na Rede Natura 2000, utilizando como base camiños públicos existentes, conectando núcleos de poboación, mellorando a seguridade viaria e poñendo en valor este importante recurso natural.*

*\_Sendo Dodro un concello eminentemente rural, este tipo de actuación contribuirá a mobilidade sostible e a protección do medio ambiente, ao fomento do deporte e o estilo de vida saudable, a posta en valor do patrimonio natural e a dinamización turística do territorio, razóns que xustifican o seu gran interese público..."*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Dodro** ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Dodro con CIF P1503300D, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das "obras de **Acondicionamento de viario para o fomento da mobilidade sostible**", tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución suscrito polo Enxeñeiro de Camiños, C. e P. Pablo Blanco Ferreiro colexiado. Núm. 22.992

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

#### **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	<b>90.034,01</b>	euros
Gastos xerais 13,00%	<b>11.704,42</b>	euros
Beneficio Industrial 6,00 %	<b>5.402,04</b>	euros
IVE (21%)	<b>22.499,50</b>	euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>129.639,97</b>	<b>euros</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **103.711,97** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1531/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o



procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54<sup>o</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser

dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.

- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e

nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes

e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**24.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de LOUSAME polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a mellora do viario en Croído.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**1º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o **Concello de Lousame** para cofinanciar as obras de Mellora do viario en Croído e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Lousame** para cofinanciar as obras de Mellora do viario en Croído cunha achega provincial de **70.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1532/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **68.91291 %** respecto dun orzamento de **101.577,48 euros**.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

## **ANEXO**

### **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO VIARIO EN CROÍDO**

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

## **REUNIDOS**

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Lousame**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

## **MANIFESTAN**

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Lousame** considera de primeira necesidade as obras de Mellora do viario en Croído

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*“...O Concello de Lousame considera de primeira necesidade as actuacións sobre a rede viaria local, especialmente aquelas que unen núcleos de poboacións entre si e que, ademais do tráfico rodado de turismos para desprazamento das persoas e do tráfico mais pesado que resulta necesario para o normal desenvolvemento da vida diaria dos usuarios, son empregadas polos veciños para os seus desprazamentos a pé.*

*Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello mellorar a seguridade vial no camiño e realizar a reparación do pavimento do mesmo, así como dar continuidade á malla existente de servizos públicos da zona, motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico...”*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Lousame** ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Lousame con CIF P1504300C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Mellora do viario en Croído”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo polo Enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro Núm. Coleg 22.992

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así

como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	<b>70.544,81</b> euros
Gastos xerais 13,00%	<b>9.170,83</b> euros
Beneficio Industrial 6,00 %	<b>4.232,69</b> euros
IVE (21%)	<b>17.629,15</b> euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>101.577,48</b> euros

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **70.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **68,91291** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **68,91291** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.



Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54<sup>o</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederáse ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de

Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitud un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**25.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de OLEIROS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de mellora da eficiencia enerxética, da accesibilidade e posta en valor da finca Tenreiro.**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e o Concello de **Oleiros** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das **OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA, DA ACCESIBILIDADE E POSTA EN VALOR DA FINCA Tenreiro** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros para cofinanciar as obras de Mellora da eficiencia enerxética, da accesibilidade e posta en valor da finca Tenreiro para uso de albergue xuvenil municipal, cunha achega provincial de **300.000,00 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/93391/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **457.400,84 euros**.

## ANEXO

### CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OLEIROS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA, DA ACCESIBILIDADE E POSTA EN VALOR DA FINCA TENREIRO

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

### REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación da Coruña

E doutra parte o/a representante do **Concello de Oleiros**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

### MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Oleiros** considera de primeira necesidade levar a cabo as obras de Mellora da eficiencia enerxética, da accesibilidade e posta en valor da finca Tenreiro

“O Concello de Oleiros dispón dunha parcela cunha edificación de valor histórico construída en 1875 situada no lugar de Vilanova, parroquia de San Pedro de Nós; e que foi adquirida o 30 de novembro de 2010 nun estado de total ruína. Entendendo que se

trata dunha edificación de carácter histórico singular, desde o Concello propónse a rehabilitación integral do mesmo e da finca de máis de 30.000 m<sup>2</sup> para evitar o deterioro deste inmovible e a adaptación da parcela circundante para dedicala a horta e vexetación autóctona, mantendo a vexetación existente de alto valor ambiental, cuestión de vital importancia para as administracións públicas na actualidade.

A singularidade deste proxecto social e comunitario nada ten que ver coas obrigas da Lei de Bases de Réxime Local á que están supeditados os concellos, sendo esta unha obra de claro interese provincial e de compromiso coa eficiencia enerxética e de recuperación do patrimonio histórico.

Neste sentido o albergue dará servizo non só á poboación do núcleo urbano no que se encontra situada xeograficamente a infraestrutura (parroquia de Nós) senón que dará servizo á poboación da contorna do Concello de Oleiros xa que se pensa no proxecto como un lugar de intercambio xeracional e sociocultural de carácter xuvenil onde se poidan levar a cabo diferentes campamentos, con ou sen pernocta, actividades, obradoiros, intercambios... onde crianzas e mocidade de outros concellos limítrofes da área da Coruña poidan compartir actividades de ocio, educativas didácticas e de tempo libre.”

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar ditas obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Oleiros** ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Oleiros** con CIF **P1505900I**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “**obras de Mellora da eficiencia enerxética, da accesibilidade e posta en valor da finca Tenreiro para uso de albergue xuvenil municipal**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución de marzo de 2022 redactado polo arquitecto Fernando Martínez López **Nº colexiado 3201**

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio,



a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	317.661,53 euros
Gastos xerais 13,00%	41.296,00 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	19.059,69 euros
IVE (21%)	79.383,62 euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>457.400,84 153 euros</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **300.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **65.58799** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **65.58799** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/93391/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non

supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no

seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na

Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á

existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**26.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de ROIS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de rehabilitación de edificio para punto de atención á infancia en Urdilde**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1º.- Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o **Concello de Rois** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de **Rehabilitación de edificio para Punto de Atención á Infancia en Urdilde** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

**2º.- Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

**3º.- Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Rois** para cofinanciar as obras de **Rehabilitación de edificio para Punto de Atención á Infancia en Urdilde** cunha achega provincial de **80.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/3230/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **77.97812 %** respecto dun orzamento de **102.592,88 euros**.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

**ANEXO**

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ROIS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA EN URDILDE**

Na Coruña, a \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

## REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Rois**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

## MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Rois** considera de primeira necesidade as obras de **Rehabilitación de edificio para Punto de Atención á Infancia en Urdilde**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

*“...Nos últimos anos experimentouse no concello de Rois un auxe das familias que utilizaron os servizo de conciliación do concello e que demandaron servizos complementarios coma os de gardería e escola infantil para os nenos de 0 a 3 anos de idade. Actualmente o concello conta cunha escola infantil de 38 prazas que é totalmente insuficiente como se leva manifestando nos últimos períodos de matrícula nos que quedaron ata 17 nenos e nenas en lista de agarda. Para solventar esta carencia e tralas reunións mantidas co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar optouse polo acondicionamento da antiga escola unitaria de Urdilde coma Punto de Atención á Infancia. Para eso encargouse proxecto técnico ao arquitecto Ignacio Piñeiro de la Torre para a rehabilitación de dito edificio para adaptalo ao novo uso que se lle pretende dar.”*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Rois** ambas as dúas partes



## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Rois con CIF P1507500E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de **Rehabilitación de edificio para Punto de Atención á Infancia en Urdilde**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo **D.Ignacio Piñeiro de la Torre** N° colexiado 3847

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Presupuesto de ejecución material	71.250,00
13% de gastos generales	9.262,50
6% de beneficio industrial	4.275,00
Suma 84.787,50    21%	17.805,38

### ORZAMENTO DE LICITACIÓN

**102.592,88 euros**

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **80.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **77.97812 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **77.97812 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente

xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3230/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención

alomenos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

#### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da

Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**27.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo para a execución das obras "Melloras na estrada DP-1901 Carballo a Sísamo, Fase III" e ulterior cesión das obras e da estrada ao Concello de Carballo.**

Sr. Secretario

Neste asunto, en relación ao anexo co convenio que está ditaminado pola comisión informativa, hai que facer unha pequena modificación porque se fai alusión á aprobación dos plenos de ambas as institucións e o do Concello de Carballo aínda no se ten producido, asíñase hoxe. Polo tanto, suprimimos esa mención na acta do Pleno.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"APROBAR O TEXTO E A FORMALIZACIÓN dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Carballo para a execución e financiamento das obras incluídas no proxecto "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III" Pk 0+802,50 a Pk 2+670, así como a ulterior cesión da estrada DP

1901 ao concello de Carballo.

ANEXO: TEXTO DE CONVENIO

## **ANEXO**

---

### **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO PARA A EXECUCIÓN E FINANCIACION DAS OBRAS DE MELLORAS NA ESTRADA DP -1901 CARBALLO A SÍSAMO, FASE III E ULTERIOR CESIÓN DAS OBRAS E DA ESTRADA AO CONCELLO DE CARBALLO.**

Na Coruña, a

Ante min, \_\_\_\_\_, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte D. \_\_\_\_\_, en representación do Concello de Carballo.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

#### **MANIFESTAN**

O tramo da Estrada Provincial DP-1901, experimenta unha alta densidade de tráfico e precisa obras de ampliación e mellora da estrada, tanto nos firmes e pavimento como no mobiliario urbano para mellorar a seguridade viaria así como para dotar aos terreos da urbanización necesaria, para mellorar a calidade dos servizos a prestar aos cidadáns.

O Concello de Carballo, en coordinación coa Deputación, redactou o proxecto de "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III"

As obras consistirán na vialidade e servizos necesarios para dotar aos terreos da urbanización necesaria, é dicir: Abastecemento de auga, saneamento (fecais), saneamento (pluviais), infraestructura de enerxía eléctrica (Media e Baixa Tensión), alumeadado público, rede de Telecomunicacións (Telefonía e Cable), dotación de firmes e pavimentos, mobiliario urbán.

O 29 de novembro de 2022, o Servizo de Vías e Obras presenta informe favorable sobre a viabilidade desta proposta, a efectos da súa inclusión na décima fase do Plan de Vías Provinciais 2022 polo que respecta ás obras provinciais.

A execución das obras incluídas no proxecto precisan a tramitación do correspondente expediente de expropiación, como trámite previo á contratación das mesmas.

A Deputación Provincial e o Concello de Carballo consideran necesario coordinar a súas actuacións para executar as obras incluídas en dito proxecto, pois desta maneira poderíanse executar simultaneamente as obras de competencia provincial e as obras de competencia municipal relativas aos servizos, optimizando custos, simplificando a execución e reducindo os tempos de execución, tramitándose a cesión da titularidade da



estrada ao Concello de Carballo para o seu ulterior mantemento e conservación.

Por todo o exposto, as partes:

## **A C O R D A N**

Formalizar o presente Convenio de Cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente Convenio ten por obxecto coordinar as actuacións entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo con CIF P1501900C, para a execución da obra incluída no proxecto “Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III” Pk 0+802,50 a Pk 2+670 redactado por José Manuel Facal Fariña e David Piña Villar en data Novembro 2022, e ulterior cesión da estrada DP 1901 ao Concello de Carballo.

### **II.- PROXECTO E PERMISOS**

A Deputación da Coruña tramitará a inclusión do proxecto no Plan de Vías Provinciais 2022 décima fase polo que respecta ás obras de titularidade provincial.

O Concello de Carballo aprobará igualmente o proxecto polo que respecta ás obras de titularidade municipal.

O Concello de Carballo tramitará as correspondentes autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, Augas de Galicia e demais que correspondan.

### **III.- EXPROPIACIÓNS**

Unha vez aprobado o proxecto e tendo en conta que o proxecto contempla actuacións que conlevan a expropiación de terreos, ao non existir dispoñibilidade, a Deputación tramitará o correspondente expediente de expropiación e aboará os xustiprezos que procedan, unha vez aprobado definitivamente o Plan de Vías Provinciais décima fase, onde se inclúe este proxecto.

### **IV.- CAMBIO DA TITULARIDADE DA ESTRADA**

A Deputación comprométese a tramitar o cambio de titularidade da estrada DP 1901 a favor do Concello de Carballo unha vez executadas as obras

Así mesmo, o Concello de Carballo comprométese a tramitar a aceptación da cesión da citada estrada

Os acordos de cesión por parte da Deputación e aceptación da estrada por parte do Concello de Carballo xurdirán efecto unha vez que a Xunta de Galicia aprobe a devandita transferencia e se formalice a correspondente acta de entrega, que conlevará a baixa no inventario da Deputación e no catálogo provincial de estradas.

### **V.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS**

#### **V.1. Delegación da Contratación**

A Deputación da Coruña comprométese a tramitar a delegación da contratación das obras incluídas no proxecto de “Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III” Pk 0+802,50 a Pk 2+670 no Concello de Carballo simultaneamente á aprobación do proxecto

O Concello de Carballo comprométese a tramitar a aceptación da delegación para contratar.

## V.2. Prego de cláusulas administrativas

O Concello de Carballo, unha vez aprobado polo órgano competente e formalizado o presente convenio, e conte cos terreos e as autorizacións pertinentes, contratará, mediante procedemento aberto e con arranxo aos pregos tipo da Deputación Provincial da Coruña, a execución das obras incluídas no proxecto, á fin de que a súa execución se realice de maneira coordinada e así optimizar custos, simplificar a súa execución e reducir tempos de execución.

## V.3. Comité de expertos

No caso de o procedemento de contratación esixa a constitución de comité de expertos para emitir o informe sobre os criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor, formará parte do mesmo un técnico designado pola Deputación.

## V.4. Adxudicación e formalización

O Concello de Carballo notificará á Deputación a adxudicación e formalización do contrato nun prazo de cinco días hábiles, a contar dende cada un dos actos.

## **VI.- CODIRECCIÓN DAS OBRAS**

A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Carballo, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.

Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polo Servizo de Vías e Obras, non xerando polo tanto gastos neste concepto.

## **VII.- SEGURIDADE E SAÚDE**

A Deputación, dentro do contrato de coordinación de seguridade e saúde vixente, adxudicará os servizos de seguridade e saúde e aboará os gastos que correspondan que unha vez aprobada a certificación final das obras se repercutirán ao Concello de Carballo na parte proporcional en base á porcentaxe que se indica na cláusula XI apartado III.

A Deputación, no prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende a adxudicación notificará ao Concello de Carballo a adxudicación deste contrato.

No entanto, o Concello de Carballo aprobará o correspondente plan de seguridade e saúde, previo informe do coordinador.

## **VIII.- CONTROL DE CALIDADE**

A Deputación, dentro do contrato de coordinación do control de calidade vixente, adxudicará os servizos de control de calidade e aboará os gastos que correspondan que unha vez aprobada a certificación final das obras se repercutirán ao Concello de Carballo na parte proporcional en base á porcentaxe que se indica na cláusula XI apartado III.

A Deputación, no prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende a adxudicación notificará ao Concello de Carballo a adxudicación deste contrato.

## **IX.- INICIO DAS OBRAS E COMPROBACIÓN DO REPLANTEO**

Ao acto de comprobación do replanteo asistirá un técnico designado pola Deputación Provincial da Coruña.

A estes efectos o Concello de Carballo notificará ao Servizo de Vías e Obras da

Deputación a data de comprobación do replanteo con cinco días hábiles de antelación.

## X.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Os orzamento de execución da obra é o seguinte:  
 proxecto DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO. MELLORAS NA ESTRADA, FASE III, cun importe total de 2.279.527,63 euros, que se desglosan nunha parte que será obxecto de financiamento por parte da Deputación Provincial incluíndose na Décima Parte do Plan de Vías Provinciais 2022, e os incluídos no proxecto de carácter municipal polo importe de 639.482,57 euros, con arraxo ao seguinte desglose:

Proxecto completo		Obra Deputación	Porcentaxe Deputación	Obra Concello	Porcentaxe Concello	
P.E.M.	1.583.115,24	1.138.999,28		444.115,96		P.E.M.
G. Xerais	205.804,98	148.069,91		57.735,07		G. Xerais
B. Industrial	94.986,91	68.339,95		26.646,96		B. Industrial
Valor estimado	1.883.907,13	1.355.409,14		528.497,99		Valor estimado
IVE	395.620,50	284.635,92		110.984,58		IVE
Presup. Base licit.	<b>2.279.527,63</b>	<b>1.640.045,06</b>	<b>71,95 %</b>	639.482,57	28,05%	Presup. Base licit.

## XI.- FINANCIAMENTO

### XI.I.- Obras

- As obras obxecto de aprobación a incluír no Plan de Inversión en Vías Provinciais 2022 Décima Fase, e que serán **financiadas pola Deputación**, son as que se detallan a continuación.

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	FINANCIACIÓN	EXPROPIACIÓNS
2022.1110.0012.0	DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO. MELLORAS NA ESTRADA, FASE III	CARBALLO	1.640.045,06 €	100% DEPUTACIÓN	116.835,70 €

- As obras que serán **financiadas polo Concello de Carballo** son as seguintes:

-

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2022.7490.0002.0	SERVICIOS MUNICIPAIS INCLUIDOS NO PROXECTO DP	CARBALLO	639.482,57 €

1901	CARBALLO A SISAMO. MELLORAS NA ESTRADA, FASE III		
------	---	--	--

OBRAS DE COMPETENCIA MUNICIPAL		
Capítulo	Concepto	Importe
3	Servizos urbanos municipais	424.757,16 €
6	Mobiliario Urbano e xardinería	16.124,28 €
10	Seguridade e saúde (parte proporcional 28,05%)	3.234,52 €
TOTAL PEM		444.115,96 €
Total Valor Estimado Obras municipais (sin IVA)		528.497,99 €
Total Presupuesto Licitación Obras municipales		639.482,57 €

Ambas partes fan constar que no capítulo 10 do proxecto: Estudo de seguridade e saúde está incluído no proxecto por importe de 11.531,28 €, do cal corresponde á Deputación o importe de 8.296,76 € e ao Concello de Carballo 3.234,52 €

### XI.II.- Expropiacións

EXPROPIACION	FINANCIACIÓN	OBSERVACIÓNS
116.835,70 €	100% DEPUTACIÓN	Calquera incremento do xustiprezo previsto (valoracións complementarias, xurado de expropiación, contencioso, intereses...), será financiado pola Deputación.

### XI.III.- Coordinación de seguridade e saúde e control de calidade:

A Deputación levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde, e o control de calidade, e asumirá, no seu caso, os gastos que deste feito deriven, repercutindo ao Concello os importes pagados por este concepto no relativo á Obra Municipal e que a continuación se desagregan:

	Coordinación de Seguridade e Saúde	Control de Calidade	FINANCIACIÓN
Deputación da Coruña	9.339,83 €	22.780,07 €	71,95%
Concello de Carballo	3.641,71 €	8.882,23 €	28,05%
TOTAL	12.981,54 €	31.662,30 €	

### XI.IV.- Resumen financiamento Deputación:

CONCEPTO	IMPORTE	Porcentaxe de financiación
Expropiacións	116.835,70 €	100 %
Obras	1.640.045,06 €	
Coordinación de seguridade e saúde	9.339,83 €	71,95 %
Control de calidade	22.780,07 €	
Dirección de obra	Servizos técnicos Deputación	
TOTAL	1.789.000,66 €	

### XI.V.- Resumen financiamento Concello de Carballo

CONCEPTO	IMPORTE	Porcentaxe de financiación
Expropiacións	0,00 €	0 %

Obras	639.482,57 €	
Coordinación de seguridade e saúde	3.641,71 €	28,05 %
Control de calidade	8.882,23 €	
Dirección de obra	Servizos técnicos concello ou medios externos	
TOTAL	652.006,51 €	

#### **XI.VI.- Baixas**

As baixas que puidese orixinar esta obra se aplicarán proporcionalmente a cada unha das institucións asinantes do presente convenio, en base ao coeficiente de financiación indicado nos apartados anteriores.

#### **XI.VII.- Gasto plurianual**

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentarias

O Concello de Carballo autoriza á Deputación a consultar os datos correspondentes á acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

#### **XII.- PUBLICIDADE. SINALIZACIÓN:**

O Concello de Carballo en todos os documentos e anuncios relacionados coa obra a que se refire o presente convenio fará constar que foi financiada pola Deputación Provincial, así como, o importe da financiación provincial.

Asimesmo, fará constar no correspondente cartel de obra, que se ubicará na estrada de forma visible, esta circunstancia

#### **XIII.- PAGOS. CERTIFICACIÓNS DE OBRA E CONTRATOS COMPLEMENTARIOS. ABOAMENTO**

##### **XIII.I.- Certificacións de obra.**

As certificacións mensuais que emita a dirección de obra serán aprobadas polo órgano de contratación do Concello de Carballo e aboadas polo devandito concello ao contratista dentro dos prazos establecidos na LCSP.

##### **XIII.II.- Aboamento gastos seguridade e saúde e control de calidade.**

A Deputación, dentro do contrato de coordinación de seguridade e saúde vixente, adxudicará os servizos de seguridade e saúde e aboará os gastos que correspondan que unha vez aprobada a certificación final das obras se repercutirán ao Concello de Carballo de acordo coa seguinte desagregación:

	<b>Coordinación de Seguridade e Saúde</b>	<b>Control de Calidade</b>	<b>FINANCIACIÓN</b>
Deputación da Coruña	9.339,83 €	22.780,07 €	71,95%
Concello de Carballo	3.641,71 €	8.882,23 €	28,05%
TOTAL	12.981,54 €	31.662,30 €	

#### **XIV.- MODIFICACIONES:**

As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos arts. 204, 205 e 242 da LCSP.

A estes efectos o órgano de contratación remitirá a Deputación o proxecto modificado a efectos da súa supervisión, detallando as modificacións que correspondan as obras de titularidade provincial e as modificacións que correspondan a obras de titularidade municipal.

O proxecto modificado será sometido a informe de Secretaría e Intervención dos dous organismos e aprobación no seu caso, dos órganos competentes de ambas entidades, requirindo a previa existencia de crédito adecuado e suficiente dos entes financiadores de acordo coa natureza das obras, que será aboadas por cadanseu organismo en base ao porcentaxe de financiación indicado.

#### **XV.- RECEPCIÓN DA OBRA:**

O Concello de Carballo notificará cunha antelación de dez días como mínimo, a data prevista da acta de recepción para que poida asistir, ademáis do codirector, un técnico da Deputación na súa condición de representante da Administración.

#### **XVI.- CERTIFICACIÓN FINAL E LIQUIDACIÓN DAS ACHEGAS.**

O Concello de Carballo aboará directamente ao contratista o importe correspondente a certificación final das obras.

Liquidación das achegas:

- Obras

A Deputación aboará ao Concello de Carballo o importe da súa achega, unha vez emitida a certificación final, previa remisión á Deputación por parte do Concello de Carballo das correspondentes certificacións e facturas.

- Gastos de seguridade e saúde e control de calidade

O Concello de Carballo aboará á Deputación o importe dos seus gastos por estes conceptos, unha vez emitida a certificación final da obra, previa remisión por parte da Deputación ao Concello de Carballo das correspondentes facturas.

#### **XVII.- ACTA DE ENTREGA**

A Deputación Provincial, unha vez formalizada a acta de recepción das obras de "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III", e previa á aprobación por parte da Xunta da cesión da estrada, entregará ao Concello de Carballo as citadas obras e a estrada provincial DP 1901, para a súa adscrición aos servizos de titularidade municipal, a cuxos efectos **formalizarase a correspondente acta de entrega**. A partir de dita entrega o Concello farase cargo dos gastos de conservación e mantemento das citadas obras e instalacións.

#### **XVIII.- REVISIÓN DE PREZOS:**

No suposto en que proceda a revisión excepcional de prezos o Concello de Carballo remitirá a Deputación a resolución de aprobación da revisión de prezos nos cinco días

seguintes a súa aprobación á Deputación para que proceda a aboar ao contratista o coeficiente de financiación correspondente previa verificación de que se cumpren os requisitos indicados na normativa de revisión de prezos e existencia de crédito adecuado e suficiente.

#### **XIX.- CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA ESTRADA**

O Concello de Carballo asumirá os gastos de conservación e mantemento da estrada a contar dende a formalización da acta de entrega.

#### **XXI.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para coordinar as actuacións derivadas da execución e aplicación do presente convenio constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes por cada unha das institucións asinantes do presente convenio designados polos seus respectivos presidentes.

#### **XXII.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución o incumprimento grave das cláusulas previstas no presente convenio.

#### **XXIII.- VIXENCIA**

O presente Convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a finalización das obras e a formalización da acta de entrega da obra ao Concello, e en todo caso, ata o 31 de outubro de 2025. No entanto, dito prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

#### **XXIV.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa sendo competencia da xurisdicción contencioso-administrativa a resolución dos conflitos que poidan xurdir no cumprimento e execución do presente convenio.

No no previsto no presente convenio, será de aplicación supletoria a Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 22 de decembro de 2022.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**28.- Aprobación da delegación da contratación no Concello de Carballo das obras incluídas no proxecto: "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III" Pk 0+802,50 a Pk 2+670**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Delegar no Concello de Carballo a contratación as obras incluídas no proxecto "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III" Pk 0+802,50 a Pk 2+670.

A delegación comprende a contratación das obras con arranxo aos pregos tipos da Deputación, a adxudicación por procedemento aberto e a formalización dos contratos, a tramitación das correspondentes certificacións de obras, a codirección das obras e o exercicio das prerrogativas inherentes a contratación, a extinción do contrato e demais facultades correspondentes á contratación das obras.

Todo iso condicionado á aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Carballo para a execución e financiación das obras de "melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, fase III e ulterior cesión das obras e da estrada ao concello de Carballo."

**29.- Aprobación da corrección de erro na cláusula 15 do prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea - Next Generationeu (PRTR), onde dí quince días hábiles debe dicir dez días naturais**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Modificar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación mediante procedemento aberto con múltiples criterios de contratos de servizos financiados con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea - Next Generationeu (PRTR), nos seguintes termos:

Onde dí:

Contratos susceptibles de recurso especial en materia de contratación:

Ao tratarse dun contrato susceptible de recurso especial conforme ao artigo 58 do Real Decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a



modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores, de conformidade co disposto no art. 153.3 LCSP.

Debe dicir:

Contratos susceptibles de recurso especial en materia de contratación:

Ao tratarse dun contrato susceptible de recurso especial conforme ao artigo 58 do Real Decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran dez días naturais desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

2º.- Publicar o contido do citado prego emendado, para darlle unha maior difusión no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da Deputación provincial da Coruña."

**30.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o concello de CERCEDA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de "Mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol "O Outeiro"**

#### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- **Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o concello de **Cerceda** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de **"mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol "O Outeiro"** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- **Exceptuar** para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- **Aprobar** o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Cerceda** para cofinanciar as obras de **"mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol "O Outeiro"** cunha achega provincial de **277.182,41** euros con cargo a la aplicación orzamentaria **0112/3420/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **346.478,01** euros.

**4º.- Condicionar** o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

**5º.- Condicionar a formalización** do convenio a que o concello **acredite a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios e a viabilidade urbanística da obra proxectada** (con carácter previo á contratación das obras)

## ANEXO

### CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DAS INSTALACIONES DEPORTIVAS DO CAMPO DE FÚTBOL “O OUTEIRO””

Na Coruña, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

## REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Cerceda**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

## MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Cerceda** considera de primeira necesidade as obras de

“obras de mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol “O Outeiro””

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello, realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico:

*“...O campo de fútbol do Outeiro, está ubicado nun ámbito territorial, parroquia de Rodís, onde xogan e entrenan varios equipos de fútbol da zona, de distintas categorías e idades.*

*A situación dos vestiarios e das demais infraestruturas é moi básica e deficiente, xa que a súa construción data da década dos 70 do século pasado, polo que xa non están adaptadas á práctica normal das actividades deportivas que alí se desenvolven.*

*Por outra banda, a situación do céspede reporta múltiples incidencias e carencias derivadas dunha presenza anormal de humidade, o que fai preciso unha actuación integral, xa que a drenaxe do mesmo é totalmente ineficiente, polo en época de choiva (bastante habitual en Galicia), o xogo resulta practicamente impracticable.*

*Todo elo, sin esquecer que a actuación trátase principalmente, da construción dunhas gradas para o público que asiste ós partidos xa que agora este sitúase nunha franxa colindante ca estrada autonómica Ponte do Porco a Muros, con alto volumen de tráfico, sobre todo de camións de gran tonelaxe con destino a Sogama e Polígono Industrial, o cal supón un perigo non só para os espectadores senon tamén para a seguridade vial.”*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cerceda** ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Cerceda con CIF P1502400C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de mellora das instalacións deportivas do campo de fútbol “O Outeiro”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos: Miguel Fiuza Canosa.. Colegiado Núm. 31.521.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	240.626,43 euros
Gastos xerais 13,00%	31.281,44 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	14.437,59 euros
IVE (21%)	60.132,55 euros
<b>ORZAMENTO DE LICITACIÓN</b>	<b>346.478,01 euros</b>

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **277.182,41** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00%** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

**Tampouco** se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto

efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54<sup>o</sup> das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

## **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade

beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.



2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

**31.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da rede de saneamentos en As Pontigas", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan**

## único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0140.0

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da rede de saneamento en As Pontigas", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0140.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cedeira	2022.2000.0140.0	Ampliación da rede de saneamento en As Pontigas	99.963,73	0,00	99.963,73

Logo de presentar o Concello de Cedeira un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 7 de xullo de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Igor Vergara Otero, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado polo Pleno municipal o 29 de setembro de 2022, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adjudicar, coa finalidade de suprimir unha parte do trazado previsto no proxecto inicial e que tiña un complexo mantemento e a súa substitución por novos ramais co obxecto de atender a demanda de varios veciños que solicitan a conexión das súas vivendas coa rede xeral de saneamento xa existente en As Pontigas, conexión que non estaba prevista no proxecto inicial, aproveitando para actualizar os prezos de todo o proxecto construtivo á situación actual do mercado

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial a proposta do seu Servizo de Vías e Obras e a da Directora de Augas de Galicia, do 11 de agosto de 2022 e do 7 de outubro de 2022, respectivamente, autorizando as actuacións contidas neste proxecto modificado do 7 de xullo de 2022, coa imposición dunha serie de condicións

Logo de ver o informe da Dirección do Instituto de Estudos do Territorio asinado dixitalmente o 7 de outubro de 2022, no que presta a súa conformidade coas modificacións introducidas no proxecto modificado respecto das actuacións contidas no proxecto inicial que xa contaban co seu informe favorable

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado dixitalmente o 11 de novembro de 2022 polo arquitecto técnico municipal, no que indica que para a execución deste proxecto modificado se require autorización da Deputación da Coruña, de Augas de Galicia e do Instituto de Estudos do Territorio e que as mesmas xa constan no expediente

Logo de ver o informe técnico xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 21 de outubro de 2022 polo arquitecto técnico municipal e pola secretaria do concello, no que esta última conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos inmobles necesarios para a execución do investimento e que constan as autorizacións sectoriais indicadas no informe técnico sobre o investimento

Tendo en conta o informe asinado o 3 de novembro polo técnico redactor deste proxecto modificado asinado dixitalmente o 7 de xullo de 2022, manifestando a compatibilidade entre as obras previstas neste proxecto modificado e as condicións esixidas nas autorizacións das respectivas Administracións afectadas pola execución do investimento: Augas de Galicia, Instituto de Estudos do Territorio e esta deputación.

Logo de constar no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 7 de novembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Ampliación da rede de saneamento en As Pontigas", do Concello de Cedeira, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0140.0, sen variación do seu orzamento total de contrata, que está sen adxudicar, que se aprobou polo Pleno do concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de suprimir unha parte do trazado prevista no proxecto inicial e que tiña un difícil mantemento e substituílo por novos ramais co obxecto de atender a demanda de varios veciños que solicitan a conexión das súas vivendas coa rede xeral de saneamento xa existente en As Pontigas, aproveitando, ademais, para actualizar os prezos de todo o proxecto construtivo á situación actual do mercado, sendo os seus datos os seguintes:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cedeira	2022.2000.0140.0	Ampliación da rede de saneamento en As Pontigas	99.963,73	0,00	99.963,73

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cedeira para os efectos oportunos."

**32.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación do pavimento na Rúa Magdalena", do Concello de Cee, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial co código 2021.2102.0442.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación do pavimento na Rúa Magdalena", do Concello de Cee, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial co código 2021.2102.0442.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2021/30870 do 23/07/2021, que aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, o seguinte investimento do Concello de Cee, cos datos que se reflicten na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Cee	2021.2102.0442.0	Renovación do pavimento na Rúa Magdalena	130.663,33	0,00	130.663,33

Logo de ver que o Concello de Cee, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de xaneiro de 2022, adxudicoulle a obra á empresa EXCAVACIONES POSE, S.L, co NIF B15626922, no prezo de 127.050,00 €, e que no día de hoxe está na súa totalidade pendente de certificar

Logo de aprobar o Concello de Cee un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 3 de decembro de 2022 polo arquitecto e director da obra, José Carlos Leis Caruncho, que xa fora o redactor do proxecto inicial, que conta coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que supón un incremento do orzamento total de adxudicación con respecto do proxecto inicial de 19.049,75 €, cuxo financiamento asume integramente o concello, para darlle cumprimento ás condicións esixidas por Unión Fenosa Distribución respecto das obras de soterramento das instalacións eléctricas que figuran no proxecto técnico

Tendo en conta que este proxecto modificado asinado dixitalmente o 3 de decembro de 2022 é o único proxecto modificado que se somete ata a data de hoxe á consideración do Pleno provincial, aínda que se denomine polo concello “Proxecto modificado nº 2 corrixido”, denominación que se debe a que o Pleno municipal aprobara o 5 de setembro de 2022 un proxecto modificado nº 1, que non se chegou a aprobar por esta deputación por conter deficiencias e que o 25 de novembro de 2022, o Pleno municipal aprobara un proxecto modificado nº 2, asinado o 13 de outubro de 2022, que tiña un erro na transcripción do “coeficiente de adxudicación e no “presuposto líquido de contrata”, polo que tampouco se chegou a aprobar por esta deputación

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (Anexo V), asinado dixitalmente o 2 de decembro de 2022 pola arquitecta municipal, Cayetana Silva Seoane, no que indica que para a execución deste investimento é precisa a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que xa consta no expediente e que o proxecto modificado cumpre as condicións establecidas na dita autorización sectorial

Logo de ver o informe técnico xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 14 de novembro de 2022 polo arquitecto técnico municipal e pola secretaria do concello, no que esta última conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento

Logo de ver o documento contable “RC” de retención de crédito por importe de 19.049,75 € para o financiamento a cargo do concello do incremento do orzamento de adxudicación deste proxecto modificado, asinado dixitalmente pola interventora do concello e sentado no Libro Diario de Contabilidade Orzamentaria con data do 22 de novembro de 2022

Tendo en conta que consta tamén no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 19 de outubro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (SATM) desta deputación en relación coa versión anterior deste proxecto modificado, e que se

asinara dixitalmente o 13 de outubro de 2022, que respecto do proxecto modificado do 3 de decembro de 2022, que é obxecto deste informe, só contiña un erro de transcripción no “coeficiente de adxudicación” e no “presuposto líquido de contrata”, polo que segue sendo válido para este proxecto modificado.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2021, aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña  
ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación de pavimento na Rúa Magdalena”, do Concello de Cee, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial co código 2021.2102.0442.0, que ten un orzamento de adxudicación superior ao do proxecto inicial que é asumido integramente polo concello, que está totalmente pendente de certificar e que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do adxudicatario, coa finalidade de darlle cumprimento ás condicións esixidas por Unión Fenosa Distribución respecto das obras de soterramento das instalacións eléctricas que figuran no proxecto técnico, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Cee Código: 2021.2102.0442.0 “Renovación do pavimento na Rúa Magdalena”	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación
<b>Deputación</b>	130.663,33	127.050,00	130.663,33	127.050,00	0,00
<b>Concello</b>	0,00	0,00	19.591,53	19.049,75	19.049,75
<b>Total</b>	130.663,33	127.050,00	150.254,86	146.099,75	19.049,75

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cee para os efectos de que poida continuar coa execución deste investimento."

**33.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de firme de viais en Escañoi", do Concello de Irixoa, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0169.0**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a  
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de firme nos viais de Escañoi", do Concello de Irixoa, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0169.0, no que se acreditan os seguintes

#### **ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Irixoa	2022.2000.0169.0	Mellora de firme de viais en Escañoi	42.479,73	900,00	43.379,73

Logo de aprobar o Concello de Irixoa por Acordo do Pleno do 29 de setembro de 2022, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 16 de setembro de 2022 polo arquitecto técnico municipal Victorino Corral Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, cun incremento do seu orzamento de contrata de 8.931,32 €, que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxectivo evitar que a licitación quede outra vez deserta, realizando só un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto

Logo de ver o informe emitido polo interventor municipal con data 9 de novembro de 2022 de que na contabilidade municipal existe crédito axeitado e suficiente para facer fronte ao financiamento municipal deste proxecto modificado

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado dixitalmente o 20 de outubro de 2022 polo arquitecto técnico municipal, no que indica que o proxecto modificado non precisa de ningunha autorización sectorial e que os terreos son aptos urbanísticamente para a execución da obra

Logo de ver o informe técnico-xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 20 de outubro de 2022 polo arquitecto técnico municipal e polo secretario-interventor do concello, no que este último conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 28 de setembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de firme nos viais de Escaño", do Concello de Irixoa, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0169.0, que aínda non está adxudicado, dado que quedou deserta a súa licitación e que foi aprobado polo Concello de Irixoa, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa única finalidade de realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado e evitar que a licitación quede novamente deserta, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Irixoa, tal e como se indica na seguinte táboa:

<b>Proxecto modificado con incremento Concello de Irixoa "Mellora de firme de viais en Escaño" Código 2022.2000.0169.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL Contrata</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO Contrata</b>	<b>DIFERENZA Contrata</b>
<b>Deputación</b>	42.479,73	42.479,73	0,00
<b>Concello</b>	900,00	9.831,32	8.931,32
<b>Total</b>	43.379,73	52.311,05	8.931,32

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Irixoa para os efectos oportunos."

**34.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de vial Casalderrique e outros", do Concello de Irixoa, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0170.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento**

## VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Irixoa do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de vial Casalderrique e outros", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0170.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación nº 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, que aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo plenario do 23 de xuño do 2022, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condición pendente
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
Irixoa	2022.2000.0170.0	Mellora de vial Casalderrique e outros	81.813,37	1.158,30	82.971,67	Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas

Logo de ver as Resolúcións ditadas o 12 e o 13 de maio de 2022 polo xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas (en adiante AXI), Felipe de la Vega Gándaras autorizando, cunha serie de condicións, as obras relativas a dúas das actuacións contidas no proxecto inicial incluído no Plan

Logo de aprobar o Concello de Irixoa un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 27 de setembro do 2022 polo técnico municipal de urbanismo do concello, Victorino Corral Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial incluído no Plan, para dar cumprimento aos condicionantes impostos pola AXI e incrementar os prezos do proxecto inicial, que pola inflación, xa non se axustan ao prezos de mercado, co conseguinte incremento do orzamento total do proxecto

Logo de ver o informe asinado polo técnico de urbanismo do concello o 3 de outubro de 2022, no que se indica que este proxecto modificado cumpre as condicións impostas na AXI para autorizar as actuacións previstas nel

Logo de ver o certificado emitido o 9 de novembro de 2022 polo secretario-interventor-tesoureiro municipal acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao incremento do orzamento de contrata deste proxecto modificado

Logo de ver o informe técnico-xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 20 de outubro de 2022 polo arquitecto técnico municipal e polo secretario-interventor do concello, no que este último conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste investimento

Tendo en conta que este investimento está aínda sen adxudicar e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 28 de setembro do 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de vial Casalderrique e outros”, do Concello de Irixoa, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0170.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas para dúas das actuacións contidas no proxecto inicial e que polo tanto aínda non está adxudicado, sendo aprobado polo Concello de Irixoa, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de adaptalo ás condicións establecidas nas Resolucións de autorización da Axencia Galega de Infraestruturas, ditadas o 12 e 13 de maio de 2022 e incrementar os prezos recollidos no proxecto inicial, que debido a inflación, non se axustaban aos prezos de mercado, o que supón un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial que é asumido integramente polo Concello de Irixoa tal e como se indica na seguinte táboa:

<b>Proxecto modificado con incremento Concello de Irixoa “Mellora de vial Casalderrique e outros” Código 2022.2000.0170.0</b>	<b>PROXECTO INICIAL Contrata</b>	<b>PROXECTO MODIFICADO Contrata</b>	<b>DIFERENZA Contrata</b>	<b>CONDICIÓN CUMPRIDA</b>
<b>Deputación</b>	81.813,37	81.813,37	0,00	Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas
<b>Concello</b>	1.158,30	25.204,32	24.046,02	
<b>Total</b>	82.971,67	107.017,69	24.046,02	

2.- Aprobar definitivamente este investimento, logo de considerar cumprida a condición á que fora sometido segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación adoptado o 23 de xuño do 2022 que aproba o POS+2022 e, en consecuencia, levantar a condición suspensiva á que foi sometido.

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Irixoa para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento."

**35.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de camiños municipais: Rúa do Penedo e Franza de Abaixo" do Concello de Mugardos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0206.0**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de camiños municipais: Rúa do Penedo e Franza de Abaixo", do Concello de Mugardos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, co código 2021.2000.0206.0, no que se acreditan os seguintes

**ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo plenario desta deputación adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan Complementario no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Mugardos	2021.2000.0206.0	Mellora de camiños municipais: Rúa do Penedo e Franza de Abaixo	62.097,02	0,00	62.097,02

Logo de aprobar o Concello de Mugardos un proxecto técnico modificado deste investimento cun orzamento de contrata de 74.679,99 €, o que supón un incremento respecto do proxecto inicial incluído no Plan por importe de 12.582,97 € que é asumido integramente polo concello, habida conta do informe de supervisión favorable emitido o 25 de novembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación en relación a esta modificación do proxecto, así como á vista dos correspondentes informes técnicos favorables e coa finalidade de axustar os prezos do proxecto técnico inicial ás necesidades actuais do mercado coa finalidade de posibilitar unha nova licitación da obra

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de camiños municipais: Rúa do Penedo e Franxa de Abaixo”, do Concello de Mugar dos, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0206.0, asinado dixitalmente o 6 de xullo de 2022, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, cun orzamento de contrata de 74.679,99 € e cuxa finalidade é axustar os prezos do proxecto técnico inicial ás necesidades actuais de mercado, o que supón un incremento do seu orzamento de contrata que é asumido integramente polo Concello de Mugar dos, tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello de Mugar dos “Mellora de camiños municipais: Rúa do Penedo e Franxa de Abaixo” Código 2021.2000.0206.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
<b>Deputación</b>	62.097,02	62.097,02	0,00
<b>Concello</b>	0,00	12.582,97	12.582,97
<b>Total</b>	<b>62.097,02</b>	<b>74.679,99</b>	<b>12.582,97</b>

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Mugar dos asume integramente o incremento do financiamento experimentado coa modificación deste proxecto por importe de 12.582,97 €, segundo consta no documento contable de Retención de crédito (RC) do día 18 de novembro de 2022 e de conformidade coa certificación emitida pola interventora do concello.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Mugar dos para os efectos oportunos."

**36.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa nº 3", do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0547.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello das Pontes de García Rodríguez (en adiante As Pontes de G.R.) do proxecto modificado denominado "Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa nº 3", incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0547.0, no que se acreditan os seguintes

#### **ANTECEDENTES**

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019 e o seu Plan Complementario

Logo de ver as Resolucións de Presidencia desta corporación provincial nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª fase do POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no que se inclúe este investimento do Concello das Pontes de G.R. cos datos que se indican:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
As Pontes de G.R	2019.2001.0547.0	Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa nº 3	242.000,00	0,00	242.000,00

Logo de ver que o Concello das Pontes de G.R., mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de febreiro de 2020, adxudicoulle a obra á empresa Construcciones Siber Ordes, S.L., co NIF B70437777, por un importe de 205.579,00, que minoran a achega provincial inicial tal e como se indica na seguinte táboa, na que tamén se reflicten os datos de execución que constan no día de hoxe:

Concello das Pontes de G.R. Código: 2019.2001.0547.0 "Rehabilitación de local sociocultural praza Igrexa nº 3"		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
	Deputación	242.000,00	205.579,00	36.421,00	0,00	205.579,00
Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
<b>Total</b>	<b>242.000,00</b>	<b>205.579,00</b>	<b>36.421,00</b>	<b>0,00</b>	<b>205.579,00</b>	

Tendo en conta que, mediante Acordo da Xunta de Goberno Local do 29 de xuño de 2022, segundo consta na certificación emitida pola secretaria do concello o 30 de xuño de 2022, subida á plataforma telemática o 9 de novembro de 2022, declárase resolto este contrato por mutuo acordo de ambas partes, coa devolución á empresa Construcciones

Siber Ordes S.L da garantía constituída, tras levar as obras paralizadas durante longo período de tempo, logo de descubrirse, co picado de fachadas, graves patoloxías que requiren modificar o proxecto inicial e solicitar unha nova autorización a Patrimonio Cultural, por aparecer o gravado dunha cruz sobre o lintel da porta principal

Tendo en conta que mediante novo acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de xullo de 2022 apróbase a liquidación da obra executada por importe de 611,26 €, que segundo informa a interventora municipal o 2 de decembro de 2022, será financiado exclusivamente con fondos propios municipais e non se utilizará como xustificación da subvención concedida por esta deputación, aprobándose tamén unha indemnización a favor da citada empresa en concepto de beneficio industrial deixado de percibir por importe de 10.163,69 €

Logo de ver a Resolución ditada o 16 de maio de 2022 polo xefe do Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na Coruña, autorizando con condicións as obras contidas nun "Proxecto Modificado Rehabilitación de edificación para local sociocultural na Praza da Igrexa nº3", datado en marzo de 2022, que fora presentado polo Concello das Pontes de G.R. coa finalidade de adaptar o proxecto inicial á situación real do edificio logo do picado das fachadas e que despois non se chegou a aprobar porque tivo que ser modificado de novo polo concello para darlle cumprimento ás condicións impostas para a súa autorización por Patrimonio Cultural na dita Resolución

Logo de ver a Resolución de Augas de Galicia do 1 de xullo de 2022, autorizando as obras do proxecto modificado datado en marzo de 2022 cunha serie de condicións de execución e cunha validez de 24 meses

Logo de aprobar o Concello das Pontes de G.R. un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 17 de outubro de 2022 polos arquitectos encargados da dirección das obras, en representación de Cerna Arquitectos S.C.P, empresa que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento total de contrata superior ao do proxecto incluído no Plan, que é asumido integramente polo concello, coa finalidade de resolver as graves deficiencias estruturais do inmovible, descubertas co repicado das fachadas, dándolle cumprimento nel ás condicións impostas para a súa autorización por Patrimonio Cultural na Resolución do 16 de maio de 2022 e que tamén corrixe as deficiencias advertidas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación (en adiante SATM), nun informe de supervisión desfavorable que fora emitido o 6 de outubro de 2022 respecto dunha versión anterior a este proxecto modificado, que fora asinada o 4 de outubro de 2022 e que polo tanto tampouco se chegou a aprobar

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (Anexo V), asinado dixitalmente o 25 de novembro de 2022 polo arquitecto municipal, Edmundo González Truque, no que indica que para a execución deste proxecto modificado de outubro de 2022 precísanse autorizacións sectoriais da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia, que foron concedidas en datas 16 de maio e 1 de xullo de 2022, respectivamente, non precisándose de ningunha outra autorización, concesión ou informe sectorial

Tendo en conta o informe asinado dixitalmente o 22 de novembro de 2022 pola arquitecta correutora deste proxecto modificado, xustificativo do cumprimento nel das condicións previstas na Resolución de autorización de Augas de Galicia do 1 de xullo de 2022 e que na portada deste proxecto modificado do 17 de outubro de 2022 faise constar polos seus redactores que o mesmo se axusta ás determinacións da Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 16.05.2022, así coma o requirimento da Deputación Provincial da Coruña de data 06.10.2022 (informe de supervisión desfavorable de ATM)

Logo de ver o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (Anexo VI), asinado dixitalmente o 30 e o 25 de novembro de 2022 polo arquitecto e a secretaria do concello, respectivamente, no que esta última indica que o edificio situado na praza da Igrexa número 3 o adquiriu o Concello das Pontes de G.R. mediante escritura, outorgada ante o notario Ángel Castelló Vicedo, con número de protocolo 758, o día 25 de xuño de 2018, polo que conclúe que hai dispoñibilidade do ben para executar as obras

Logo de ver a certificación emitida o 21 novembro de 2022 pola interventora do concello acreditativa de que na sesión plenaria do 21 de novembro de 2022 foi aprobado inicialmente a modificación de crédito na que se recolle unha partida orzamentaria por importe de 107.238,10 € para financiar integramente o incremento de orzamento de contrata que experimenta este proxecto modificado respecto do aprobado inicialmente

Tendo en conta que consta tamén no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 31 de outubro de 2022 polo SATM desta deputación respecto deste proxecto modificado do 17 de outubro de 2022 e que o 2 de decembro de 2022 enviáselle ao concello, a través da plataforma telemática, a notificación da Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2022/50128, do 29 de novembro de 2022, pola que se lle concede ao Concello das Pontes de G.R. a derradeira prórroga de execución deste investimento ata o 30 de novembro de 2023

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables ao POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa nº 3”, do Concello das Pontes de García Rodríguez, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019, co código 2019.2001.0547.0, asinado dixitalmente o 17 de outubro de 2022 polos arquitectos encargados da dirección das obras, que xa redactaran o proxecto inicial incluído no Plan, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e logo da resolución do contrato coa empresa adxudicataria, coa finalidade de resolver as graves deficiencias estruturais do inmovible descubertas co picado das fachadas, dándolle cumprimento nel ás condicións impostas para a súa autorización por Patrimonio Cultural na Resolución do 16 de maio de 2022, tras aparecer o gravado dunha cruz sobre o lintel da porta principal e que tamén corrixe as deficiencias advertidas polo SATM desta deputación nun informe de supervisión desfavorable emitido o 6 de outubro de 2022, tendo este proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello das Pontes de G. R., tal e como se indica na seguinte táboa:

Concello das Pontes de G.R. "Rehabilitación de edificación para local sociocultural na praza da Igrexa nº 3" Código 2019.2001.0547.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación (contrato resolto)		
Deputación	242.000,00	205.579,00	205.579,00	0,00
Concello	0,00	0,00	107.238,10	107.238,10
<b>Total</b>	<b>242.000,00</b>	<b>205.579,00</b>	<b>312.817,10</b>	<b>107.238,10</b>

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/3337/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello das Pontes de García Rodríguez para os efectos oportunos."

**37.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Colector Xeral e EDAR en Chaián", do Concello de Trazo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0490.0**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Colector Xeral e EDAR en Chaián", do Concello de Trazo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018 co código 2018.2200.0490.0, no que se acreditan os seguintes

### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento

Tendo en conta que no apartado 2 do dito acordo indicábase que a aprobación definitiva dalgunhas obras ou subministracións incluídas no POS+2018 quedaba condicionada ao cumprimento das condicións que se indican para cada unha delas, entre as que figuraba este investimento do Concello de Trazo, que se aprobou de forma condicionada á obtención da autorización de Augas de Galicia para saneamento e para vertidos e á acreditación da dispoñibilidade dos terreos, polo que unha vez acreditado o cumprimento destas condicións, mediante a Resolución de Presidencia desta deputación núm. 31488 do 2 de agosto de 2021, consideráronse cumpridas as condicións ás que fora sometido este investimento e aprobouse definitivamente, cos seguintes datos:



Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Préstamo deputación	Achega concello	Orzamento Total
Trazo	2018.2200.0490.0	Colector Xeral e EDAR en Chaián	214.485,85	0,00	214.485,85

Logo de ver que o Concello de Trazo, mediante o Acordo Plenario do 5 de febreiro de 2021, adxudicoulle a obra á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.A., co NIF B15608193, por un importe de 170.420,01 €, que minoran a achega provincial tal e como se indica na seguinte táboa, na que tamén se reflicten os datos de execución que constan a día de hoxe:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
<b>Colector Xeral e EDAR en Chaián Concello de Trazo Código: 2018.2200.0490.0</b>	Deputación Préstamo	214.485,85	170.420,01	44.065,84	0,00	170.420,01
	Achega concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	214.485,85	170.420,01	44.065,84	0,00	170.420,01

Logo de aprobar o Concello de Trazo, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria e da redactora do proxecto inicial, un proxecto técnico modificado deste investimento, datado en xuño de 2002 e asinado dixitalmente o 5 de agosto de 2022 polo enxeñeiro de caminos canles e portos e director da obra, Óscar M. Sanmartín Abad, cun incremento do seu orzamento de contrata con respecto do proxecto inicial ante as dúbidas xurdidas sobre a titularidade da parcela na que se ía localizar a EDAR, para situala noutra parcela que é de titularidade municipal, aproveitando ademais, dado o crecemento de poboación no núcleo de Chaián dende a redacción do proxecto inicial, para deixar recollidos os elementos de depuración necesarios cara a unha futura ampliación da capacidade da EDAR

Logo de ver a Proposta de Resolución de Augas de Galicia, asinada o 4 de novembro de 2022 pola xefa de Área de Vertidos, pola que se modifica a anterior autorización de vertido que outorgara ao Concello de Trazo mediante a Resolución do 5 de novembro de 2018, respecto dos condicionantes 3º e 4º, relativos ao punto de vertido e ao tratamento das augas residuais, pero mantendo o contido dos demais condicionantes establecidos na dita Resolución do 5 de novembro de 2018, concedendo ao concello un prazo de dez días para que manifieste a súa conformidade coa proposta do 4 de novembro de 2022 ou presente as alegacións que estime convenientes; doutro xeito, indícase que se entenderán aceptados os termos da dita proposta

Logo de ver o informe da Secretaria-Interventora do concello de Trazo, asinado dixitalmente o 21 de novembro de 2022, no que manifiesta que o concello acepta integramente a proposta de Resolución favorable de Augas de Galicia, non tendo intención de presentar alegación algunha e solicita ao dito organismo que se remita coa maior brevidade posible a Resolución definitiva

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (Anexo V), asinado dixitalmente o 23 de novembro de 2022 polo director da obra, no que indica que para o inicio da execución das obras foi necesaria a autorización de Augas de Galicia, que xa emitiu unha autorización para o proxecto inicial, que as obras contidas neste proxecto modificado

executaránse en zona de policía do Río Tambre, polo que o proxecto modificado foi remitido novamente a Augas de Galicia que emitiu unha proposta de Resolución favorable, cumprindo o proxecto coas condicións contidas na dita proposta e que o cambio de ubicación non repercute na necesidade de novas autorizacións sectoriais

Logo de ver o informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (Anexo VI), asinado dixitalmente o 25 de agosto do 2022 polo director da obra e a secretaria-interventora do concello no que o técnico indica que as obras desenvólvense en terreos de titularidade municipal, polo que non será necesario realizar expropiacións e a secretaria do concello informa de que o concello conta con todas as autorizacións necesarias dos organismos competentes para a realización das obras comprendidas neste proxecto modificado

Logo de ver o Informe asinado dixitalmente o 2 de setembro de 2022 polo secretario-interventor accidental do concello no que indica que existe crédito suficiente para asumir por parte do concello a cantidade de 25.222,41 €, á que ascende o incremento do prezo do contrato que require de modificación

Tendo en conta que o proxecto modificado de data de xuño de 2022 e asinado dixitalmente o 5 de agosto de 2022 foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 12 de agosto de 2022 e que consta tamén no expediente a solicitude de prórroga do prazo de execución deste investimento, efectuada pola Alcaldía do concello o 11 de novembro de 2022 e a Resolución da Presidencia desta corporación provincial concedéndolle a dita prórroga ata o 30 de novembro de 2023

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Colector Xeral e EDAR en Chaián”, do Concello de Trazo, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2200.0490.0, que está adxudicado e pendente de certificar na súa totalidade, que se aprobou polo concello previa conformidade da empresa adxudicataria e da redactora do proxecto inicial, cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e con todas as autorizacións sectoriais preceptivas, pola necesidade de reubicar a EDAR noutra parcela distinta da prevista no proxecto inicial ante as dúbidas xurdidas sobre a titularidade da mesma, para situala noutra parcela que é de titularidade municipal, aproveitando ademáis, dado o crecemento de poboación no núcleo de Chaián dende a redacción do proxecto inicial, para deixar recollidos os elementos de depuración necesarios cara a unha futura ampliación da capacidade da EDAR, e tendo este proxecto modificado un incremento do seu orzamento que é asumido integramente polo Concello de Trazo, tal e como se indica na seguinte táboa:

Colector Xeral e EDAR en Chaián Concello de Trazo Código: 2018.2200.0490.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Adxudicación

<b>Deputación Préstamo</b>	214.485,85	170.420,01	214.485,85	170.420,01	0,00
<b>Achega concello</b>	0,00	0,00	31.744,23	25.222,41	25.222,41
<b>Total</b>	214.485,85	170.420,01	246.230,08	195.642,42	25.222,41

2.- Na partida 0430/9435/82120 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento do préstamo provincial a este investimento por importe de 170.420,01 €, que é o importe de adxudicación do proxecto inicial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Trazo para os efectos oportunos."

**38.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforzo do firme de calzada, contorna e accesos ao igrexario de Armental, O Priorato e Ramal en Follente", do Concello de Vilasantar, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0282.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento**

### VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforzo do firme de calzada, contorna e accesos ao igrexario de Armental, O Priorato e Ramal en Follente", do Concello de Vilasantar, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0282.0, no que se acreditan os seguintes

#### ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Tendo en conta que, segundo o disposto no apartado 2 do citado acordo plenario do 23 de xuño do 2022, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Vilasantar cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condición pendente
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
Vilasantar	2022.2000.0282.0	Reforzo do firme de calzada, contorna e accesos ao igrexario de Armental, O Priorato e Ramal en Follente	68.241,59	993,41	69.235,00	Autorización de Patrimonio Cultural

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, asinada dixitalmente o 28 de outubro de 2022 polo xefe do Servizo de Coordinación Cultural, que autoriza as obras proxectadas en Follente e no Armental (Eirixe), condicionada, neste último caso, a que se limite á conservación e mantemento do existente, pero non autoriza as obras no Priorato, por considerar que o pavimento proxectado en asfalto non se integra coa debida corrección no ámbito patrimonial afectado e deberá ser substituído ben por outros pavimentos naturais utilizados tradicionalmente na zona ou ben por outros pavimentos cun mellor envellecemento natural

Logo de presentar o Concello de Vilasantar un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 11 de novembro de 2022 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Manuel Ángel Pisos Veiga, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado por Decreto da Alcaldía do 23 de novembro de 2022, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adjudicar, coa única finalidade de eliminar do proxecto a actuación no Priorato, non autorizada por Patrimonio Cultural, e substituíla por unha actuación no Porto, que non necesita autorización de Patrimonio Cultural

Logo de ver o informe técnico (Anexo V), asinado dixitalmente o 23 de novembro de 2022 polo técnico municipal, no que indica que para a execución deste proxecto modificado só é necesaria a autorización de Patrimonio Cultural para a actuación no Armental (Eirexe) e a presentación de declaración responsable ante Augas de Galicia para a actuación do Porto, que ambas as dúas xa constan no expediente e que o proxecto modificado se axusta aos condicionantes esixidos por Patrimonio Cultural para a actuación no Armental

Logo de ver o informe técnico xurídico (Anexo VI), asinado dixitalmente o 23 de novembro de 2022 polo técnico municipal e pola secretaria-interventora do concello, no que esta última conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste proxecto modificado

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 14 de novembro de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente

mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado "Reforzo do firme de calzada, contorna e accesos ao igrexario de Armental, O Priorato e Ramal en Follente", do Concello de Vilasantar, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0282.0, que fora aprobado polo Pleno desta deputación de forma condicionada á obtención da autorización de Patrimonio Cultural e polo tanto aínda non está adxudicado, que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de eliminar do proxecto a actuación no Priorato, non autorizada por Patrimonio Cultural e substituíla por unha actuación no acceso ao núcleo do Porto, que tan só necesita da presentación dunha declaración responsable ante Augas de Galicia, manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento			Condición cumprida
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
Vilasantar	2022.2000.0282.0	Reforzo do firme de calzada, contorna e accesos ao igrexario de Armental, O Priorato e Ramal en Follente	68.241,59	993,41	69.235,00	Autorización de Patrimonio Cultural

2.- Aprobar definitivamente este investimento, logo de considerar cumprida a condición á que fora sometido segundo o apartado 2 do acordo plenario desta deputación adoptado o 23 de xuño do 2022 que aproba o POS+2022 e, en consecuencia, levantar a condición suspensiva á que foi sometido, por constar no expediente a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, asinada dixitalmente o 28 de outubro de 2022 polo xefe do Servizo de Coordinación Cultural, que autoriza a actuación no Armental (Eirixe), xunto co correspondente informe do técnico municipal no que indica que o proxecto modificado cumpre as condicións que impón a dita autorización e ademais, ter presentado o concello a declaración responsable ante Augas de Galicia para a nova actuación do Porto.

3.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Vilasantar para os efectos oportunos."

**39.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de concellos do Camiño Inglés para o financiamento do proxecto "Famtrip e Presstrip Camiño Inglés Fairway 2021"**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

## ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

Considerando a celebración do Fairway (o Forum do Camiño de Santiago) entre o 4 e o 7 de novembro de 2021, dende a Asociación de Concellos do Camiño inglés considerouse como unha acción estratéxica a organización dun formato mixto de Fam Trip e Press Trip polo Camiño Inglés, polo que solicitou subvención por rexistro xeral da Deputación en data 2 de novembro de 2021. Dita acción tivo lugar nos días previos á celebración do Fairway, para aproveitar o fluxo dos principais operadores turísticos internacionais, xornalistas e blogueiros especializados no Camiño Inglés que se desprazaron a Santiago de Compostela para acudir ao mesmo. Dado que estes axentes participan no Fairway coa intención de reunirse coas principais empresas e entidades que ofrecen servizos e/ou produtos do Camiño co fin de desenvolver os seus paquetes turísticos e/ou promocionar o Camiño Inglés, dende a Asociación consideramos que un Fam Trip / Press Trip podería contribuír moi positivamente ao coñecemento do Camiño Inglés por parte destes operadores e, polo tanto, á súa comercialización e posicionamento tanto no mercado nacional como no internacional, e ademais realizouse, mediante deseño e edición, un Mapa-folleto 'Reading for Modern Pilgrims' co fin de ser utilizado con fins promocionais desta rama do camiño dentro do territorio británico.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e co ASOCIACIÓN CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS CIF G70586425 para financiar o proxecto "FAMTRIP E PRESSTRIP CAMIÑO INGLÉS FAIRWAY 2021"

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.487,78 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,000 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/481.

7º Dada a imposibilidade do cumprimento dos prazos indicados na proposta inicial, modifícanse e ampliáanse os mesmos, para posibilitar o cumprimento por parte da asociación.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a**

**ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "FAMTRIP E PRESSTRIP CAMIÑO INGLÉS FAIRWAY 2021"**

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte ..... en representación da Deputación da Coruña

E doutra parte, ....., en representación da ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

- 1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS consideran de gran interese para a provincia financiar un Fam Trip e Press Trip polo Camiño Inglés. Dita acción tivo lugar nos días previos á celebración do Fairway 2021 Feira dos Camiños de Santiago, para aproveitar o fluxo dos principais operadores turísticos internacionais, xornalistas e blogueiros especializados no Camiño Inglés que se desprazaron a Santiago de Compostela para acudir ao dito Congreso.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS**, CIF G70586425, , polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto "FAMTRIP E PRESSTRIP CAMIÑO INGLÉS FAIRWAY 2021" tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR**

O ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

**Famtrip e Presstrip Camiño Inglés Fairway 2021**

- Deseño e organización do percorrido a realizar polo Camiño Inglés
- Desprazamentos dos participantes
- Aloxamento e manutención dos participantes
- Guía acompañante
- Visitas guiadas

Total orzamento Famtrip e Presstrip: 19.700 € + IVE (21% = 4.137 €) = 23.837 €

## **Mapa-folleto 'Reading for Modern Pilgrims'**

- Deseño e impresión do mapa-folleto

Total orzamento mapa-folleto: 1.433 £ (1 £ = 1,2138 € no momento da realización da transferencia) = 1.739,37 € + 33,35 € de comisión = 1.772,72 €

**TOTAL ORZAMENTO: 25.609,72 € IVE INCLUIDO**

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.487,78 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00002 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00002 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432.1/481.00, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato



adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS unha vez que se presente a seguinte documentación:

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- 5.-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- 7.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo e foron realizadas entre o 1 de outubro de 2021 e o 31 de decembro de 2021.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións

(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

- 1 O ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo periodo que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de

convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados entre o día 1 de outubro de 2021 e o 31 de decembro de 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de xullo do 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS non poida ter presentada a xustificación antes do día 30 de xuño de 2023, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informe preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_  
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación, \_\_\_\_\_ O Representante da ASOCIACION

A Secretaria Provincial"

#### **40.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coristanco para o financiamento da "XL Festa da Pataca"**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

##### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

A Festa da Pataca", que vén de ser declarada Festa de Interese Turístico no presente 2022 ten como finalidade a de celebrar unhas xornadas festivas onde poñer en valor o produto máis importante do concello, a pataca de Coristanco, coa finalidade de dar a coñecer a calidade do produto gastronómico que atopa na terra de Coristanco un dos seus mellores lugares de cultivo. A conxunción da climatoloxía húmida e temperada desta parte occidental de Galicia coas condicións dos seus solos resultan ser ingredientes estrelas para a súa produción. A pataca de Coristanco ofrece unha lectura alternativa da xeografía e da historia desta terra, e cada setembro este evento ofrece a posibilidade de gozar da tradición e das especificacións culinarias vencelladas ao territorio. A Festa da Pataca constitúe un reclamo non só para o entorno máis achegado da comarca, senón que supón unha visita obrigada para todo aquel que queira desfrutar dunha das festas máis consolidadas e representativas da zona que enaltece o froito da labor de agricultores e produtores locais e xenera unha experiencia única para todos aqueles que deciden visitar Coristanco cada setembro.

Na zona rural, o campesiño historicamente construíu un vínculo afectivo e simbólico moi forte co alimento que cultiva e a terra que lle dá o alimento; este é o espazo onde máis fortalecidos áchanse eses lazos de identidade cultural ao falar dos alimentos. É precisamente no espazo rural onde se debe rescatar o valor dos alimentos como patrimonio dos pobos e o seu vínculo coa identidade local, o que lles permitirá ocupar un lugar central como produtos turísticos.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE CORISTANCO con CIF P1502900B, para financiar o "XL FESTA DA PATACA" cun orzamento total de 93.172,44 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 12.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 12.87935 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE CORISTANCO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do “XL FESTA DA PATACA”.**

En A Coruña, a

**REUNIDOS**

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte ....., en representación do CONCELLO DE CORISTANCO

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

**EXPOÑEN**

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CORISTANCO consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "XL FESTA DA PATACA " consistente en celebrar unhas xornadas festivas onde poñer en valor o produto máis importante do concello, a pataca de Coristanco, coa finalidade de dar a coñecer a calidade do produto gastronómico que atopa na terra de Coristanco un dos seus mellores lugares de cultivo.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CORISTANCO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE CORISTANCO, con CIF P1501700G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da "XL FESTA DA PATACA ".

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

<b>CONCEPTO GASTO</b>	<b>IMPORTE (euros)</b>
Aluguer de carpas e jaimas	17.931,40
Aluguer de mesas e sillas	732,05
Aluger de megafonía, equipos de son , audiovisuales e iluminación	7.889,20
Organización e realización exaltación XL Festa da pataca	9.215,44
Degustación produto local	2.145,00
Pan, empanadas para degustación	1.580,83
Colocación de luces, pancartas en baculos	6.195,20
Xogos infantis	920,00
Actuación teatro infantil	1.300,00
Deseño de cartelería, impresión	7.899,73
Deseño e impresión de 500 caixas	513,56
Deseño e impresión de lonas	1.445,65
Deseño-adaptación fotografías	409,40
Material grabado	2.275,41
Material de sinalización	176,66
Actuación Musical	847,00
Suministro de cabaletes	279,86
Actuación musica na rua	1.452,00
Aluguer escenario	3.630,00
Servicio de seguridade	5.808,00
Suministro de material vario para adornar, colgar pancartas, concursos, etc....	1.649,23
Publicidade prensa escrita, radio, TV e dixital	13.038,27
Actuación Musical	400,00
Aluguer de vallas, casetas sanitarias e xerador	3.406,15
Aluguer de bus para traslado de participantes no Itinerario de senderismo	110,00
Tela de Yute para adornar	950,00
Subministro de sardiñas	972,40
<b>TOTAL GASTO</b>	<b>93.172,44</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 12.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 12.87935 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 12.87935 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CORISTANCO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE CORISTANCO. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE CORISTANCO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE CORISTANCO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE CORISTANCO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**



1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CORISTANCO.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CORISTANCO, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do CONCELLO DE CORISTANCO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
6. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CORISTANCO deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CORISTANCO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CORISTANCO da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CORISTANCO na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DE CORISTANCO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE CORISTANCO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CORISTANCO deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE CORISTANCO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE CORISTANCO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do

reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CORISTANCO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE CORISTANCO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xuño de 2022 ata o 31 de decembro do 2022, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de agosto do 2023, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE CORISTANCO deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de xullo de 2023.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

#### **XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CORISTANCO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE CORISTANCO,

A Secretaria Provincial"

#### **41.- Aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos para o financiamento do proxecto "Conservación e restauración do parque histórico O Pasatempo-Fase I"**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

##### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Estimar a solicitude do Concello de Betanzos do 27/10/2022 na que se solicita a prórroga do convenio nº 59/2020 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas á CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PARQUE HISTÓRICO O PASATEMPO DE BETANZOS-FASE I.

O convenio tiña unha vixencia inicial de 31 de decembro de 2022, recollendo nas súas cláusulas que o Concello, en caso de precisar dunha prórroga debería solicitala antes do 31 de outubro de 2022.

En data 27/10/2022, é dicir, dentro do prazo establecido, a entidade achega ao expediente solicitude de prórroga do convenio informando que:

*Tendo en conta que a día 28 de outubro do 2022 queda pendente de execución o 48,75% da totalidade da obra, polo que as obras non se poden rematar no prazo establecido na cláusula VII do convenio de colaboración SOLICITO: Unha prórroga para finalizar as obras dun ano, en base ao establecido na cláusula XIII do convenio, ata o día 31 de outubro do 2023, para o que se achega o plan de obra asinado pola dirección de obra.*

A entidade achega un informe emitido pola Dirección Facultativa da obra onde informan sobre a situación da mesma, previsións e porcentaxe de realización da mesma. Á vista do mesmo o concello solicita a prórroga ata a data límite establecida no convenio, o 31 de outubro de 2023.

2º Aprobar a prórroga do convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE BETANZOS con CIF P1500900D, para financiar as obras de "CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PARQUE HISTÓRICO O PASATEMPO DE BETANZOS-FASE I" cun orzamento total de 524.929,71 €

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 419.943,76 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,0000 %.

4º A nova data de vixencia e xustificación do convenio quedará fixada no **31 de outubro de 2023**

5º O presente acordo queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2023 con que facer fronte á achega provincial."

**42.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a novembro de 2022.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento de A

Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de novembro de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de novembro de 2022.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

#### **43.- Dación de conta do Informe da fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación provincial e doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2021.**

Dáse conta do informe da Intervención provincial sobre a fiscalización a posteriori dos recursos propios da Deputación Provincial e dos recursos doutros entes públicos correspondentes ao exercicio 2021, en aplicación do disposto nos artigos 214, 219 e 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no apartado 34.2 das Bases de execución do orzamento para o exercicio 2020 e da Resolución da Presidencia nº 45329 de 26/12/2018 (de aplicación aos procedementos de fiscalización que se desenvolvan a partir de 1 de Xaneiro de 2019, con independencia de que os actos a fiscalizar sexan anteriores ou posteriores á devandita data), pola que se aproba a "Circular para a substitución da Fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores" que establece a fiscalización a posteriori polos procedementos de mostraxe que se determinen pola Intervención Xeral, previa toma de razón en contabilidade, das liquidacións de contraído previo, ingreso directo e da anulación de liquidacións referidas a recursos propios da Deputación e tributos cuxa xestión foi delegada polos Concellos da provincia na Deputación Provincial.

Infórmase sobre o devandito resumo, que conclúe que os actos de xestión e inspección tributaria revisados, así como os de recadación, non presentan erros relevantes e axústanse ao ordenamento xurídico e tributario de aplicación.

#### **44.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2022 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.**

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2022 dos conceptos entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

#### **45.- Dación de conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2022 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.**

Dáse conta da liquidación provisional da recadación do 3º trimestre de 2022 dos conceptos non entregables ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

#### **46.- Dación de conta da resolución de presidencia número 50657/2022 pola que se atribúe réxime retributivo de dedicación exclusiva parcial á Deputada Provincial.**

Dáse conta da resolución de presidencia número 50657/2022 pola que se atribúe réxime retributivo de dedicación exclusiva parcial á Deputada Provincial do Grupo Popular Dª

Izaskun García Gorostizu.

**47.- Dación de conta da resolución de presidencia número 46572/2022 pola que se nomea persoal eventual.**

Dáse conta da resolución de presidencia número 46572/2022 pola que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

**48.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Boqueixón respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Boqueixón, adoptado na sesión plenaria do 3 de outubro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**49.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Carral respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Carral, adoptado na sesión plenaria do 24 de novembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**50.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Corcubión respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Corcubión, adoptado na sesión plenaria do 17 de novembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**51.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Dodro respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

#### **VOTACIÓN**



Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Dodro, adoptado na sesión plenaria do 18 de outubro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**52.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Laxe respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Laxe, adoptado na sesión plenaria do 29 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan

aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**53.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Mañón respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Mañón, adoptado na sesión plenaria do 24 de novembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**54.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Monfero respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Monfero, adoptado na sesión plenaria do 16 de novembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**55.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Mugardos respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Mugardos, adoptado na sesión plenaria do 26 de outubro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**56.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Rois respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Rois, adoptado na sesión plenaria do 5 de setembro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

**57.- Dación de conta do acordo de adhesión do Concello de Rianxo ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).**

Dáse conta do acordo do Concello de Rianxo, adoptado na sesión plenaria do 29 de setembro de 2022, de adhesión ao Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

**58.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Fundación Axencia enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), para cofinanciar o proxecto "Asesoría enerxética 2022"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC), para cofinanciar o proxecto "ASESORÍA ENERXÉTICA 2022", propónse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal

de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC), CIF G70053087, para regular a achega de 51.010,00 € para cofinanciar o proxecto “ASESORÍA ENERXÉTICA 2022”, cun orzamento subvencionado de 105.089,53 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 48,5396 %

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220054516, da aplicación orzamentaria 0520/4251/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2023 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de agosto de 2023.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC), PARA FINANCIAR O PROXECTO “ASESORÍA ENERXÉTICA 2022”**

Na Coruña a ... de ..... de 20....

#### **REUNIDOS**

D. ...., en representación da Deputación Provincial da Coruña

D. ...., en representación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

#### **MANIFESTAN**

A Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) é unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en maio de 2006 por iniciativa da Deputación da Coruña, a través do programa Intelligent EnergyEurope (EIE), co fin de alentar accións a nivel provincial para a utilización eficiente da enerxía e o uso dos recursos enerxéticos provinciais.

A FAEPAC foi clasificada de interese industrial pola Orde do 28 de xuño de 2006, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (D.O.G. do 19 de xullo de 2006) e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Innovación e Industria, do 15 de setembro de 2006 (D.O.G. do 11 de outubro de 2006).

En liña coa política enerxética marcada pola Unión Europea e dos compromisos internacionais adquiridos por España a través da sinatura do protocolo de Quioto, se pretende contribuír a reducir as emisións de CO2 e doutros gases contaminantes, para cuxa consecución faise imprescindible o fomento de políticas de aforro e eficiencia enerxética e de promoción de enerxías renovables a todos os niveis.

De acordo cos seus estatutos, a FAEPAC ven desenvolvendo nese ámbito liñas de traballo xa consolidadas, entre as que figura un servizo gratuíto de asesoramento á cidadanía sobre a factura eléctrica, o bono social, e o aforro e eficiencia enerxética no fogar, que se integran no denominado proxecto “Asesoría Enerxética”.

O apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Asesoría Enerxética” que a FAEPAC

desenvolve, permite beneficiar a un maior número de fogares e cidadáns da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), NIF G70053087, para financiar o proxecto “ASESORÍA ENERXÉTICA 2022”, no que se integran as actividades de asesoramento á cidadanía da Provincia da Coruña sobre a factura eléctrica, o bono social, e o aforro e eficiencia enerxética no fogar.

### II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen no proxecto, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Salarios (*)	72.912,87 €
Subministracións	9.365,44 €
Desprazamentos	22.811,22 €
<b>TOTAL</b>	<b>105.089,53 €</b>

(\*).- Inclúese un director, dous técnicos/as e unha administrativa cunha dedicación ao proxecto do 42,77% da súa xornada laboral.

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **51.010,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **48,5396 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 48,5396 % da cantidade efectivamente xustificada.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/4251/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FAEPAC obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscripta polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades

realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, a FAEPAC deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FAEPAC para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FAEPAC da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FAEPAC na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a



FAEPAC terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A FAEPAC deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A FAEPAC destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FAEPAC deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FAEPAC poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FAEPAC queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias.

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FAEPAC será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de agosto de 2023 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

2. Para o caso de que a FAEPAC non poda presentar a xustificación antes do 31 de agosto de 2023, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de

2023. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio."

#### **59.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Federación Galega de Micoloxía para cofinanciar o proxecto "Semana micolóxica galega 2022" na provincia da Coruña**

##### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

##### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Federación Galega de Micoloxía para cofinanciar o proxecto "Semana Micolóxica Galega 2022", propónse á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de casusas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu

regulamento

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa FEDERACIÓN GALEGA DE MICOLOXÍA CIF: V36640928, para regular a achega de 7.760,00 € para cofinanciar o proxecto “SEMANA MICOLOXICA GALEGA 2022”, cun orzamento subvencionado de 9.700,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80,00 %.

3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220220052603, da aplicación orzamentaria 0520/92052/481, do vixente Orzamento Xeral.

4. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2023 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ate o 30 de xuño de 2023, así como o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentario para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

5. Incluír esta subvención nominativa no Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MICOLOXÍA PARA FINANCIAR O PROXECTO “SEMANA MICOLOXICA GALEGA 2022” NA PROVINCIA DA CORUÑA**

Na Coruña a ... de ..... de 2022

### **REUNIDOS**

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación da Federación Galega de Micoloxía

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

### **MANIFESTAN**

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Federación Galega de Micoloxía consideran de gran interese para a provincia favorecer a concienciación ambiental, a promoción do recurso micolóxico e poñer en valor os recursos naturais da nosa provincia.

Que os fins da Federación Galega de Micoloxía son o estudo, a promoción e divulgación da micoloxía, así como a divulgación, coñecemento e defensa da natureza e do medio natural en xeral.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente, recoñece a importancia do labor que a Federación Galega de Micoloxía desenvolve, sobre todo no que se refire á defensa da sustentabilidade do recurso micolóxico, a súa labor educacional e o seu apoio na identificación das especies e da súa comestibilidade. De ahí que o fomento, por parte da administración, das actividades realizadas pola federación micolóxica sexa parte importante na preservación deste recurso natural.

Que o apoio da Deputación da Coruña á “Semana Micolóxica Galega 2022” na provincia da Coruña, permite beneficiar a un maior número de colectivos da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Federación Galega de Micoloxía acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas

seguintes.

## CLÁUSULAS

### I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Micología (NIF: V36640928) para financiar o **proxecto “Semana Micolóxica galega 2022” na provincia da Coruña**, no que se integran as seguintes actividades:

- Inauguración da Semana Micolóxica Galega 2022 :
  - Recepción e entrega de documentación.
  - Benvinda por parte das autoridades .
  - Conferencia de apertura “Historia da Micología Galega e da FGM. A figura de Luís Freire, 25 anos do seu pasamento”
  - Presentación de conclusións do “Estudo participativo sobre a identificación das necesidades e potencialidade dos fungos silvestres no Concello de As Pontes
  - Peche da xornada e ágape.
- A Micología como eixo de desenvolvemento económico: Gastronomía e Turismo
  - Recepción e entrega de documentación
  - A micogastronomía en Galicia. Show cooking e obradoiros de cociña.
  - Charla “Desenvolvemento do micoturismo en Galicia”.
  - Mesa redonda “Iniciativas e experiencias de éxito no eido do turismo micolóxico” (turismo rural, turismo gastronómico, restauración, hostalería...)
  - Peche da xornada e ágape.
- A Micología como eixo de desenvolvemento económico: Aproveitamentos micolóxicos
  - Recepción e entrega de documentación. 1030H. Obradoiro “Cultivo de cogomelos”.
  - Visita ao couto micolóxico de Forgoselo.
  - Mesa redonda “Aproveitamentos micolóxicos: cultivo, micorrización, truficultura e biorremediación” (administracións públicas e privadas, industria, empresas de cultivo, empresas de transformación, conservación e venda de cogomelos, emprendedores, axentes forestais...).
  - Peche da xornada e ágape
- Xornada divulgativa con centros educativos
  - Saídas micolóxicas para centros educativos.
  - Charlas en centros educativos “Iniciación no mundo dos fungos”.
  - Obradoiro de recoñecemento de cogomelos para centros educativos.
  - Montaxe de exposición micolóxica para centros educativos.
  - Peche da xornada.
- Xornada divulgativo-científica con público xeral
  - Saídas micolóxicas para público xeral
  - Obradoiro de recoñecemento e catalogación de cogomelos.
  - Obradoiro “Microscopía micolóxica”.
- Conferencia “Novas especies de cogomelos no Parque Natural Fragas do Eume”
  - Exposición de cogomelos – visitas guiadas.
  - Peche da xornada.
- Xornada divulgativo-científica con público xeral
  - Saídas micolóxicas para público xeral.
  - Obradoiro de recoñecemento e catalogación de cogomelos.
  - Obradoiro “Microscopía micolóxica”.
  - Conferencia “Toxicología dos fungos; os fungos e a sanidade: estudos recentes nas universidades galegas”.
  - Exposición de cogomelos – visitas guiadas.

- Clausura da Semana Micolóxica Galega.
- Cea de clausura.
- Xornada Científica
  - Saída de campo para micólogos/as.
  - Avaliación e conclusión da XL Semana Micolóxica Galega

## II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Federación Galega de Micoloxía desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<b>ORZAMENTO GASTOS</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>Traballos realizados por profesionais e/ou empresas</b>	
Poñentes nas charlas e conferencias	3.800,00 €
<b>Bens destinados á actividade</b>	
Material funxible para todas as actividade	1.300,00 €
<b>Primas de seguros</b>	
Seguros accidentes e RC para as persoas participantes	400,00 €
<b>Publicidade e propaganda</b>	
Materiais e servizos de difusión da actividade	1.200,00 €
<b>Desprazamentos</b>	
Desprazamentos dos poñentes e dos centros educativos	1.600,00 €
<b>Aloxamento e manutención</b>	
Aloxamento e manutención dos poñentes nas charlas e conferencias	1.400,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>9.700,00 €</b>

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **7.760,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificadonon acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou

axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega de Micoloxía obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

#### **VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para

o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

e. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

f. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

g. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 2 e o 8 de decembro de 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega de Micoloxía deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega de Micoloxía para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega de Micoloxía da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega de Micoloxía na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación Galega de Micoloxía terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo



de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A Federación Galega de Micoloxía deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Federación Galega de Micoloxía destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega de Micoloxía deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega de Micoloxía poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega de Micoloxía queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 30 de xuño de 2023, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado entre o 2 decembro de 2022 e o 08 de decembro de 2022.

2. Para o caso de que a Federación Galega de Micoloxía non poda presentar a xustificación antes do 30 de xuño de 2023, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2023. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDIÇÃO COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio."

**60.- Aprobación da 2ª Modificación e prórroga do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes do plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol".**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vista a solicitude presentada polo Concello de Ferrol con data do 29/11/2022 na que solicita a modificación e prórroga do convenio núm. 12/2021, suscrito coa Deputación da Coruña coa finalidade de colaborar no financiamento do proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes, do plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol (PAME3), no marco do Plan de Emprego Local, PEL, anualidade 2021", aprobado mediante acordo do Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2021, e tendo en conta os informes dos Servizos de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización e Control Financeiro, propóñense á Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible , a toma en consideración do seguinte acordo:

1.º APROBAR a prórroga do convenio 12/2021, suscrito co concello de Ferrol para

financiar o proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes, do plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol (PAME3), no marco do Plan de Emprego Local, PEL, anualidade 2021" (Convenio 12/2021), ata os seguintes prazos:

- Prazo de execución das actividades do convenio ata o 28 de febreiro de 2023
- Prazo de xustificación documental ata o 31 de marzo de 2023
- Prazo de vixencia do mesmo ata o 30 de abril de 2023, sen que a aprobación desta prórroga supoña ningunha modificación nin das contías nin dos conceptos aprobados.

2.º MODIFICAR as cláusulas sétima e a decimoterceira, cuxa redacción literal quedaría establecida nos seguintes termos:

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden desde o 01 de decembro de 2020 ata o 28 de febreiro de 2023.

2. Unha vez finalizadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo dun MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo ), transcorrido este último prazo sen que se recibiu xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, pódalle corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ferrol na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao abono dos intereses legal do diñeiro, computado desde a finalización do prazo de catro meses antes do indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos intereses iniciárase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas ante a Administración provincial.

#### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA Ou MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 01 de decembro de 2020 ata o 28 de febreiro de 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de abril de 2023 a condición de que exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o Concello de Ferrol non poida ter finalizadas as actuacións e presentada a xustificación antes de 31 de marzo de 2023, deberá solicitar antes de esta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a

Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado.

Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de abril de 2023. Con esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de maneira que o Concello de Ferrol perderá o dereito á cobranza do importe corresponde á contía non xustificada na esta data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3.- **CONDICIONAR** o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento."

### **61.- Aprobación da prórroga do Plan Extratéxico de Subvencións 2020-2022 para o exercicio 2023.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

#### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

#### **"ANTECEDENTES**

A Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeneral de subvencións, establece no seu artigo 8.1 que os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En cumprimento desta obrigación o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2020, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña (PES/DAC) para o período 2020/2022. Este Plan estratéxico publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 104, do 09/07/2020.

O PES/DAC abarca todas as modalidades de plans, subvencións, premios e bolsas que se xestionan desde os distintos servizos e seccións competentes da Deputación da Coruña, que son:

1. Acción Social, Cultural e Deportes
2. Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
3. Oficialía Maior. Normalización Lingüística
4. Patrimonio e Contratación
5. Promoción Económica, Turismo e Emprego

## 6. Xestión de Plans

No PES/DAC inclúense todas as subvencións provinciais, tanto as outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, que será o réxime ordinario de concesión, como as de concesión directa, e tamén bolsas e premios concedidos.

Todas as accións de fomento provinciais que non estean relacionadas expresamente no PES/DAC, unha vez aprobadas polo órgano provincial correspondente, deben de ser incluídas neste documento.

### **PERÍODO DE VIXENCIA DO PLAN**

O PES/DAC é un instrumento para planificación e xestión da actividade de fomento da Deputación da Coruña para o período 2020/2022, no que se establecen os principios básicos que fundamentarán neste período a proposta de tramitación de subvencións, premios e bolsas no ámbito provincial, así como o seu seguimento e avaliación.

A súa finalidade é, por un lado, contribuír a través dunha planificación axeitada dos recursos dispoñibles, ao desenvolvemento socioeconómico da provincia en base a modelos sustentables, dinámicos e innovadores que promovan no seu territorio valores sociais, ambientais, culturais e económicos que garantan o seu crecemento sustentable; e por outro, acadar a máxima eficacia na utilización e xestión destes recursos, permitindo unha distribución axeitada e suficiente destes, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade presupostaria.

O alcance temporal do PES/DAC está limitado ao período 2020/2022, facendo especial fincapé no 2020, coa finalidade de que nos exercicios posteriores este plan poidese actualizarse ou modificarse. No propio texto do Plan, no seu apartado 5º, “Plan de actuación do PES/DAC 2020/2022”, indícase expresamente ao respecto que:

O alcance temporal deste PES/DAC refírese ao período 2020/2022. O Plan de actuación, no entanto, reflicte a actividade de fomento provincial no exercicio 2020 que, no mesmo exercicio ou nos posteriores, poderá confirmarse e actualizarse ou, no seu caso, modificar, substituír ou anular algunhas das súas propostas.

### **PRÓRROGA DO PES/DAC 2020/2022**

O artigo 11.4 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establece que os plans estratéxicos conterán previsións para un período de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Dado que o PES/DAC da deputación da Coruña foi aprobado para o período 2020/2022 correspondería aprobar un novo plan estratéxico para os anos 2023, 2024 e 2025. No entanto, dado que no ano 2023 celebraranse en España eleccións municipais, concretamente o 28 de maio, haberá unha nova corporación provincial. Neste sentido, parece máis oportuno prórrogar temporalmente para a anualidade 2023 o vixente PES/DAC 2020/2022, e deixar á nova Corporación provincial a aprobación dun novo PES/DAC.

Tamén convén lembrar que a natureza do PES é a de ser un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo (artigo 12.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións). Polo tanto, os seus efectos despréganse no ámbito interno da

Deputación provincial sen incidencia directa na esfera dos particulares, non creando, deste xeito, dereitos nin obrigacións para estes, e a súa efectividade quedará condicionada á aprobación das diferentes liñas de subvención, atendendo, entre outros condicionantes, as dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio, neste caso no 2023.

De conformidade co indicado, este servizo considera oportuno propoñer á prórroga temporal do vixente PES/DAC da deputación da Coruña exclusivamente para a anualidade de 2023, incluíndo nesta anualidade aquelas modificacións que poideran propoñerse polos distintos departamentos provinciais xestores da actividade de fomento.

### NOVAS LIÑAS DE FOMENTO A INCLUIR NA ANUALIDADE 2023 DO PES/DAC

De acordo coa información remitida polos distintos servizos provinciais, as novas liñas de actividade de fomento que deben de incluírse na anualidade 2023 do PES/DAC serían as seguintes:

ACTIVIDADE DE FOMENTO						
OBXECTIVO OPERATIVO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	MODALIDADE	DESTINATARIOS	PREVISIÓN ORZAMENTARIA	ÁREA DE COMPETENCIA
O.07 O.09	FOIO0B/2023	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de políticas de xénero no ano 2023	Convocatoria pública	Entidades sen ánimo de lucro	400.000,00 €	Servizos Sociais. Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
O.06 O.09	FOIE-C/ 2023	Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para grandes investimentos en centros de servizos sociais no ano 2023	Convocatoria pública	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro	1.000.000,00 €	Servizos Sociais. Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
O.19	PEL-REDE COWORKING 2023	Convocatoria de axudas para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking	Convocatoria pública	Concellos e Entidades que contén con centros de traballo adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo	255.000,00 €	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

### ÓRGANO PROVINCIAL COMPETENTE PARA APROBAR A PRÓRROGA DO PES/DAC

Non se alude no texto do PES/DAC á posible prórroga do mesmo. En ausencia desta referencia, conbén mencionar, no que se refire á actualización do PES/DAC, o que este dispón o seu texto no apartado 6.2.:

O PES/DAC, polo seu **carácter programático** e de previsión, está supeditado ás

circunstancias que concorran durante o seu período de aplicación, polo que se do **seguimento da eficiencia das actividades de fomento previstas** se puxese de manifesto a ineficacia ou desviación dos obxectivos previstos, este poderá ser obxecto de modificación.

En calquera caso, as modificacións deberán axustarse á lei, ás bases de execución orzamentaria da deputación, á realidade social existente en cada momento e fundamentalmente aos orzamentos do correspondente exercicio. E, en ningún caso, estas modificacións poderán prexudicar os dereitos económicos dos beneficiarios de subvencións xa recoñecidas e que tivesen desenvolvido as prestacións comprometidas coa Deputación.

As modificacións efectuadas durante o desenvolvemento deste PES/DAC 2020/2022, serán aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación.

Por outra banda, na ordenanza xeral de subvencións e outras transferencias da deputación da coruña, publicada no BOP nº 150 de 10 de agosto 2021, no apartado 1º do artigo 3, Órganos competentes, indícase o seguinte:

Compételle ao Pleno da Corporación a planificación da acción de fomento da Deputación, ben sexa mediante a aprobación dun plan estratéxico plurianual ou a través da aprobación do orzamento anual, no que se doten os créditos necesarios para levar a cabo tal acción nos ámbitos de cooperación coa prestación dos servizos públicos municipais e desenvolvemento cultural, deportivo, social e económico da provincia.

Por outra banda, aínda que as modificacións do PES/DAC poden ser aprobadas por acordo de Xunta de Goberno, o propio PES/DAC 2020/2022 foi aprobado polo Pleno Provincial.

De conformidade co exposto e en ausencia de referencia expresa a esta cuestión, este servizo considera que corresponde ao Pleno provincial a prórroga do período de vixencia do PES/DAC.

## **PROPOSTA**

Conforme ao exposto, propónse ao Pleno Provincial que adopte o seguinte acordo:

1º. Prorrogar o Plan estratéxico de subvencións da deputación da Coruña (PES/DAC) 2020/2022 para a anualidade 2023.

2º. Incluír na anualidade 2023 do Plan estratéxico de subvencións as liñas de actuación de fomento seguintes:

- FOIO0B/2023: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de políticas de xénero no ano 2023.

- FOIE-C/2023: Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para grandes investimentos en centros de servizos sociais no ano 2023

- PEL-REDE COWORKING 2023: Convocatoria de axudas para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking

3º. Incluír no Anexo 1 “Fichas informativas da actividade de fomento provincial” do Plan estratéxico de subvencións as fichas que se transcriben a continuación:



## FICHA DE SUBVENCIÓN / ACHEGA

Liña de subvención	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o investimento de políticas de xénero no ano 2023
Código identificativo	FOIO0B/2023
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Servizos Sociais
Prazo de xestión	2023 - 2024
Programación plurianual	Non
Custo previsible	400.000,00 €
Aplicación orzamentaria	0611/23122/45390
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións, bases xerais e bases específicas
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BNS
Sector obxectivo	Servizos Sociais
Obxectivo xeral	Servizos sociais
Obxectivo específico	PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES: EI-1 Empoderamento e participación social EI-2 Fomento da igualdade de xénero EI-3 Fomento do emprego en igualdade de oportunidades EI-4 Conciliación e responsabilidades compartidas PROGRAMAS LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: EV-1 Prevención, sensibilización e identificación da violencia de xénero EV-2 Tratamento integral das persoas en situación de violencia de xénero
Beneficiarios	Entidades sen ánimo de lucro
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiarias Tempo medio de xustificación.

## FICHA DE SUBVENCIÓN / AXUDA

Liña de subvención	Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para grandes investimentos en centros de servizos sociais no ano 2023
Código identificativo	FOIE-C/2023
Servizo / Sección	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes Sección de Servizos Sociais
Competencia desenvolvida	Servizos Sociais
Prazo de xestión	2023 - 2024
Programación plurianual	Non
Custo previsible	1.000.000,00 €
Aplicación orzamentaria	0611/23121/781
Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)	Servizos Sociais e Promoción Social
Fontes de financiamento	Propias
Normativa de xestión	Ordenanza xeral de subvencións e Bases xerais e bases específicas.
Mecanismo de concesión	Convocatoria pública
Publicación	BOP / BNS
Sector obxectivo	Servizos Sociais
Obxectivo xeral	Servizos Sociais
Obxectivo específico	Financiamento de grandes inversións en Centros de servizos sociais
Beneficiarios	Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro
Indicadores de seguimento	Nº de entidades solicitantes Importe medio da achega Nº de persoas beneficiarias Tempo medio de xustificación.

## FICHA DE SUBVENCIÓN / ACHEGA

Liña de subvención	Convocatoria de axudas para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking
Código identificativo	PEL-REDE COWORKING 2023
Área	Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible
Servizo / Sección	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

<b>Competencia desenvolvida</b>	Desenvolvemento territorial
<b>Prazo de xestión</b>	2023-2024
<b>Programación plurianual</b>	Non
<b>Custo previsible</b>	255.000,00 € (crédito ampliable)
<b>Aplicación orzamentaria</b>	0520/24100/46201 e 0520/24100/46201
<b>Finalidade (segundo a clasificación funcional do gasto)</b>	Fomento do emprego
<b>Fontes de financiamento</b>	Propias
<b>Normativa de xestión</b>	Ordenanza xeral de subvencións e Bases reguladoras
<b>Mecanismo de concesión</b>	Convocatoria pública
<b>Publicación</b>	BOP / BNS
<b>Sector obxectivo</b>	Sector empresarial
<b>Obxectivo xeral</b>	Favorecer a creación, posta en marcha e consolidación de novas empresas na provincia, fomentar o emprendemento, atraer o talento, innovar e valorizar os recursos locais e favorecer a instalación de profesionais para impulsar a modernización do tecido empresarial
<b>Obxectivo específico</b>	Subvencionar os custos de funcionamento, xestión e dinamización dos centros de coworking adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo a través de axudas para sufragar os custos de contratacións externas de servizos profesionais.
<b>Beneficiarios</b>	Concellos da provincia e entidades que contan con centros de traballo adheridos á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo
<b>Indicadores de seguimento</b>	Nº de solicitudes Nº de concesións Importe medio da achega concedida

(Abandonan o salón a Sra. Gallego Neira e o Sr. Rodríguez Martínez).

## **ACTUACION DE CONTROL MOCIÓNS**

Sr. Presidente

En mocións, hai unha primeira do Grupo Provincial Marea Atlántica respecto ás vivendas de uso turístico

### **1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica sobre as vivendas de uso turístico**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, da Xunta de Galicia aprobou a ordenación de pisos turísticos, vivendas turística e vivendas de uso turístico de Galicia. No seu preámbulo, o propio decreto recoñecía parte das consecuencias negativas desta actividade ao sinalar que: “As problemáticas máis relevantes vinculadas son de diversa índole, impacto económico-social, fiscalidade e tributación, garantía e seguridade das persoas usuarias, calidade da oferta e satisfacción das persoas usuarias, molestias xeradas aos residentes e á cidadanía, intrusión e competencia desleal, entre outras”.

Como vemos, no decreto non se enumeran outras derivadas da proliferación de vivendas de uso turístico como son, nomeadamente, o desprazamento de oferta cara esta actividade económica, o correlativo descenso da oferta de prazas de alugueiro, coa consecuencia da presión á alza sobre os prezos de alugueiro do parque de vivendas, sobre todo nas grandes cidades, que viñan padecendo xa nos últimos anos unha suba continuada do seu prezo medio, en especial no concello da Coruña, cunha suba do 42 por cento entre o ano 2014 e o 2022, o maior das cidades galegas. Un incremento que tamén é relevante nas outras cidades da provincia e galegas, tal e como se recolle no seguinte cadro:

<b>PREZO ALUGUEIRO (Cidades galegas)</b>			
	Nov2022	2014	2022-2014 (%)
A Coruña	574,6	403,4	42,44
Ferrol	400,5	330,9	21,03
Santiago	515,9	390,7	32,05
Lugo	431,9	310,1	39,28
Ourense	446,4	344,1	29,73
Pontevedra	538,9	391,0	37,83
Vigo	559,0	417,4	33,92

Na norma da Xunta non se establecen limitacións temporais, no que atinxe aos períodos anuais de apertura e peche, nin tampouco no que atinxe á localización da vivenda de uso turístico no edificio que corresponda. Tampouco se establece ningún tipo de limitación á proliferación de vivendas de uso turístico en razón do parque de vivenda total do concello de referencia, ou a obriga para a súa dispoñibilidade como alugueiro o resto do ano. O decreto límitase a establecer unha serie de mínimos criterios funcionais, equipamento e servizos, habitabilidade ou sinalética exterior que deben cumprir a vivendas turísticas, e coa única esixencia urbanística de situarse, como norma xeral, en solo de uso residencial. Para a apertura deste tipo de negocio non se precisaría máis trámite que unha declaración responsable previa de inicio de actividade perante a Administración turística, pasando a vivenda a estar inscrita de oficio no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pero dito Decreto 12/2017, no seu art. 41, e respecto do réxime de exercicio de actividade e en relación coa documentación a presentar para tal declaración responsable e inscrición no Rexistro non esixe que o solicitante acredite a posesión de licenza ou título habilitante municipal para o exercicio de actividade. Consecuencia do cal é que moitas das vivendas de uso turístico rexistradas non contan con autorización de actividade municipal.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia xa ten pronunciado, en reiteradas sentenzas, sobre a obriga de obtención de dita licenza ou título habilitante municipal para

o exercicio da actividade, con independencia da inscrición rexistral das vivendas de uso turístico. Así, sentenzas de 08/04/2022 (Concello de Santiago) ou de 07/04/2022 (Concello de Pontevedra).

A excesiva flexibilidade da norma, a escaseza nos requisitos esixidos para a súa inscrición no rexistro, provocou que, desde a súa entrada en vigor deica hoxe, un total de 16.953 vivendas de uso turístico (con 45.237 habitacións e un total de 89.949 prazas) pasasen a estaren escritas no REAT da Xunta de Galicia. No caso da provincia de A Coruña, un total de 5.747 vivendas, con 16.052 habitacións e 30.764 prazas.

O incremento do número de vivendas de uso turístico é especialmente relevante nos últimos anos, tal e como se acredita no seguinte cadro :

VIVENDAS TURÍSTICAS – PROVINCIA – GALICIA				
	Marzo 2020	Decem 2022	Diferencia	%
A Coruña (prov)	3.877	5.747	1.870	48,23
Galicia	10.464	16.953	6.489	62,01

Desde o comezo da pandemia (marzo do 2020) o incremento é de case o 50% na provincia e dun 62% no total de Galicia.

Un crecemento explosivo que está a supoñer, nas grande cidades, como xa dixemos, un novo atranco e factor de encarecemento, por limitación da oferta, nun problema que xa viña sendo endémico como é o do acceso á vivenda. Só na cidade da Coruña hai inscritas no REAT en decembro de 2022, un total de 706 vivendas de uso turístico (con 1.855 habitacións e 3.350 prazas), e o seu medre exponencial supón un verdadeiro factor de expulsión da clase traballadora desta cidade, que se ve incapaz de facer fronte a unha suba imparabile no prezo medio da vivenda de alugueiro, un dos impactos máis evidentes deste fenómeno que, porén, o decreto descoñece no seu articulado e mesmo no preámbulo.

Un impacto das VUT que non só afecta ao mercado da vivenda e dos alugueiros senón tamén ao desartellamento da vida social nos barrios das cidades (en especial nas súas zonas históricas) e o efecto asociado e directo da xentrificación en forma de expulsión das residentes habituais de ditas zonas das cidades, tal e como poñen de manifesto distintos estudos e informes xa publicados.

Secasí, outras consecuencias desta actividade, como os conflitos de convivencia entre veciños e turistas, a proliferación dunha economía mergullada, a competencia desleal sobre o sector turístico formal, si aparecen recoñecidas no seu preámbulo, sen que a norma contemple, porén, ningunha medida correctora ou paliativa, como poderían ser criterios e límites para evitar a concentración intensiva de VUT en cidades ou barrios.

Ante esta situación de descontrol, algúns concellos na provincia, nomeadamente, Santiago de Compostela e Oleiros, trataron de imporlle un freo a esta actividade desde o marco das súas competencias. O primeiro, establecendo limitacións en canto á súa ubicación mediante unha modificación do PXOM, en trámite, na que se sinalan zonas sensibles que exclúen a actividade da vivenda turística e limitan, e outras de uso característico, compatible ou complementario. O segundo concello, Oleiros, fixando mediante Circular, a incompatibilidade do uso turístico na modalidade de vivendas e apartamentos turísticos e as vivendas de uso turístico, co réxime de usos do planeamento municipal.

Con independencia de que o dito Decreto prevé que os concellos poderán

establecer limitacións no que respecta ao número máximo de vivendas de uso turístico por edificio ou por sector, a realidade é que existe un manifesto desaxuste e contradición entre as potestades municipais no control da actividade das VUT e a permisividade normativa de inscrición no Rexistro, sen que por parte da Xunta se realice un control a posteriori da inscrición rexistral respecto da posesión ou non de licenza ou título habilitante municipal. Faise pois necesario a modificación de dito Decreto 12/2017.

**Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:**

1. Instar á Xunta de Galicia a modificar o Decreto 12/2017 aos efectos de incluír na documentación obrigatoria a presentar polos solicitantes de inscrición no Rexistro a acreditación da posesión de licenza ou título habilitante municipal para o exercicio da actividade.
2. Instar á Xunta de Galicia a realizar un estudo de impacto das vivendas turísticas en Galicia, en especial no relativo ao mercado da vivenda e dos alugueiros, así como da xentrificación que xera.
3. Instar á FEGAMP a que, con audiencia ás entidades representativas do sector turístico, elabore e publique unha Guía de boas prácticas, dirixida aos concellos, e en relación coa incorporación ao planeamento e ordenanzas municipais, da regulación do uso e limitacións de uso das vivendas turísticas.
4. Dar traslado deste acordo ao Parlamento de Galicia á Presidencia da Xunta de Galicia, así como á FEGAMP.

Sr. Lema Suárez

Bo día, moitas grazas, presidente.

En primeiro lugar, quería saudar as persoas da ANPA Cruz do Sar de Bergondo que nos acompañan aquí hoxe, benvidas.

E facer tamén un pequeno recordatorio de que a soberanía popular reside nas Cortes e non no Tribunal Constitucional, cuestión que en días como hoxe parece necesario recordar.

A moción que traemos aquí fala ou vén posicionarse sobre unha problemática que entendemos que está adquirindo xa unha magnitude moi relevante no noso país e na nosa provincia tamén, que ten a ver coa proliferación de vivendas de uso turístico. Estas vivendas de uso turístico pretendían ser reguladas mediante o Decreto 12/2017 da Xunta de Galicia, que no seu preámbulo indica o seguinte: “As problemáticas máis relevantes vinculadas son de diversa índole: impacto económico e social, fiscalidade e tributación, garantía e seguridade das persoas usuarias, calidade da oferta e satisfacción das persoas usuarias, molestias xeradas aos residentes e á cidadanía, intrusión e competencia desleal, entre outras”. É dicir, estamos ante unha lei, ante un decreto, perdón, que no seu preámbulo fai unha diagnose desta cuestión, da proliferación de vivendas de uso turístico, o que lle outorga á propia Xunta de Galicia o lexislador unha tremenda importancia e unha tremenda gravidade, nunha serie de efectos; fala de competencia desleal, de intrusismo, fala de problemas de convivencia, fala tamén de prácticas tributarias que non son talvez as máis regulares. E o que acontece é que, examinado despois o articulado da lei, nos atopamos con que entre aquela diagnose que se fai da magnitude deste problema e o articulado da lei non existe unha coherencia; a

lei, desde logo, non acomete nos seus artigos, realmente, non ataca o problema que propón no preámbulo. Establécese no preámbulo, outórgaselle, insisto, unha enorme gravidade a este problema, pero despois resulta que no articulado non se adoptan as medidas necesarias para limitar a súa gravidade. E iso que no seu preámbulo non se cita outra das consecuencias que ten a proliferación de vivendas turísticas, que non ten que ver coa competencia desleal, co intrusismo, cos problemas de convivencia, como é o encarecemento da vivenda habitual. Aquí funciónase de maneira lineal á lei da oferta e a demanda, este aumento da vivenda turística supón unha limitación da oferta e, polo tanto, un encarecemento desta, que en cidades como A Coruña empeza a ter xa tintes tamén moi preocupantes, cun 42% de aumento, penso que era, no últimos catro anos, que é un aumento realmente importante; pero tamén aumenta en calquera das outras das nosas grandes cidades.

Entón, o que está sucedendo é que, en realidade, esta lei non regula case nada. O que solicita, o que a lei realmente establece son unha serie de medidas funcionais, de sinalética exterior, de medidas, de servizos que deben ter os pisos turísticos e, mediante un título habilitante, mediante unha declaración responsable, o propietario desta vivenda que cumpra estas características pasa automaticamente a estar dado de alta no REAT, no Rexistro de Vivendas Turísticas de Galicia.

Polo tanto, a lei que pretende ordenar non ordena case nada, e isto supón que nos últimos anos asistimos a unha verdadeira profusión de persoas que inscriben vivendas de uso turístico neste rexistro, 17.000 na actualidade, cun crecemento exponencial tendo en conta que na data da súa promulgación desta lei había 700. Polo tanto, estamos realmente ante un crecemento exponencial que, como dicimos, ten ademais impactos directos no prezo da vivenda, ademais daqueles que a propia lei recoñece no seu preámbulo de problemas de convivencia entre os veciños, problemas de competencia desleal, intrusismo e outros que aquí se recoñecen.

E, como esta lei é tan flexible e exige tan pouco, outra das cousas que se lle pasa por alto é a facultade dos concellos para ordenar o seu urbanismo, para ordenar –digamos– aqueles usos aos que destina o que lles compete, o que é a súa competencia, que ten que ver coa propia ordenación urbana. Non se exige ningún tipo de título previo concedido polo concello que despois sexa verificado pola Xunta de Galicia para que sexan inscritas as vivendas turísticas. Entón, isto está dando lugar, deu lugar xa, a feitos moi preocupantes, como que por exemplo, nas cidades como A Coruña ou Compostela, zonas de elevado valor patrimonial e histórico se estean convertendo en zonas especializadas de vivenda turística con exclusión da vivenda habitual; estamos asistindo, polo tanto, a un proceso de turistificación e de xentrificación relevante, moi importante.

Tanto é así que xa algúns concellos, refírome tanto ao caso de Santiago de Compostela como ao de Pontevedra, foron aos tribunais para defender o seu dereito a ordenar o seu urbanismo; e que, en segunda instancia, concellos como o de Oleiros, hoxe está aquí o seu representante, e o propio de Santiago de Compostela, estableceron medidas para someter este problema da proliferación de vivendas turísticas a outro tipo de limitacións dentro das competencias municipais. O Concello de Oleiros –pode explicalo o mesmo alcalde aquí presente–, mediante unha circular, que directamente non recoñece esta modalidade, esta tipoloxía de uso da vivenda, e o Concello de Santiago, mediante unha norma moi extensa e detallada, onde establece zonas nas que se permiten estes usos, zonas nas que se exclúen, zonas nas que se habilita a convivencia entre usos; dalgunha maneira delimita e ordena realmente, mediante a modificación parcial do seu PXOM, a capacidade que teñen os particulares para inscribir estas vivendas turísticas.

Pero está claro que estamos ante unha problemática que está insuficientemente recollida nesta lei e que, polo tanto, o que solicitamos aquí é que se pase á súa modificación mediante a adopción dos seguintes acordos:

En primeiro lugar, instar a Xunta de Galicia a modificar o Decreto 12/2017 para os efectos de incluír na documentación obrigatoria a presentar polos solicitantes de inscrición no rexistro a acreditación da posesión de licenza ou título habilitante municipal para o rexistro de actividade, para o exercicio de actividade.

En segundo lugar, instar a Xunta de Galicia a realizar un estudo de impacto das vivendas turísticas en Galicia, en especial no relativo ao mercado de vivenda e dos alugueiros, así como da xentrificación que xera.

Terceiro, instar a FEGAMP a que, con audiencia ás entidades representativas do sector turístico, elabore e publique unha guía de boas prácticas dirixida aos concellos en relación coa incorporación ao planeamento e ordenanzas municipais da regulación do uso e limitacións das vivendas turísticas.

Por último, dar traslado deste acordo ao Parlamento de Galicia, á Presidencia da Xunta de Galicia, así como á FEGAMP.

Nada máis e grazas.

#### Sr. García Seoane

Eu estou totalmente de acordo con esta moción porque se está dando unha situación en Oleiros, desde hai máis de 50 anos, que polas características de Oleiros, polas praias que ten, viña xente de Madrid e de Lugo principalmente e alugaban vivendas no verán aos veciños, ou lles alugaban unha parte das vivendas, e iso veu funcionando durante moitos anos ata hai uns 10, que cambiou bastante nese aspecto.

Pero a situación que se está vivindo agora non ten nada que ver con ese tipo de alugueiros que se facían, que os veciños na tempada estival sacaban uns diñeiros, senón que agora en xeral están ocasionando uns problemas moi grandes á cidadanía. Aquí hai un ataque directo á hostalería; por tanto, aqueles que pagan impostos por hoteis, hostais, etcétera, pois resulta que teñen un persoal ao seu cargo todo o ano, teñen unhas cargas tremendas e pagan impostos, pagan salarios, pero resulta que os que teñen unha casa que alugan cada día –xa se alugan agora como habitacións, tipo prostíbulos–, xa sabe cada un onde ir, xa os teñen de man. E engadido a isto, aqueles que fan orxías e festas especiais en casas, que as alugan, alugan a casa enteira e serven para facer orxías, que acaban ás catro ou 5 da mañá, que non deixan vivir tranquilamente os veciños, que lles mandas a policía e fan caso omiso. Hai un baleiro tremendo neste aspecto, nós estamos dando caña e daremos moita máis para evitar que este tipo de escándalos que se provocan nestas casas alugadas ilegalmente, que non cotizan a Facenda, eu pago, cada un dos que estamos aquí temos que pagar, pero estes non pagan nada de nada, e resulta que están facendo un dano tremendo á hostalería e á cidadanía. Estanse alugando baixos trampeados, onde poñen unha cama, é un escándalo, o que está pasando con este tema é moi grave.

(Abandona o salón o Sr. Lage Tuñas).

E que está orixinando? Nun concello como Oleiros, onde hai 400 estudantes de INEF, que alugaban vivendas agora teñen uns problemas tremendos para alugalas, porque non lles alugan as vivendas, porque é máis negocio alugar a estes que se



dedican ao puticlub e a cousas similares, que non lles importa un bleido gastar os cartos, porque os fan fácil en droga e en montóns de cousas ilegais, e non lles importa pagar moito máis do que paga un estudante de INEF á hora de alugar unha habitación.

Por tanto, temos un problema moi grande en Galicia, temos un problema moi grande na provincia da Coruña; en Oleiros hai menos problema porque estamos atacando desde hai tempo, estamos enriba deste tipo de alugueiros totalmente ilegais.

Por tanto, nós estamos totalmente a favor disto. E os concellos realmente tal como está a situación, non poden actuar. Decía o compañeiro, Santiago de Compostela, Oleiros, por que?, porque temos Plan xeral de ordenación e o Plan xeral de ordenación di que usos pode ter a túa casa, e a casa, se é unha casa para vivenda non é un puticlub, nin é unha casa para alugar a oito a quen che dea a gana; nin podes facer dúas vivendas na mesma vivenda, que ás veces dividen a mesma vivenda. Por tanto, nós temos esa posibilidade porque temos plan xeral, cousa que non teñen moitos concellos de Galicia, vergonzosamente, por certo, porque un plan xeral os concellos, non digo os pequenos que non o poden ter, porque non teñen nin recursos nin persoal para facelo, pero os medianos si teñen que telo e non o teñen. Por tanto, hai un baleiro moi grande nese aspecto. Por tanto, eu estou totalmente de acordo con esta moción á marxe de que en Oleiros nos valemós nós mesmos para parar este tipo de tropelías.

#### Sr. Requeira Varela

Bo día. Unha vez saudadas as persoas que nos acompañan da ANPA, facer un inciso antes de entrar na moción e saudar tamén a veciñanza de Carballo que me acompaña hoxe, porque sei que nun día de loterías, eles, o número que xogaban dende hai lustros tamén o poden celebrar hoxe, que non é cousa menor. E desexarlles a todos vostedes boas festas, faltaría máis.

O turismo non é unha actividade neutra, é unha actividade que sempre causa algunha molestia, algún prexuízo, non poucas veces. Nós comprendemos absolutamente, vaia isto por diante, a filosofía e o fondo da moción; preocúpanos como está afectando o turismo ao prezo da vivenda e preocúpanos tamén como afecta o turismo á convivencia das persoas, aínda que eu son dos que din que en Galiza, afortunadamente, temos aínda campo para medrar e temos algúns puntos negros, iso é evidente. Tamén me consta que se está adiantando moito lexislativamente e que se están facendo esforzos por ordenar un turismo que para nós aínda é unha actividade sectorial nova, que estamos aínda aprendendo, que somos adolescentes nisto de ser destino turístico e que hai moito camiño por andar e moito que aprender.

Dito todo isto, se imos ao preámbulo da lei, evidentemente os problemas de convivencia, de competencia desleal e de intrusismo non son un ámbito unicamente xerado pola vivenda de uso turístico, é un ámbito que se dá con certa frecuencia nunha actividade ordinaria do turismo en todos os aspectos. Podiamos falar do que din os guías de turismo, podiamos falar das actividades hostaleiras puras e duras, a convivencia aínda é máis frecuente onde a densidade de bares é grande, incluso moito máis que no tema da vivenda turística.

En todo caso, nós cremos que hai campo para actuar, pero tamén cremos que hai cuestións que xa se están polo menos estudando, algunhas medidas estanse xa implementando. No meu concello, por exemplo, cando se aprobou esta lei, dun día para outro, 23 vivendas que non estaban regulamentadas, regulamentáronse, déronse de alta no concello. Polo tanto, evidentemente, houbo unha norma que activou que moitas vivendas que estaban na ilegalidade se puxeran legais.

De todos os xeitos, temos que ser conscientes de que o problema da vivenda de uso turístico dáse por parte dos e das ilegais, dos que non están dados de alta. O problema da vivenda de uso turístico en Galicia, e creo que en moitas partes, non son as persoas que decidiron que teñen un piso e que queren poñelo á disposición dun alugueiro turístico durante equis días no ano. Eu creo que se dá na cantidade de casuística ilegal que se produce nos ámbitos turísticos de primeiro nivel. Que si é certo que hai un deber que ten que facer a administración, todas as administracións, que é o deber de inspección. Eu creo que o Sr. Lema, cando falaba, e eu escoitábao atentamente, coincidirá comigo en que hai pouca inspección a nivel de turismo e a nivel de velar para que se cumpran as normativas turísticas. Eu creo que vai por aí. E o que si que creo é que hai dous deberes que tampouco se poden achacar fundamentalmente ao turismo nin aos propietarios e propietarias de vivendas turísticas ou de uso turístico, que é que fai falta de vivenda de protección oficial, vivenda social, vivenda á disposición da xente que ten menos recursos para acceder a iso ao que a Constitución lle dá dereito, que é a unha vivenda digna, e, como dicía moi ben o alcalde de Oleiros, tamén fai falta ter maior número de residencias para estudantes e que non dependan unicamente dun alugueiro particular para estar nunha residencia, nunha localidade onde cursan os seus estudos. Son deberes que temos.

Pero a min tamén me gustaría recordar que nesta materia hai cuestións que – como moi ben dixo tamén o alcalde de Oleiros– se poden solucionar desde a autonomía municipal: o outorgamento de licenzas, regulamentar tamén o uso deste tipo de vivendas a nivel municipal, tamén é algo que ten que estar no deber das corporacións locais e dos gobernos municipais. E logo hai unha cousa que non é menor e que ás veces se nos esquece, que as comunidades de propietarios en pisos destinados a vivendas de uso turístico, sempre que o teñan nos seus estatutos, que os poden modificar no momento en que consideren oportuno, poden vetar que un propietario desa planta horizontal dun edificio poida utilizar a súa vivenda para uso turístico.

Polo tanto, entendendo, xa digo, entendendo claramente a filosofía da moción e entendendo a preocupación tamén da organización propoñente, de Marea Atlántica, por como afecta a outro tipo de cuestións que están relacionadas coa poboación residente habitual, nós ímonos abster, porque creo que é un problema complexo, do que eu ademais que me toca sectorialmente traballar neste ámbito, estámonos reunindo intensamente, cónstame que é parte da axenda da Axencia de Turismo de Galicia, do Clúster de Turismo de Galicia, dos concellos de ámbito turístico, dos propietarios de vivendas, dos propietarios de complexos habitacionais de turismo rural; polo tanto, é unha preocupación de todos. Acabamos de aprobar unha lei, hai deberes que facer, hai cousas que facer no ámbito da lei, pero tampouco me parece, eu non coincido moito en reclamarlle á FEGAMP facer manuais de boas prácticas nesta cuestión. Eu creo que ten que ser unha cuestión sectorial, cuestión de estudo tamén en cada concello, e a min particularmente paréceme que hai espazo para a convivencia do sector hoteleiro e hostaleiro tradicional cos sectores novos que, por unha chegada tamén de maior turismo, teñen unha oportunidade de negocio. O que si que temos que facer é, evidentemente calquera que nos coñeza sabe que defendemos estritamente isto, o turismo só ten sentido se lle dá oportunidades ao sector residente local, á poboación local, tanto a nivel de emprego, como de vivenda, como de servizos.

Se o que vai ocasionar é un malestar e unha precarización da poboación residente habitual, o turismo non ten razón de ser. Polo tanto –insisto e con isto remato–, entendendo a moción, entendendo o que se persegue con ela, discrepando nalgún punto concreto, nós en principio ímonos abster.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días a todos, a los vecinos que nos acompañan, de Bergondo y de Carballo.

Es curioso, señor Lema, que traiga usted aquí este asunto hoy, porque este asunto se ha debatido hace unas semanas en el Ayuntamiento de Santiago y su grupo en el Ayuntamiento de Santiago hizo un juego de equilibrio político sin precedentes en el tiempo que yo llevo en esta cuestión. Es decir, por la mañana votó a favor de la modificación del Plan General de Ordenación Municipal y por la tarde presentó una moción para modificar lo aprobado por la mañana con su voto en esta modificación del plan, haciendo un ejercicio claro de intentar soplar y sorber al mismo tiempo para contentar, o una propuesta ideológica pero tampoco queriendo afectar o molestar a los más de 600 propietarios y sus correspondientes familias de viviendas de uso turístico que hay en Santiago de Compostela.

Circunscribir al uso de las viviendas de uso turístico el problema de la vivienda en Santiago es simplificarlo, no mucho, simplificarlo muchísimo. Y también llama la atención que sean los ayuntamientos los que en este sentido hayan iniciado un proceso para limitar, o en su caso directamente prohibir, en el caso de Oleiros, porque, aparte el señor García Seoane en Oleiros identifica las viviendas de uso turístico con actividades ilícito-penales, lo cual es la leche, permítame que se lo diga, señor García Seoane, es la leche, las cosas que hay que escuchar aquí a veces.

Pero en todo caso y entrando en otra materia, siendo dos ayuntamientos de los 93 que conforman la provincia de A Coruña los que han iniciado esta serie de problemáticas, pero respecto a esto, es verdad que se ha debatido recientemente en el Parlamento de Galicia, yo entiendo que ustedes al no tener representación parlamentaria tienen que trasladar a esta Cámara todos estos debates, pero se ha tratado este asunto en el Parlamento de Galicia y a este respecto, para que ustedes lo conozcan, porque tanto el PSOE como el BNG ya tienen conocimiento de este debate, he de trasladarle algunas cuestiones.

Cabe destacar, que este asunto levouse ao Parlamento de Galicia, no que se debateu unha proposición non de lei, presentada polo Grupo Socialista, tamén no Concello de Santiago a través dunha moción, do grupo de Compostela Aberta. Nestas iniciativas propúñanse cuestións similares como é a modificación do Decreto 12/2017 que regula as VUT e outras máis particulares como o Concello de Santiago referidas á modificación do PXOM na cidade de Santiago.

O motivo da polémica xorde case exclusivamente en Santiago, é a orixe desta polémica, as VUT, e se as VUT requiren unha habilitación municipal preceptiva e previa para o exercicio da súa actividade. A dita polémica ten –como ben teño dito– a súa orixe, o seu inicio da polémica, no Concello de Santiago. As VUT regúlanse polo Decreto 12/2017, que establece no seu artigo 5 o concepto de vivenda de uso turístico. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade ante a Administración turística, e os concellos poderán establecer limitacións no que respecta ao número máximo de vivendas de uso turístico por edificio ou por sector. No seu capítulo 6 dedicado enteiraamente a regular este tipo de vivendas establece que, no artigo 41, réxime de exercicio de actividade: para o inicio da actividade turística na modalidade de vivendas de uso turístico, deberá presentarse unha declaración responsable de inicio de actividade. No resto dos apartados deste artigo recóllense os

requisitos para poder exercer esta actividade e tamén as súas limitacións.

Na moción expóñense unha serie de carencias no contido do decreto, en concreto detallan o seguinte: a problemática derivada da proliferación deste tipo de vivendas, descenso das prazas de alugueiro, como consecuencia a suba de prezos de alugueiro e non se establecen limitacións temporais de apertura ou peche nin a localización da vivenda. E fai unha mención específica ao artigo 41 do decreto, no que se argumenta que non se exige que o solicitante acredite a posesión de título habilitante municipal para o exercicio da vivenda.

Cabe sinalar que o Decreto 12/2017 ponse en marcha hai 5 anos co obxectivo de darlle cabida legal a unha nova modalidade de aloxamento que se estaba a implementar na nosa comunidade. Neste momento, como pasa con calquera lei, o decreto normativo é de recente aprobación, non se tiña a certeza total da evolución da actividade e da necesidade de adecuación da normativa ao uso desta. Unha vez que se constata a evolución desta actividade, é cando se debe valorar a necesidade de adecuar a normativa á realidade da actividade en cuestión. A Xunta de Galicia está analizando a realidade que supón o fenómeno das VUT en Galicia e de aprobar un marco regulatorio máis axustado a esta realidade; para iso, dentro da Comisión Normativa da Axencia de Turismo estase a traballar activamente, con diferentes axentes implicados, entre eles a FEGAMP, co obxectivo de consensuar as medidas que deben de ser adoptadas e trasladadas a unha nova regulación. A Axencia de Turismo de Galicia reconece e non cuestiona as competencias da Administración local en materia de urbanismo; de feito, a Axencia de Turismo de Galicia deu de baixa aquelas vivendas de uso turístico afectadas por sentenza xudicial mediante a apertura do preceptivo trámite de audiencia á persoa interesada e de conformidade co recollido no artigo 44 do Decreto 12/2017. O 31 de maio de 2022, a Axencia de Turismo de Galicia remite un escrito ao Concello; no dito escrito sinalábase a referencia á sentenza citada en relación coa persoa actual dunha vivenda de uso turístico concreto que opera no termo municipal de Santiago de Compostela e non é extensible ao resto de vivendas de uso turístico, de acordo co artigo 72 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A Axencia de Turismo de Galicia non pode iniciar ningún outro procedemento de baixa mentres non exista sentenza ou pronunciamento xurisdiccional que así o exixa, ou título lexítimo do Concello que así o ampare.

E realmente, respecto ás actividades económicas, se é unha actividade económica ou un rendemento da actividade inmobiliaria, todo depende de se hai unha persoa contratada a tempo total, iso é unha actividade de uso turístico; e, se non, se son os propios propietarios os que fan a limpeza, adecúan a vivenda e demais, é un rendemento do capital, iso xa está perfectamente contemplado e regulado na lei do IRPF.

Eu realmente, señor Lema, xa para non seguir con estas cuestións, podía dicir moitas máis cousas. O que me chama a atención de vostede é que cada pleno ao que vén vostede aquí, vén cunha serie de intencións, isto é propio da súa ideoloxía política, dalgún xeito controlar, dirixir as actividades produtivas de Galicia, é certo. Eu o outro día realmente pasaba camiño de Santiago e vía unha ponte e vía que unha cadea de supermercados que van facer unha folga o próximo 23 e pensei que traería vostede tamén unha iniciativa neste sentido; seguramente non o fai porque é unha cadea de supermercados bastante máis pequena e que ideoloxicamente non ten un choque frontal contra vostedes como é o caso de Inditex.

En todo caso, nós imos votar en contra desta moción porque entendemos que xa está a Xunta a traballar na cuestión de regular e adecuar a norma correspondente a isto e porque realmente entendemos que hai propietarios das súas vivendas que fixeron un

investimento importante na regulación actual e non debemos ser nós, e menos desde aquí, que non temos ningún tipo de competencia, quen fagamos unha proposta para prohibir, ou case cercenar a posibilidade dos propietarios de vivendas para facer un uso que entendan que é da súa competencia.

Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día de novo.

Nós podemos compartir parte do fondo da moción e do que se persegue con ela, pero si que é verdade que entendemos que nos acordos, que a fin de contas é o que importa desta moción, digamos non se dirixe ben o tiro cara a dar unha solución a algunhas problemáticas que se poñen de manifesto na exposición de motivos.

É verdade que é un tema moi complexo, no que ademais non se pode xeneralizar, non podemos vincular vivenda turística con infravivenda, por exemplo. Por poñer un exemplo, todos sabemos onde hai moitos anos nos pisos de estudantes en moitas das cidades universitarias de Galicia hai moita infravivenda, e non eran alugueiros turísticos, non era vivenda turística. Ou incluso en moitas cidades, en zonas periurbanas, tamén sabemos que hai moita infravivenda e non son necesariamente vivenda turística. Tampouco se pode xeneralizar, como ben apuntaba o vicepresidente, o voceiro do BNG, identificar a vivenda turística con problemas de convivencia, non sempre é así. Eu loxicamente descoñezo o caso concreto que afecta ao Concello de Oleiros, que efectivamente non poño en dúbida o que di o seu alcalde, pero por exemplo eu que tamén son dun concello turístico no que temos algunhas vivendas turísticas, nunca tivemos ningún tipo de problema de convivencia. Polo tanto, podemos entender que hai lugares onde si se está xerando polas circunstancias varias que poidan incidir directamente nesta cuestión, pero hai outros moitos nos que non.

Ademais hai que lembrar que en concellos pequenos, que non é o caso de Oleiros, Santiago ou estes dos que falamos, hai unha serie de matices, que seguramente aí non estean a padecer, ou non se verán afectados e que si nos afectan, por exemplo a rehabilitación de vivendas nos cascos históricos de concellos pequenos. A meirande parte dos cascos históricos dos concellos pequenos en Galicia e nesta provincia tamén están abandonados, porque moitas desas vivendas non cumpren coas necesidades que hoxe demanda a poboación para poder vivir, polas características propias, por exemplo, nas vilas mariñeiras como a miña, moita vivenda, hai algunha que mide 3-4 metros de fronte e iso loxicamente dificulta moito que poida cumprir con moitas das condicións de habitabilidade. Iso fai que a xente abandone eses cascos históricos e ademais, tamén hai tempo que o veño dicindo e observando, creo que a regulación que se basea só na pata do proteccionismo deses cascos históricos, pero que non leva acompañadas as axudas necesarias para que se poidan manter e rehabilitar, tendo en conta que se son cascos históricos, que son patrimonio de todos os galegos, como efectivamente o son, e acudimos a esas vilas para poder desfrutalos, sería lóxico e de xustiza que o conxunto da sociedade puidese achegar a través das distintas administracións fondos para poder mantelos e non cargar esa carga –valla a redundancia– só nos propietarios. Por poñer un exemplo, unha galería nunha vivenda, se se fai de aluminio pode custar equis, se se fai en castaño, que é obrigatorio, ou en carballo, nun casco histórico vai custar tres veces máis. Por tanto, as persoas que queren rehabilitar esas vivendas teñen unha serie de dificultades, empezando polas de carácter económico e outras ás veces de accesibilidade, que non teñen posibilidade de ter garaxes, etcétera.

Que está pasando nalgúns concellos, como o meu e outros moitos?, que esa proliferación, se queremos chamalo así, de vivendas turísticas está tendo un impacto positivo na rehabilitación destes cascos históricos; porque a alternativa non é que non se rehabilite para esa actividade e se rehabilite para ser vivenda, non, a alternativa é que non se rehabilite, que é como estamos ata o de agora, ou que se rehabilite para vivenda turística. Polo tanto, hai concellos que non terán esa visión tan negativa. De aí que é importante, e niso incidía tanto o voceiro da Marea como os que me precederon, que os concellos poidamos ter máis autonomía para regulalo tendo en conta isto que acabo de dicir, que a casuística de cada un de nós é distinta, a este respecto, tendo en conta as características de cada un destes concellos.

Ademais de que non podemos obviar que hai unhas consecuencias de carácter económico e que hai moitas familias ou persoas que a título individual están a recibir uns ingresos extraordinarios grazas a esta actividade. Que ten que estar regulada? efectivamente. Que ten que declarar todos eses ingresos ou beneficios que percibe? pois tamén. E, como ben dicía antes o vicepresidente, é verdade que hai unha parte deses apartamentos e pisos turísticos que está legalizada e que a través desta norma foi aflorando desde o punto de vista legal, e hai outros moitos que non, pero non é tanto unha cuestión de criminalizar –se se pode dicir así– o elemento ou o mecanismo da propia vivenda turística, como do uso que desta actividade fagan as persoas que non cumpren coa lei, como poden facer aí, pero tamén poden facer en alugueiros de vivendas particulares para residencia habitual e que non declaran ese alugueiro, ou que tamén poden estar xerando problemas de convivencia. Por tanto, parécenos que é un tema tan complexo que merece dunha reflexión moito máis profunda, que entendemos que non se fai nesta moción, se ben a intención nos parece que é loable, pero cremos que non se acaba de incidir naquilo que é realmente importante nesta cuestión e que ademais –como digo– non se abre tendo en conta os argumentos que acabo de dar a que pode haber outro tipo de interpretacións que faciliten a regulación por parte, neste caso, dos distintos concellos.

Polo tanto, nós neste punto, como non estamos en contra do espírito da moción, pero si que non compartimos, ou non cremos que as súas propostas de acordo poidan incidir nunha mellora da situación que se está derivando con este incremento, e que ademais hai que poñer de manifesto que Galicia, como ben se comentaba antes, está tendo nos últimos anos unha explosión a nivel turístico, vinculada a distintas cuestións, e que non hai infraestrutura turística suficiente para poder facer fronte á demanda existente. De aí que tamén é importante que as distintas administracións que teñen competencia nesa materia aprendan dos erros cometidos noutras zonas do Estado, onde o turismo é xa unha parte importante da súa economía, que ademais leva explotando moitos anos, para non cometelos aquí, para que non haxa unha explotación dese turismo que, por desgraza, nalgúns zonas de Galicia xa o estamos a ver e estamos creo que a tempo de corrixir e evitar. Polo tanto, tamén é importante que neste senso no que hoxe estamos a falar se teña en conta a experiencia doutros lugares onde está máis xeneralizada esta actividade para non cometer os erros que, loxicamente, despois causan unha serie de prexuízos a nivel social e económico loxicamente se non se declaran os rendementos desa actividade.

Así que nós neste punto, tendo en conta o que acabo de expoñer, ímonos abster.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

O bo deste oficio é que un nunca deixa de sorprenderse do que finalmente

acontece. Hai que lembrar que a Xunta de Galicia está agora mesmo nun proceso de revisión desta norma porque recoñece que é insuficiente para regular a dinámica social e económica da proliferación de vivendas de uso turístico, e os señores representantes do BNG e do PSOE, máis ou menos, veñen dicir que o que está, está ben. Sorpréndeme moito, a verdade, sorpréndeme moito, sorpréndeme moitísimo.

Hai algunhas cuestións que realmente xa me parecen un pouco de máis, porque a propia norma da Xunta de Galicia do Partido Popular recoñece no seu preámbulo problemas de convivencia. Paréceme curioso que algúns dos representantes que aquí falaron hoxe, que digan que non existen problemas de convivencia. Ás veces adiantar ao PP pola dereita ao mellor non é a táctica máis adecuada nestes casos, porque o propio Partido Popular recoñece no seu preámbulo que existe esta dinámica.

Despois teño que dicir algo que vai tamén un pouco de perogrullo, que existe á disposición dos grupos provinciais a posibilidade de emendar esta moción, propoñendo que se rebaixen algúns dos seus puntos. Porque aquí vanse abster o Partido Socialista e o BNG, porque teoricamente na parte resolutiva hai algunhas cuestións que lle parecen excesivas. Ben, pois mediante unha emenda rebáixase ese contido que lles parece excesivo da parte resolutiva e aquí negociámolo e dicimos que si ou que non. Basicamente estase pola vía da abstención, polo tanto, de non tomar partido pero tampouco de mollarse, de que un diga negro sobre branco que é o que lle parece ben e que é o que lle parece mal da norma que aquí se expón, e que basicamente recolle o espírito da norma da ordenación de urbanismo que acaba de aprobar o Concello do Partido Socialista de Santiago de Compostela, co apoio tamén do BNG, isto é así. Non hai contradición entre o que aquí se propón e o que se debateu en Santiago, que, por outro lado, por suposto, é un reforzo da autonomía local, porque o que está dicindo o Concello de Santiago é: "pidannos permiso a nós antes de rexístrala, permitan que nós ordenemos o noso concello, que establezamos en que zonas queremos e non queremos que existan máis vivendas de uso turístico antes de vostedes concederlle a licenza". Recoñezan a autonomía local á que aquí se apelou e se apela tantas veces. Pois esta norma non a recoñece, o que pedimos é que se inclúa iso. Vou dicir exactamente en que punto, se non me equivoco é no primeiro: "instar a Xunta de Galicia a modificar o decreto para os efectos de incluír na documentación obrigatoria a presentar polos solicitantes da inscrición a acreditación de posesión de licenza ou título habilitante municipal", é o que se solicita. Se ás persoas que aquí hoxe tomaron a palabra lles parece mal que incluíamos a medida que inclúe na súa norma o Concello de Santiago, que o digan. Digo tamén que, insisto, hai unha posibilidade de emendar as mocións que se presentan no sentido que se queira; posicionarse na abstención, ben, cadaquén fai o que lle parece, paréceme que se podería talvez ter traballado máis a posición política de cadaquén neste debate.

Señor Ben, é imposible pensar que unha vivenda de uso turístico encaixe a efectos fiscais dentro dun rendemento dun capital, é imposible, non é capital, unha vivenda de uso turístico é un patrimonio inmobiliario, será un rendemento dese patrimonio inmobiliario, non un rendemento do capital. Non o digo para ridiculizar ningunha proposición, digo que simplemente incluso a efectos fiscais isto non está ben resolto e nin tan sequera lle corresponde á Xunta de Galicia resolvelo. Pero si se recoñece o problema no preámbulo, que a nivel fiscal estase dando un caso de economía somerxida cando menos; por que?, porque hai un parque de vivendas baleiro enorme no Estado español que en parte, e incluso me parece racional facelo, se pretende reactivar.

Dicía tamén o compañeiro Sr. Fernández da problemática das zonas históricas que pode ser unha oportunidade; aquí non dicimos en ningún momento que haxa que facer desaparecer as vivendas de uso turístico, proponse que haxa que ordenalas mellor, facilitar a súa convivencia, dicir en que zonas si e en que zonas non, porque, caramba,

todos vivimos nunha casa, cando menos algúns de nós nun piso, pois ao mellor non nos fai tanta graza este *laissez faire*, este deixar facer que hai agora mesmo que che posibilite que no teu piso de arriba ou no teu piso de abaixo fagan vivendas de uso turístico. Pois, a verdade, é que non me parece a mellor opción, non só polos efectos que ten do encarecemento da vivenda, senón polos efectos que ten na convivencia.

Entón, claro que aos poderes públicos lles corresponde regular a actividade económica, é que é a súa maior responsabilidade. De feito, hoxe imos discutir tamén ou vaise discutir proximamente unha cuestión que ten que ver coa ordenación do establecemento da enerxía eólica en Galicia. Pois claro que é unha materia política, faltaría máis, como non, como non vai ser a regulación da vida económica, que nos afecta máis que a vida económica para ter en conta desde esta Cámara ou desde outra?

Nós efectivamente facemos esta proposta política desde este lugar, que é aquel do que dispoñemos. Se tivéssemos representación, como aquí se dixo, noutro, fariámolo noutro. Non creo que iso desde logo menoscabe a importancia do que aquí facemos, é o lugar no que temos capacidade para traer este tipo de iniciativas, e simplemente creo que ten toda a normalidade.

Por último, efectivamente en Galicia, eu tamén fun concelleiro de Turismo, a actividade turística aínda na maioría dos lugares non acadou, non sobrepasou o límite de carga, aínda non pasou a ser un problema real de convivencia, pero é o lugar cara ao que imos. Entón, creo que nos corresponde a nós ser un pouco previsores e evitar que cheguemos aos puntos nos que noutros lugares agora mesmo xa lles resulta difícil baixar, xa hai lugares que morreron de éxito. E, por tanto, aínda que nós non chegásemos a ese momento, a ese grao de sobreexplotación do recurso turístico, de facer incompatible a vida normal da xente coa actividade turística, coidado, teñamos coidado, sexamos previsores, non engadamos máis gasolina ao lume, porque é algo que pode acabar pasando. E imos asistir despois a que imos ter aquí problemas, que de momento non temos, aínda que nalgúns lugares, e a iniciativa do Concello de Santiago amosa unha preocupación relevante, que se plasma nesa norma do Concello, pero é o lugar ao que imos chegar se non facemos cousas antes.

E nada máis. Dicar, por último, que cadaquén vota o que lle parece, pero que é unha mágoa que mediante o trámite de emenda os grupos que hoxe se van abster pois non propoñan modificacións nas resolucións desta moción.

Nada máis e grazas.

#### Sr. Requeira Varela

Simplemente por alusións. Eu non lle pretendo adiantar ao PP polo dereita, pero tampouco eu quero que me adianten pola esquerda. Eu non dixen en ningún momento que estivera de acordo absolutamente coa política turística da Xunta nin que todo vaia ben. Dixen que se estaba traballando e que se están facendo esforzos por parte de todos nisto.

(Abandona o salón o Sr. Pego Sampedro).

Eu simplemente, gustaríame recalcar unha cuestión, que foi obxecto de debate este ano de problemas de convivencia que foron xustamente non as vivendas de uso turístico, nin as vivendas turísticas, nin a capacidade hoteleira de Compostela, foi un segmento do turismo que se chamaba aquilo das "reuniones de jóvenes cristianos por el Xacobeo", que non se aloxaban en ningún lado, aloxábanse en colexios maiores, en polideportivos e tal, e que se dedicaban a andar cantando polas rúas de Compostela. Ao



mellor temos outros problemas que non se tratan ás veces ou que se mete todo no mesmo saco. Evidentemente, púidose emendar a moción, pero eu creo que están abertas vías de diálogo, eu continuamente escoito os sectores económicos, o de vivendas de uso turístico, tamén o hoteleiro e o de turismo rural, e creo que todos estamos avanzando en buscar que a Galiza e á provincia da Coruña non lle pase xustamente o que vostede dí, que é morrer de éxito. Porque eu estou de acordo con vostede en que hai puntos negros e en que eses puntos negros existen e que hai que inspeccionar e hai que tamén tomar decisións, pero eu creo que de momento hai ferramentas, e o señor García Seoane é unha boa mostra diso, para actuar no ámbito local. Porque non imos tratar a todo o territorio galego baixo unha regra que non é aplicable a todo o territorio galego, porque de momento na maioría do territorio turístico galego hai capacidade de medre e isto non é un problema real. Simplemente, por iso tampouco por parte do noso grupo se emendou. Ademais, no Parlamento de Galiza esta lei debateuse, nós levamos as emendas correspondentes e creo que en turismo está sempre todo vivo. Vostede foi concelleiro de Turismo, ademais un bo concelleiro de Turismo, e sabe que o debate, a reflexión e a preocupación deste tema é unha preocupación política de primeira orde e que está viva, non fai falta tampouco que emendemos aquí.

#### Sr. Ben Otero

Muy brevemente. Señor Lema, la cuestión es esta modificación del Plan General de Ordenación Municipal que se ha producido en Santiago, algunos de los ayuntamientos en los que gobierna la Marea, que no son muchos pero algunos hay, ¿han iniciado este cambio normativo? ¿Esto es una cuestión ideológica suya impulsada desde el Ayuntamiento de A Coruña? Repito, en Santiago de Compostela el problema de la vivienda, lo de las VUT, es una mínima parte del problema que viene detrás, porque hay muchísimo parque de viviendas vacío que no se pone a disposición de alquiler, que no se dedica a las VUTS, ojo, eh, habrá que ver por qué, habrá que dar seguridad jurídica, incentivar el alquiler, etc., etc., etc. Simplificarlo todo a la existencia de las VUT es un gravísimo error. Hay 600 familias que dentro del marco normativo en su momento hicieron una inversión para tener una actividad en este sentido, y ahora mismo se les está coartando de una manera que yo creo que es impropia.

Ahora bien, cada uno lo que sea, pero me llama la atención, en Teo no sé si están en contra de esto; en A Pobra no sé si están en contra de esto... Igual debería hablar con sus alcaldes porque, a raíz del cambio normativo en Santiago le podríamos preguntar al señor García cuántas nuevas viviendas de uso turístico hay en Ames, en concreto en el Milladoiro. Esto es una cuestión de oferta y de demanda, hay una demanda.

Y luego pensar que las personas que van a un piso de uso turístico a pasar unos días se pueden equiparar a los que están en el Arenal en Mallorca o demás es que es una cuestión sin ningún tipo de sentido. Será un mínimo de personas que puedan producir un ruido, pero en general son personas que vienen con unos recursos económicos determinados a visitar, a conocer, incluso en familia y, hombre, estigmatizar el turismo en este sentido me parece.

Pero –repito– yo no tengo ninguna duda de que esto es una cuestión ideológica suya, yo respeto su ideología, no la comparto en absoluto, no cabe ninguna duda, pero creo que la intervención excesiva es mala. En todo caso, la autonomía municipal ahí está y la norma lo permite, en Oleiros no hay viviendas de uso turístico y no pasa nada. Ahora, querer limitar por definición en todos los sitios, creo que es un grave error.

Nada más y gracias.

## Sr. Fernández Piñeiro

Eu a verdade que lamento, señor Lema, a deriva sobre a que transita vostede nos últimos tempos, de responder ás nosas intervencións argumentando sobre cousas que non dicimos, cun posicionamento que ademais é de: ou se vota o que eu digo ou se está en contra do que eu digo. Penso que entre o gris e o branco hai moitos tons e moitas cores distintas. E a súa intervención, doume por aludido porque me citou, senón créame que non interviría porque non me daría por aludido, porque non ten absolutamente nada que ver co que o meu grupo, neste caso representado por min na miña intervención, dixo aquí. Non dixen en ningún momento que estivésemos en contra do que vostedes propoñen nesta moción. É máis, dixemos que compartiamos o espírito da moción, o que dicimos é que a moción nos parece, se quere que llo diga para que o entenda mellor, pobre, desde este punto de vista, parécenos pobre porque vai moi por enriba, toca moi por enriba esta problemática sen ter en conta, como dixen antes, que hai unhas circunstancias e características moi distintas ás que seguramente motivaron a redacción por parte do seu grupo desta moción. E, polo tanto, partindo desa base, hai que ter en conta que hai que poñer sobre a mesa outras medidas que incidan sobre todo naquilo que dixen, que era ter unha maior autonomía local para que os concellos, tendo en conta as características de cada un deles, se é verdade que están tendo algún tipo de problema con esta actividade ou non, poidan regulala.

No caso do meu concello, agora falo como alcalde, non temos ningún tipo de problema, todas as vivendas turísticas que están feitas están todas dadas de alta; seguramente porque é un concello pequeno no que podemos ter un maior control, que outros concellos de tamaño máis grande pode ser que non o teñan. Polo tanto, non hai problema. E en todo caso, como vostede ben dixo, é unha norma que se está tramitando actualmente, quen a vai ter que aprobar será o Parlamento de Galicia, entendo, e polo tanto alí está representado o meu grupo, o do BNG e o PP; desgraciadamente o seu non está, e entendo polo tanto que traía aquí esa moción porque alí non o poden facer. Pero nós temos compañeiros que loxicamente a través deses grupos farán achegas para mellorar esta norma, con base ao que acabo de dicir: nós non estamos en contra do que fixo Santiago, de feito compartimos o que fixo Santiago, o que estamos a dicir é que o que fixo Santiago, no caso dun concello como o meu ou doutros moitos concellos non ten ningún sentido, por que?, porque non temos ese problema. Igual temos outros problemas doutras características vinculadas a esta actividade que teremos que regular dunha forma distinta. Polo tanto, a formulación que facemos desde o meu grupo é que exista unha regulación que dea maior capacidade aos concellos para, valla a redundancia, regular esta actividade e polo tanto evitar os distintos problemas.

E cando falo de non xeneralizar dígoos pola intervención tamén do responsable de Alternativa dos Veciños que, efectivamente el fala da casuística do seu concello, pero iso non se pode xeneralizar a toda a actividade dos pisos turísticos da nosa provincia porque non é así, e estou falando do caso do meu e de moitos outros que poida coñecer.

Por tanto, repito, nós non estamos en contra do que vostede propón, non o diga e non nos leve aos posicionamentos extremos, que non estamos neles; o que estamos a dicir é que a súa moción –como repito, xa dixen antes e para rematar–, podemos compartir o que vostede persegue pero parécenos que a moción é pobre.

Que poderíamos tela emendado? Parécenos –como dixen inicialmente– un tema tan complexo que requiría de moito tempo para poder facer emendas que puideran abarcar o que nós entendemos que haxa que facer nesta casuística concreta. E, como

comprenderá vostede, isto é unha Deputación provincial e este é un Goberno que ten unhas competencias e ten que xestionar unhas áreas moi concretas cunhas competencias moi concretas. Entenderá, polo tanto, que como non estamos tan ociosos coma outros dediquemos o noso tempo e os nosos esforzos a xestionar aquilo que é da nosa competencia e non a poñernos a emendar unha norma que ten que aprobar a Xunta de Galicia, porque xa temos compañeiros do noso partido político nesa administración e nesa institución que farán o seu traballo; non llo vou facer eu desde aquí nin o resto dos meus compañeiros. E por iso non a emendamos porque, desgraciadamente, estabamos a outras cousas –ou por sorte– que teñen que ver con esta administración, estabamos traballando niso. Igual que vostede noutras ocasións se abstén e ninguén lle bota en cara que non presente emendas. Pois abstense porque pode compartir unha parte do que se propón e outra parte non, punto. Non hai ningunha obrigación, non din en ningún sitio que haxa que votar a favor ou en contra e, polo tanto, se un non vota en contra ten que presentar unhas emendas, non. E, como vostede tampouco o fai, non nolo exixa aos demais porque sería pouco xusto, vale?

Polo tanto, repito, que quede claro que compartimos o espírito da moción, o fondo, pero parécenos insuficiente, parécenos que é unha moción que queda curta e que non ten en conta todas as casuísticas e as distintas variables que afectan a esta actividade ao longo e ancho desta provincia. Polo tanto, a través dos nosos grupos no Parlamento de Galicia faremos as propostas que nos parezan oportunas para mellorar o que entendemos que é mellorable, que quede claro que é mellorable.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Presidente

A última, Sr. Lema, e votamos.

Sr. Lema Suárez

Para non estenderme moito, hai un principio legal que é o de non retroactividade da lei con efectos negativos; as que xa están acollidas a este decreto cando foron así legalizadas permanecerán nesa situación, e serán as novas as que se acollan ás modificacións posteriores da lei.

En canto a se a moción é pobre ou non, eu non sei se a moción é pobre, ou se eu teño moito tempo de lecer e o resto non, e me dedico aquí a tocar os narices emendando decretos da Xunta de Galicia, ao mellor é iso, cadaquén ten os seus vicios. Pero, en todo caso, se iso se detecta, eu creo que a pobreza desta moción podería ser enriquecida mediante achegas que se podían ter feito desde os grupos; non se fixo, paréceme ben, paréceme lexítimo, pero tamén se dá a entender aquí que aquí non estamos para dalgunha maneira facer política respecto das normas que saian da Xunta de Galicia. Eu creo que xa houbo exemplos do contrario e que os seguirá habendo talvez nesta mesma sesión plenaria.

Nada máis e grazas.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 2 deputados (1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 10 deputados (PP)

Abstéñense: 15 deputados (11 do PSOE, 3 do BNG e 1 (PP) - en virtude do artigo

74.1 do Regulamento Orgánico).

Sr. Presidente

A seguinte moción dos grupos provinciais, PSdG-PSOE, BNG, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica en apoio á ANPA do centro público integrado Cruz do Sar do municipio de Bergondo.

**2.Moción dos grupos provinciais PSdeG-PSOE, BNG, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica en apoio á ANPA do Centro Público Integrado Cruz do Sar do municipio de Bergondo**

Os grupos provinciais do PSdeG-PSOE, BNG, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica veñen de manter conversas coa ANPA do CPI Cruz do Sar, nas que nos trasladan as súas demandas derivadas do recorte de persoal de atención á diversidade; iso, a pesar do incremento experimentado nas matrículas do alumnado con diversidade funcional no presente curso escolar.

En concreto, a alarmante situación na que se atopa a comunidade educativa do municipio de Bergondo é a seguinte:

O CPI Cruz do Sar conta con dous/dúas profesores/as menos que no curso escolar anterior (2021/2022), concretamente contan cun/cunha mestre/a de Educación Primaria e outro/a de Pedagogía Terapéutica.

A ANPA de Bergondo "APA DAS MARIÑAS", trasládanos a inqueda situación na que se atopan, por canto neste curso escolar contan con máis de 350 alumnos/as, sen que podan facer fronte con garantías ás necesidades educativas de máis de 30 destes/as nenos/as con diversidade funcional por mor da denegación dun segundo especialista en Pedagogía Terapéutica e do recorte da xornada na especialidade de Audición e Linguaxe nunha alta porcentaxe.

Recortes que non só terán impacto nestes máis de 30 nenos/as, xa que o recorte dun mestre de primaria incrementará indiscutiblemente a carga de traballo do actual cadro docente, ao que a Consellería de Educación pretende asignarlle tamén horas de reforzo para as necesidades educativas especiais.

O centro educativo bergondés xa comunicara ao remate do curso pasado as súas necesidades de dotación de persoal docente, xustificada debidamente según informes de profesionais especializados e valorados, nalgúns casos, polo Servizo Galego de Atención á Dependencia. Pois ben, a resposta da Consellería non lles chegou ata a primeira semana do mes de setembro deste ano, denegando as demandas realizadas.

Estas demandas contan co apoio da totalidade do equipo directivo e docente, así como de todas as asociacións do concello mariñán, e tamén de todos e cada un dos grupos políticos da Corporación Municipal do Concello de Bergondo.

Estes grupos provinciais expresan o seu apoio a todas e cada unha das comunidades educativas da nosa provincia que se teñan atopado ou se atopen nesta alarmante situación.

Polo anteriormente exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE, BNG, Alternativa dos

Veciños e Marea Atlántica propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1. Manifestar o inquebrantable compromiso da Deputación da Coruña coa calidade do ensino público como un motor de igualdade e cohesión social entre a cidadanía da provincia.
2. Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás demandas plantexadas pola comunidade educativa do municipio de Bergondo; apoio que facemos extensivo a todas as comunidades educativas que estén a padecer este tipo de recortes.
3. Instar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia a cubrir todas as necesidades demandadas pola comunidade educativa bergondesa.
4. Dar traslado do presente acordo á comunidade educativa do Colexio Público Cruz do Sar de Bergondo e ao Concello de Bergondo.

#### Sr. Fernández Piñeiro

Presentamos unha moción conxunta entre estes catro grupos que conforman, que forman parte desa Corporación provincial, tras un encontro que mantivemos cos representantes do Concello de Bergondo e da ANPA do CPI Cruz do Sar, e que hoxe nos acompaña aquí, aos que quero darlles a benvinda e trasladarlles xa o apoio do Goberno provincial ás súas demandas.

Unha moción que nace como consecuencia de algo do que xa temos falado en distintas ocasións neste Pleno, a pesar de que tampouco é unha competencia provincial, como son os recortes en educación que se están a levar a cabo por parte da Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular e que afectan loxicamente tamén por desgraza a este centro de Bergondo; afectan á totalidade deses máis de 350 rapaces e rapazas que estudan alí, e de forma máis concreta a eses máis de 30 rapaces e rapazas que ademais teñen necesidades específicas, como dixen antes coa supresión desa praza de mestre en educación primaria e de pedagogía terapéutica.

Polo tanto, ese recorte de dúas prazas, como digo, está a afectar a estes rapaces e rapazas, incluso no que se refire a aqueles que teñen necesidades específicas, a propia Inspección reconece que hai un problema cando propón que ese PT que está en Secundaria pois colabore co de Primaria para poder axudalo no seu labor; polo tanto, de forma indirecta estase a recoñecer que hai unha necesidade de ter ese especialista en pedagogía terapéutica, que foi negado pola Xunta. Como ben se comentaba anteriormente, e como se pode ver na exposición de motivos desta moción, por parte da comunidade educativa e do centro trasladáronse unha serie de necesidades ao finalizar o curso pasado e desde a consellería respondeuse agora co inicio do curso que non ían ser atendidas. E, polo tanto, dende estes grupos, unha vez que falamos con esta representación da comunidade educativa deste centro e entendendo as súas demandas, compartímolas loxicamente, porque se suman ás doutros moitos centros por desgraza nesta provincia que están a sufrir esa política de recortes en materia educativa da Xunta de Galicia. Sen ir máis lonxe, teño ao meu carón o alcalde de Dumbría, un concello no que se comparte un titor co centro doutro concello. É dicir, teñen un titor os rapaces e rapazas a media xornada, en Dumbría e outra media xornada que fai no concello de Corcubión; polo tanto, dende o punto de vista de garantir o dereito de todos estes

rapaces e rapazas a unha educación de calidade e nas mesmas condicións, está claro que por parte da Xunta de Galicia non se está a facer. É verdade que este é un mecanismo moi novidoso, que ata agora nunca viramos, e era que ata agora se podían recortar prazas, pero ter a xente a media xornada xa nos parecía algo case difícil de explicar e sobre todo de crer. Pero, ben, neste caso a xestión da Xunta de Galicia sempre supera as nosas expectativas por desgraza desde o punto de vista negativo.

Neste caso deste concello tamén e deste CIP de Cruz do Sar, é verdade que desde a Xunta de Galicia a resposta que se dá é que teñen dous PT. Por tanto, como pedían dous, está cuberta a demanda; o que non se explica é que os teñen, igual que no caso de Dumbría, a media xornada, algo que, tendo en conta as necesidades deses rapaces e rapazas, como digo, que teñen necesidades especiais, pois cremos que non é de recibo. Non é de recibo para o conxunto do alumnado e moito menos para eses rapaces e rapazas. Polo tanto, de aí que se traía esta moción a Pleno, que desgraciadamente non puido ser como declaración institucional porque un dos grupos da Corporación, lícitamente, ninguén lles vai a quitar o seu dereito para facelo, non quixeron apoiala, a pesar de que os seus compañeiros no Concello de Bergondo si o fixeron. Polo tanto entendemos que hai unha motivación distinta, ou polo menos unha visión diferente, queremos pensar, e non unha cuestión relacionada coa estratexia política de quero quedar ben cos do meu concello, que son os que me votan e despois que se maten os meus na Deputación ou en distintos ámbitos. Queremos pensar que isto non se debe a iso e por iso tamén nos gustaría escoitar os argumentos que neste caso, por parte do Grupo Popular, hai para non respaldar esta moción ou para, polo menos, non ter presentado unha declaración institucional a este respecto. Nada máis e moitas grazas.

O que si vou dar lectura, se vos parece, aínda que todos temos a moción, non da exposición de motivos, que máis ou menos está resumida nisto que acabo de comentar, e si nos acordos que se propoñen con esta moción.

O primeiro deles é manifestar o inquebrantable compromiso da Deputación da Coruña coa calidade do ensino público como un motor de igualdade e cohesión social entre a cidadanía da provincia.

Número dous: expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás demandas formuladas pola comunidade educativa do municipio de Bergondo, apoio que facemos extensivo a todas as comunidades educativas que están a padecer este tipo de recortes.

Terceiro acordo: instar a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia a cubrir todas as necesidades demandadas pola comunidade educativa bergondesa.

Número cuarto, dar traslado do presente acordo á comunidade educativa do colexio público Cruz do Sar de Bergondo e ao Concello de Bergondo.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Couto Rodríguez

Bo día a todos e a todas de novo. Saudar a todos os veciños e veciñas que nos acompañan, tanto de Carballo como de Bergondo, pero en especial aos de Bergondo, xa que imos tratar agora mesmo a moción, ou xa estamos tratando a moción que se trae aquí a Pleno.

Eu creo que a exposición de motivos e os acordos falan por si mesmos. A verdade

é que é unha moción clara, concisa, e a verdade é que formula unhas necesidades que son vitais no ámbito educativo, porque aquí falamos tamén de que hai nenos e nenas, 15 en concreto, que teñen apoio cero, e son nenos e nenas con diversidade e con necesidades que están avaladas e xustificadas con informes que así o indican.

Esta falta de profesorado, que ademais temos nesta falta de profesorado un PT, ou sexa, un profesor de pedagogía terapéutica, e a verdade é que isto, cando vemos que é unha entidade, un cole que vai incrementando ano a ano as súas matrículas con nenos e nenas con estas necesidades, a verdade é que se fai vital que se incorpore novo profesorado deste ámbito ao centro educativo.

Pero é que, ademais, temos que parabenizar, porque o centro educativo de Bergondo, o CPI de Cruz do Sar do municipio de Bergondo, evidentemente témolo que parabenizar porque xa prevía que había e que ía haber neste curso este tipo de problemas, porque xa informou á consellería en tempo e forma a finais do curso pasado. Pero, claro, a verdade que neste sentido a consellería actuou tarde, mal e a rastro, e dicimos que actuou tarde porque xa o fixo case comezando este curso. E dicimos tarde porque xa o equipo directivo do centro tivo que apañarse como podía, xa que non tiña resposta da consellería e a verdade é que vemos que aí o equipo directivo actuou con celeridade porque prevía xa seguramente que a consellería non ía actuar segundo as súas funcións. Dicimos tarde, dicimos mal tamén, porque a resposta foi a denegación desta petición do centro. Ou sexa que vemos que a consellería no ámbito da educación actúa, como digo, tarde, mal e a rastro.

Evidentemente a necesidade que se pide tampouco é que se pida o dobre de profesorado do que ten nin moito menos, pídese un profesor de pedagogía terapéutica que daría solución á problemática, minimizaría o problema, evidentemente, porque axudaría tamén a aliviar a especialidade de audición e linguaxe. Por tanto, reitero o noso apoio á ANPA do CPI, ao centro e a verdade é que teñen que seguir facendo filigranas para atender mellor o seu alumnado, que é do que se trata. E por iso están hoxe aquí, porque queren darlle solución a toda esa problemática que ten o centro, que ten o alumnado e, pois nada, os meus parabéns desde aquí. E evidentemente nós imos apoiar esta moción, somos parte da moción do CPI de Cruz do Sar, do municipio de Bergondo.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Nós tamén saudamos novamente as persoas que forman parte da ANPA do CPI Cruz do Sar, tamén aproveitamos para saudar as persoas que viñeron desde Carballo, que antes non nos acordamos e non as citamos.

Eu creo que aquí hai unhas necesidades detectadas de educación, educativas, que non son cubertas pola Administración correspondente, neste caso pola Xunta de Galicia, que por outros órganos, como é o Servizo Galego de Atención á Dependencia, si certifica que existen neste colexio unha serie de rapaces e rapazas que necesitan deste apoio específico ao que despois non lle dá cobertura, co cal a Xunta de Galicia cae en certa contradición entre as necesidades que detecta e os servizos que pon á disposición para cubrilos.

Tamén entendemos que aquí hai unha certa contradición tamén no que ten que ver coa actuación da propia Inspección, porque tal e como se nos contou, da Inspección de Educación, tal e como se nos relatou, tivo tamén unha actitude ou toma de decisións contradictoria entre aquelas necesidades que detectou e despois aqueles servizos que

puxo ou recursos que puxo á disposición da comunidade educativa.

Tamén lle agradecemos á ANPA a súa actitude eu creo que activa, de defensa do que realmente non deixa de ser máis que o dereito a unha educación pública universal e gratuíta e de calidade, e pensamos tamén que isto non é unha cuestión casual nin puntual, senón que outras veces temos denunciado aquí a falta de cobertura deste tipo de alumnado agora mesmo na educación pública en Galicia, e pensamos que realmente existe un tratamento a fondo e unha revisión das políticas públicas da Xunta de Galicia en materia de educación.

Nada máis e grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, Presidente. Lo primero respecto a este asunto que queríamos decir es que a nosotros se nos convoca o se nos invita por parte del Grupo Socialista a una reunión con el ANPA de la comunidad educativa del CPI Cruz de Sar dos días después de que el Partido Socialista hubiera registrado una moción que es exactamente esta misma que ha presentado ahora por todos los grupos. Es decir, el orden de los factores en matemáticas no altera el producto, pero en el resto de las cosas sí. Primero el Partido Socialista presenta una moción, exactamente esta moción, y *a posteriori* nos convoca a los grupos a reunirnos con el ANPA, no sé, será para bendecir, santificar o ratificar la moción que presenta. En consecuencia, si a nosotros el ANPA nos hubiera citado, o si el Partido Socialista tuviera la elegancia de citarnos y *a posteriori* que presentaran la moción que estimaran oportuno, faltaría más, nosotros estaríamos ahí sin ningún tipo de duda. Esa es la primera explicación que creo que tiene que quedar clara, y creo que la elegancia nunca sobra en política y cierto tipo de juegos o triquiñuelas a nosotros desde luego no nos van a coger en ellos. Eso es lo primero.

Lo segundo es decir que es duro posicionarse en contra de una moción de este tipo, estando el ANPA aquí, o sin estarlo, porque estamos hablando de niños con necesidades especiales que requieren de una atención y, efectivamente, del afecto y del compromiso de todos nosotros, eso también es verdad. Pero lo que yo sí creo es que en estos casos, como en otros muchos, no soy yo como portavoz del Partido Popular en la Diputación, ni siquiera un concejal o un alcalde, el que tiene que dictaminar o decidir lo que es necesario o no es necesario, entiendo que hay, primero la comunidad educativa y segundo los inspectores de educación, no cuestiono para nada su labor, si ustedes lo cuestionan me gustaría que los portavoces del resto de grupos así lo dijeran, y los inspectores de educación en dos informes, no uno, dos informes, por dos inspectores distintos, han dicho que el profesorado era el adecuado para este ANPA, y yo puedo leer, digo para este centro, y puedo leer las conclusiones, uno con fecha de 5 de octubre:

“Conclusiones: En consecuencia co anteriormente exposto esta Inspección conclúe o seguinte: Primeiro, no horario da profesora PT de Secundaria débense cambiar polo menos dúas horas de garda por atención a necesidades especiais preferentemente de Primaria. Dous, en aplicación do establecido na Instrución 97/2 do 3 de outubro do 2000, o director, oído o claustro, poderá asignar ao profesorado que non cubra as 25 horas lectivas tarefas relacionadas con, entre outras cousas, atención á diversidade do alumnado con dificultades de aprendizaxe ou con necesidades educativas especiais de apoio a outros...etc...”.

Al acabar le facilito, señor presidente, el informe, que estoy seguro de que ustedes también lo tienen. Y un segundo informe emitido por un segundo inspector, porque éste estaba de baja, no es el mismo inspector que haga dos informes, un segundo informe de



un segundo inspector, porque el primero estaba de baja, después de haberse reunido con los representantes del centro, que dice lo siguiente:

“Conclusionés” –este es de fecha 30 de noviembre–: “Esta Inspección educativa considera que a dotación de persoal especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe é a axeitada, pero a Xefatura do Departamento de Orientación e Dirección do centro deben realizar un mellor aproveitamento destes recursos para atender o alumnado de necesidades educativas especiais”.

Dos informes de dos inspectores distintos de la Inspección educativa. Yo no los pongo en cuestión, lo más sencillo para mí sería abstenerme o decir si; no, no, a mí me gusta el rigor, o procuro tenerlo, independientemente de que me pueda equivocar muchísimas veces, que me equivoco infinidad de veces, no tengo ninguna duda.

Pero antes decía el señor Fernández aquello de la incumbencia y la competencia, y es cierto, este es un tema de nuestra incumbencia, como todos los temas que vienen a esta sesión referidos a la provincia de A Coruña, en especial el señor Lema y el señor García Seoane, que no tienen representación parlamentaria, igual no tienen otra vía para hacer saber sus inquietudes o ideas al respecto de tal, pero ustedes, señores del Partido Socialista, que presentaron una moción previamente a citarnos a una reunión con el ANPA del colegio, previamente, repito que es importante que esto quede claro, y los señores del BNG sí tienen representación parlamentaria. Y, claro, este tema no es nuevo porque me he tomado la molestia de pedir la transcripción de la comparecencia parlamentaria del conselleiro de Educación, una tal –digo una tal porque no la conozco–, la señora Otero Lago, creo que es diputada del Partido Socialista, no sé si no tiene muy buena relación con ustedes por aquello de Caballero, no sé, supongo que sí, porque está actuando de portavoz de esta área, hizo una pregunta respecto de este tema, una pregunta al conselleiro que es el máximo responsable en Galicia de esta cuestión. Esta cuestión fue tratada en el Parlamento a una iniciativa suya y de nuevo la traen aquí con la intención de afean, molestar o ponernos en contradicción con nuestros compañeros de Bergondo. Yo entiendo que nuestro portavoz de Bergondo y el grupo hicieron posiblemente lo que yo haría también si fuera el portavoz de Bergondo, pero nosotros aquí tenemos que actuar de otra manera y tenemos que actuar con seriedad y con rigor. Y, mire, ya que no voy a leer la intervención de la señora Otero Lago, porque entiendo que ustedes la conocerán, porque es una pregunta registrada por ustedes en el Parlamento de Galicia, pero sí voy a leer la respuesta del conselleiro de educación, porque él sí es competente, aquí sí hay un caso de competencia. Y la respuesta del conselleiro de Educación es la siguiente: “Señoría, a verdade é que comparto a primeira parte da súa intervención, Galicia ten sido e é un exemplo en traballar a favor da inclusión, en traballar a favor da atención á diversidade, en traballar tamén para protexer os alumnos das problemáticas emocionais. De feito, despois da pandemia fomos a primeira Comunidade Autónoma que aprobamos un Plan de benestar emocional para o alumnado e tamén puxemos en marcha diferentes comisións onde intentamos cunha perspectiva interdisciplinar, sanitaria, social e educativa, dar resposta ás problemáticas moitas delas recollidas no estudo que vostede citou, moitas delas recollidas noutras análises, pero que realmente nos preocupa, nos ocupa e traballamos nesa liña sen ningún tipo de dúbida. Creo que niso podemos estar todos de acordo e sería un bo principio. Non podo estar de acordo no que formula vostede na segunda parte da súa intervención; vemos que aquí hai unha visión, se se quere, deformada da propia realidade. Vostede cuestiona, como representante do Partido Socialista, formula unha cuestión, cuestiona os recursos humanos, a xestión dos recursos humanos que se presta por parte da Consellería de Educación, que non as presta este conselleiro, pode estar absolutamente seguro, non as xestiona directamente este conselleiro dun xeito arbitrario ou dun xeito directo, nin moito menos, senón que estas decisións de adopción de

profesorado de adopción de horarios, etc., tómanse todas en base a rigores técnicos e en base aos informes de Inspección. E este tema vostede tamén o sabe porque xa foi debatido na Comisión Cuarta; pola súa parte mantéñense nunha posición de entendemento sumamente interesada”, etc.”.

Es decir, es la Consellería de Educación, no el conselleiro ni el Partido Popular, es la Consellería de Educación en virtud de los informes de los inspectores educativos, no un informe, dos informes, los que toman una decisión. Yo desde luego ojalá se pueda solucionar este tema, ojalá haya un nuevo informe, ojalá se acredite que se necesita un profesor más, ojalá, no tengo ningún tipo de problema, ojalá se resuelva, pero a día de hoy, con rigor y en virtud de lo que es normativamente correcto y según los informes preceptivos, creo que la Xunta de Galicia ha hecho lo que debería hacer, y lo sentimos muchísimo y nos disculpamos por ello, no vamos a votar a favor de esta moción, y ni siquiera nos vamos a abstener, que sería lo más fácil por nuestra parte. Vamos a votar en contra sobre todo por la hipocresía del Grupo Socialista por haber citado a todos los grupos a una reunión después de haber presentado esta moción que es exactamente la que todos firmáis hoy detrás de un Partido Socialista que nos cita a una reunión teniendo tomada ya la decisión de tomar esta iniciativa.

Nada más y muchas gracias.

Sr. García Seoane

Eu non me vou estender no porqué de tratar esta moción, está recollido aí; Alternativa dos Veciños presentou unha moción, Alternativa dos Veciños antes da reunión coa Deputación dos distintos grupos tamén tivo unha reunión coas persoas que representan esta demanda no colexio Cruz do Sar, tanto as ANPA como o centro escolar, por tanto, non me vou estender porque sería repetir, repetir, repetir... Pero si dicir que, cando se di que non hai competencia desta Deputación, isto é unha competencia dos concellos, unha competencia que nos largaron porque, claro, di a educación non, pero vostede pague todo o que haxa que pagar, pague a limpeza, pague non sei que, todas estas lindezas que coñecemos e que tanto lles custan aos concellos. Por tanto somos competentes, e faltaba máis que os concellos non sexamos competentes na educación dos nosos nenos, ata aí podíamos chegar. Por tanto, competencia total.

Nós como Alternativa dos Veciños non estamos agora cos representantes do colexio de Cruz do Sar, levamos xa máis de 2 meses, 3 meses estando con eles en todo canto fixeron, porque nós en concreto nese concello cogobernamos co PSOE. Por tanto, tamén temos obrigación, xa non só desde a rúa senón desde a institución. Por tanto sempre estivemos aí e, cando se manda un escrito aquí á Deputación para ter esa reunión cos deputados, por tanto é obrigación, faltaba máis, que neste caso o presidente da Deputación ou a persoa que o represente non convoque os partidos políticos, faltaba máis; se llo está pedindo unha entidade e llo piden ao presidente, o lóxico é que, sendo un tema de competencia municipal, que se convoque os distintos portavoces. Por tanto, nesa reunión estabamos de acordo todos os que estivemos presentes, totalmente de acordo, retírase a moción de Alternativa, retírase a moción do PSOE e faise unha moción dos catro grupos que estamos de acordo neste aspecto.

E logo o que non se pode, as escolas... e eu teño unha experiencia quizais máis que ninguén dos que están aquí presentes, porque cando eu entrei no Concello de Oleiros había un só colexio, había un colexio para 600 nenos e tiña 1.100, tiña 1.100, era un almacén de nenos. Pois a miña loita foi tremenda no tema educativo, e nós temos hoxe 9 edificios de EXB, temos 3 institutos e temos 4 escolas infantís. Por tanto, si me preocupe e me preocupo polo tema da educación dos nosos nenos. E isto foi

machucando, machucando, aportando, porque claro a Xunta non che fai un edificio se non lle pos o terreo e non lle pos os servizos. Despois ponlle a banderita inaugurado tal por fulanito de tal, fulanito de tal non, por todos os que influímos para que ese edificio estivese aí. Pero sempre se nos marxina aos concellos cando se pon a festa da banderita. Por tanto, hoxe o noso concello por exemplo está empezando a ser, a pesar desta infraestrutura tan grande que temos, está empezando a ser almacén de nenos; por que?, porque a Xunta non cumpre co que ten que facer cos concellos, e nenos de Culleredo e nenos de Cambre e nenos de Sada están vindo aos colexios de Oleiros, de Cambre veñen dous autobuses enteiros; entón, que están facendo?, sácanos a aula de informática, a aula de non sei que, a biblioteca, e énchena e logo créannos problemas aos concellos, logo créannos problemas gravísimos aos concellos e bótannos a culpa aos concellos de que non hai servizos, etc., etc. Todas esas políticas xa as sabemos, son políticas de desgaste, que eu levo sufrindo, xa digo, moitos anos.

E iso de usar os inspectores, eu xa sufrín varios inspectores, moitos e algún deles teño o orgullo de termo cargado, e digo cargado daquela boa maneira. A Xunta tivo que chegar un momento a eliminar esa inspectora que había alí que non facía máis que o traballo *de la voz de su amo*, facía o que lle mandaban. Cando a chamabamos por calquera denuncia, facía o que lle mandaban. E isto é o mesmo que está pasando no colexio de Bergondo; os inspectores, que grazá, un señor que o mandan alí e como non faga o papel que lle mandan está apañado, porque deixa de ser inspector e deixa de cobrar un salario deses de puta madre, como se acostuma dicir, porque non cobra igual o inspector que o mestre. Por tanto, esta é a política que hai de botar balóns fóra a través dos inspectores. Póñanse no seu sitio porque vostedes os que gobernan son os políticos e non os inspectores; e os inspectores fan o seu traballo e vostedes fagan o seu, e aí hai un problema serio, hai un problema moi serio de case 30 nenos, non de 15 nenos, de case 30 nenos e nenas e que, por tanto, hai que solucionar. E fan ben loitar, día a día; isto dígolles á asociación e ás persoas que están loitando que non paren, que non paren porque se non se para...; só perden os que se renden e os que loitan, ao final gañan, se o que levan á fronte é a defensa dun valor determinado que ten que ser así. Por tanto, recoméndolles que sigan nesa loita e contarán indubidablemente con nós, faltaba máis. Por tanto, cesen xa de botarlle a culpa ao inspector e déanlles aos veciños, neste caso de Bergondo, o que lles pertence desde a Xunta de Galicia.

E nada máis porque, se non, diría moitas máis caralladas e igual me paso dúas millas.

#### Sr. Couto Rodríguez

Un pouco por completar a miña intervención, comentar un pouco o que dixo o señor Ben. Polo que vemos, os informes nos que se basea a súa intervención, non imos dicir que estean mal, pero eses informes demostran que están equivocados porque existe unha problemática, porque se eses informes din que está todo ben, estamos vendo que non está todo ben, que hai unha ANPA e un centro que se están mobilizando porque hai nenos con apoio cero a esas necesidades que teñen, e non son atendidos como debían. De feito, estaría ben que eses informes se xuntasen digamos á acta para poder ter acceso a eles, xa que nós solicitamos acceso a eses informes e non nos foron entregados.

De todas as maneiras, tamén comentar que o voto non debería ser produto da forma na que se fixeron as cousas e si no fondo exactamente das necesidades que hai realmente.

Nada máis.

## Sr. Fernández Piñeiro

Ben, unha vez máis o mundo ao revés; é verdade que aos que estamos aquí sentados non nos sorprende, seguramente a quen nos acompaña no público si porque non están acostumados a ver as intervencións do Partido Popular neste Pleno, a nós xa non nos sorprende porque estamos acostumados a que calquera cuestión que se trae a este Pleno que lle reclame a máis mínima cousa á Xunta de Galicia é rexeitada polo Partido Popular. Os argumentos son dispares e variados e orixinais, o de hoxe foi case o máis orixinal da última tempada, que é a culpa é nosa, porque os convocamos a unha reunión á que ningún dos 14 representantes que ten o Partido Popular nesta institución tivo tempo de acudir, ningún deles, porque non acudiron a esa reunión porque non quixeron facelo. Primeiro, hai que aclarar unha cuestión, señor Ben, non manipule vostede: hai unha moción presentada polo noso grupo que nace da necesidade que ten este centro educativo, hai unha moción que se presenta con posterioridade por parte doutro grupo que nace das necesidades ou do apoio ás necesidades que ten ese grupo, perdón ese centro educativo, e ante iso o que se fai por parte do Grupo Socialista, que é o primeiro en presentar esa moción, é convocar todos os grupos para sentar con estes representantes da comunidade educativa e escoitar de primeira man cales son as súas reivindicacións. Vostedes deciden, polo motivo que sexa, non acudir a esa reunión. Plantéase unha declaración institucional, por que?, porque partiamos da base de que, se o Partido Popular en Bergondo apoiaba esas demandas, por coherencia, algo do que presumiu vostede hai un anaco e que por desgraza non aplica tan habitualmente, votarían vostedes tamén a favor desta declaración institucional, cousa que non fixeron porque teñen un criterio diferente ao dos seus compañeiros de Bergondo.

E por iso se presenta unha moción que se lle propuxo ao resto de grupos que estaban nesa reunión facela de forma conxunta e vostedes non están, pero non están porque non quixeron. Agora, se vostede non quere respaldar iso porque ten esa incapacidade para reclamar a máis mínima cousa á Xunta, xa non digo para facer a crítica, digo polo menos para reclamar algo, porque entendo que a Xunta non será perfecta e tamén se equivocará algunha vez, e rectificar é de sabios.

E neste caso non me vale que se escude vostede nos informes de Inspección porque a propia Inspección é a que di que ese PT, que está en Secundaria colabore co de Primaria e axude ao de Primaria; e se ten que axudar ao de Primaria é porque necesita axuda e se necesita axuda é porque hai a necesidade de que a presten; e se hai a necesidade de que a presten é porque non hai persoal. Isto é moi sinxelo  $2 + 2 = 4$ , pois aquí é igual, chegar a esta conclusión é tan sinxelo como analizar cal é a situación.

E a política que aplica a Xunta de Galicia en materia educativa é economicista e nós non a compartimos, como tamén aplica de forma economicista na sanidade, e nós entendemos que hai determinados servizos que teñen que estar por enriba dos custos que poidan supor, porque estamos a falar da educación dos nosos rapaces e rapazas, que son os que van garantir o futuro desta sociedade.

E, fronte ao incremento neste curso de rapaces e rapazas con necesidades especiais, o incremento, señor Ben, quede con esta palabra, a Xunta o que fai é reducir o número de profesionais nese centro. E iso dáme igual que veña amparado polo informe dun inspector, como se vén amparado por un informe do presidente da Xunta ou o papa de Roma, non ten ningún tipo de xustificación máis aló que a de recortar recursos públicos que, desgraciadamente, non se recortan na educación concertada ou na privada. O que queira levar un rapaz ou unha rapaza a un centro concertado ou un centro privado,

ten dereito a facelo, e se quere facelo porque non quere utilizar os medios que a Administración pública pon á súa disposición, que o pague. O que non pode ser é que se recorte en centros públicos cando se dan axudas a centros privados e concertados, iso non pode ser. Vostedes teñen un modelo educativo diferente ao noso, eu respéctoo, pero non o comparto en absoluto. E, se teñen un modelo educativo distinto, deféndano, non veña vostede aquí desculpase e dicir que votan en contra porque nós non lles propuxemos presentar unha moción con anterioridade a sentarnos cos representantes da comunidade educativa dese centro, porque as cousas non se fan así. E vimos de facelo coa coherencia que si demostra o meu grupo e non demostra o seu no último Pleno ou no anterior, cando Marea Atlántica presenta unha moción sobre o parque eólico de Vilartoxo, que hoxe tamén vén aquí, dixemos non, non imos apoiar a moción porque non coñecemos cal é a casuística concreta, cando nos reunamos con esta xente xa veremos, reunímonos con estes representantes e hoxe vén unha moción conxunta. En vostedes nunca imos ver esa coherencia xamais, sempre e cando se lle reclame á Xunta de Galicia, mentres estea gobernada polo Partido Popular. É verdade que ao Estado se lle reclama, a culpa é de Pedro Sánchez, de Zapatero, do bipartito, será non sei ata na época de carracuca e de Manolete, e agora a culpa xa, rizando o rizo nese esperpento de argumentación que traen vostedes a Pleno cada vez que se reclama á Xunta de Galicia, agora resulta que a culpa é do Grupo Socialista. E eu fágolle unha pregunta moi concreta: que culpa terán a comunidade educativa dese centro e os rapaces e rapazas dese centro que van ver minorado, minorado o número de profesionais dese centro, con que en tal caso, algo que non asumo pero segundo vostede, este voceiro se equivocara por non propoñerlles a vostedes unha moción antes de convocalos. Home, coincidirá comigo en que iso é quedar nas ramas en vez de baixar a onde temos que baixar, que é ao chan, señor Ben. E, se lle interesara de verdade cal é a situación dese centro e da educación en Galicia realmente, deixaría esa escusa, que é de mal pagador, con todos os respectos, e centrariámonos no verdadeiramente importante, que é se están cubertas ou non as necesidades dese centro. Tanto a comunidade educativa, a Dirección dese centro, o profesorado e a ANPA din que non; e como, por desgraza, non é a primeira vez que isto ocorre, nin é o único centro educativo no que isto ocorre, oxalá este fora o único centro desta provincia no que está a haber problemas destas características, pero que cando son moitos algo deberá estar pasando, algo deberá de estar facéndose mal; non digo que a solución sexa sinxela, pero algo terá que estar facendo mal a Xunta de Galicia, e neste caso a Consellería de Educación, cando son tantos e tantos centros e tantas comunidades educativas as que están a facer reclamacións neste senso. Despois xustifíqueno vostedes con que non hai profesorado, o mesmo que fan cos pediatras, xustifíqueno como queiran, pero, home, xa negar esa evidencia, e negar que existe o problema é a peor das posturas posibles, porque xamais se vai corrixir algo se non se acepta a súa existencia.

Acabo de poñer o caso de Dumbría, podía poñer o de centros en Brión, en moitos concellos ao longo e ancho desta provincia. Dá a impresión de que aquí a xente ten unha especie de vicio de pedir e que o que están a pedir é para ter unha especie de luxo no seu concello, nese caso nun centro educativo, e non é así. Por tanto, sexan vostedes coherentes de verdade. Séxano en Bergondo e téñeno que ser tamén aquí e no Parlamento de Galicia e, se de verdade defenden esta sociedade e as comunidades educativas e os rapaces e rapazas e o seu dereito a ter unha educación de calidade pública, xa sabe o que ten que facer; dende logo non responsabilizar os que os convidan a unha reunión á que vostedes, a pesar de ser 14 persoas, deciden non asistir, porque me parece pouco elegante cando menos. Non asistir xa me parece pouco elegante, pero moito menos botalo en cara no Pleno xa me parece a repanocha, perdoando a expresión.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Señor Fernández, mire usted, yo no tengo ningún problema en asistir a una reunión con el ANPA del colegio de Bergondo, con cualquier colectivo que me cite, pero no a una reunión convocada por usted, pero señor Fernández y *a posteriori* de haber presentado una moción, esto es una tomadura de pelo, pero si al fin y al cabo es lo mismo, ustedes saben perfectamente que se equivocaron mal o actuaron mal, porque el señor García Seoane anuncia en la radio que van a presentar una moción respecto a este asunto y se adelantan ustedes, como hacen habitualmente en estas cuestiones.

Pero hay un tema que me importa mucho, ya ha sacado el mantra de la sanidad, la educación, son sus mantras, sus cuestiones preferidas, habla usted de los pediatras, no tiene nada que ver con esto, pero ¿dónde hay pediatras para contratar?, ¿dónde los hay?; otro, el tercer mantra, ha quitado todo el kit del Partido Socialista en Galicia, increíble, pero ha dicho algo y me gustaría que el señor Formoso dijera si coincide con usted, porque él es el responsable del Partido Socialista en Galicia y usted es el responsable del Partido Socialista en la provincia de A Coruña, ¿está el señor Formoso también, como ha dicho usted, y quedará registrado en el acta, a favor de quitarle el concierto a los colegios en la concertada?, “quien quiera llevar un hijo a la concertada que lo pague”, textualmente ha dicho usted. Me gustaría, señor Formoso, si no es hoy, en otro momento, que nos diga si están ustedes en contra de tener concierto con colegios privados, me gustaría saberlo.

Nada más, gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Os pediatras están no estranxeiro cunha maleta que lle regalaba o conselleiro, nos actos que todos lembrabamos, o regalo da Xunta era unha maleta, que era o mesmo que dicirlles: sabes o que tes que facer e onde está a porta. Polo tanto, se non hai pediatras é porque por parte da Xunta de Galicia non se incentiva para que a xente estude pediatría e quede en Galicia; vostedes tamén teñen responsabilidade a iso, di vostede medicina e especialidade, digo eu que algo terán que ver con iso, pero a verdade é que vostedes nunca teñen a culpa de nada, será culpa de Pedro Sánchez tamén, ou de Zapatero, ou de Touriño, ou do bipartito, tamén será culpa deles.

Pero neste caso repítolle: preséntase unha moción, señor Ben, que se pode retirar, como se retiran 400.000 veces neste Pleno; preséntase unha moción que se pode converter en declaración institucional como se ten feito en moitas ocasións neste Pleno. A vostede non lle vale, porque nós xa sabemos, porque aquí non chupamos o dedo, aínda que vostede pretenda que si, que vostedes non o ían votar a favor, porque non votan a favor nada que lle reclame á Xunta de Galicia. E non manipule vostede o que eu digo, eu non dixen que estea en contra de ningún concerto, o que digo é que estou en contra de que se recorte na ensinanza pública para darlles os cartos á concertada e á privada. Primeiro –perdoe– hai que atender aquilo que é competencia da administración, que é a ensinanza pública e, cando as necesidades da pública están cubertas, entón pódense cubrir noutro tipo de ensinanza. O que fan vostedes é recortar nunha e darlle a outra ao mesmo tempo, iso é o que dixen eu, que non é o mesmo que dixen vostede. E precisamente como está gravado, e precisamente, señor Ben, como está gravado, queda perfectamente claro o que dixen, que é: o que queira levar o rapaz á privada ou á concertada ten que pagalo, loxicamente. O que non pode ser é que vostedes detraian fondos da pública, que é a que garante que os que non teñen recursos e non poidan

pagar teñan o mesmo dereito e poidan acceder á ensinanza, para que non pase o que pasaba noutras épocas neste país, que só os que tiñan posibilidades económicas podían estudar e ter un futuro. Seguramente a moitos de vostedes lles guste máis aquel modelo, o modelo da desigualdade clasista no que os que tiñan pasta podían pagar unha educación de calidade e os demais, perdoando a expresión, e vamos tirar de ironía, comían os mocos. Esa é a diferenza, señor Ben, e iso é o que hai de fondo na súa visión da política educativa.

O que pasa é que non teñen a valentía de dicilo, como non teñen a valentía de ir a esa reunión e enfrontarse e explicarlle a esa comunidade educativa por que non votan a favor das súas demandas; é máis fácil dicilo aquí porque hai certa distancia e a distancia permite a un dicir cousas que ás veces de cara a cara é máis difícil. Por tanto, leccións neste aspecto, señor Ben, ningunha. A coherencia no seu grupo brilla pola súa ausencia, neste Pleno e en todos. Non hai nin unha soa cuestión que se reclame á Xunta de Galicia que vostedes voten, nin unha. E iso non é defender os intereses nin dos galegos nin da sociedade, por moito que sexan vostedes o grupo máis votado a nivel autonómico, non ten absolutamente nada que ver con iso. Ten que ver coa defensa dos intereses da cidadanía, que vostedes non exercen nesta sesión de plenos. Vostedes onde o fan, saben onde é?, dependendo dos intereses do seu partido na Xunta de Galicia; minimizando calquera crítica á xestión da Xunta de Galicia para tentar ocultala, que é o que fan noutros ámbitos coa colaboración dos que todos e todas sabemos. Polo tanto, vamos ser un pouco serios, se vostede non comparte estas demandas, dígao, non lle bote a culpa a unha reunión; se vostede tiña interese en apoiar unha declaración institucional, era tan fácil como vir á reunión e escoitar alí o que dixemos, que foi: se estamos todos de acordo, vai como declaración, e así está, así a retirou o noso grupo.

E eu non escoitei ao señor Ángel Seoane, porque desgraciadamente teño moi pouco tempo para escoitar a radio, dicir que ía presentar e me adiantei, eu non traballo así, señor Ben. Nós fixemos unha moción, porque lle lembro, que igual vostede non o recorda, que a alcaldesa de Bergondo é do meu partido e o primeiro que fixo cando saíu esta problemática foi trasladárnolo para que preparásemos unha moción para defender os intereses dos seus veciños e veciñas, cousa que vostede non está a facer aquí.

Polo tanto, non nos aplique aos demais o que é o seu *modus operandi*, porque non temos nada que ver niso. Eu podo respectar a súa forma de actuar; dende logo, non a comparto e críticoa duramente. Pero sexa vostede un pouco máis honesto e, se non está de acordo, vote non, non lle bote a culpa aos demais para salvarlle a cara á Xunta de Galicia nun recorte claro de persoal nun centro que afecta a 350 rapaces e nomeadamente a 30 rapaces e rapazas que teñen necesidades especiais. E coas cousas de comer, coas de estudar e as de sandar non se xoga, señor Ben.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Ha intervenido tres veces, yo simplemente voy a intervenir una tercera.

Este tema fue tratado en el Parlamento de Galicia por su compañera Otero Lago, no sé el nombre, fue tratado, y el conselleiro dio respuesta a este tema. Es decir, a su partido se le respondió de este tema el máximo responsable de educación en Galicia, que es el conselleiro de Educación; le dio respuesta a su partido y eran concedores de esa respuesta, y el BNG también. Entonces, quien está utilizando esto de una manera partidista y se está aprovechando de esta cuestión no somos nosotros.

Y usted sí, señor Fernández, ¿sabe lo que pasa cuando se habla mucho?, que a veces se equivoca y a uno se le va el subconsciente y lo dijo y lo verá grabado: “quien quiera llevar a su hijo a un colegio concertado o privado, que lo pague”. En consecuencia, está usted claramente diciendo que no está a favor del concierto educativo. Es lo que hay, pero tenga la valentía de decirlo, dígalo con claridad, dígalo con claridad, sea usted valiente, sea honesto, dígalo.

Nada más, gracias.

### Sr. Presidente

Ben, eu sobre este tema unha pequena intervención final, sobre todo por respecto ás persoas que hoxe nos acompañan do CPI, nun tema que consideramos todos e todos os grupos que estamos hoxe aquí, todos, incluído loxicamente quen vai votar en contra da moción, un tema relevante e importante.

Creo que é fácil ou é doado teorizar sobre as necesidades especiais cando as descoñeces. Creo que é doado poñer deberes a terceiros cando non sofres as consecuencias de non cumprir con eses deberes e esas obrigas. E o que estamos a falar aquí é precisamente diso, estamos a falar de que neste caso, neste CPI hai 30 rapaces e rapazas con necesidades especiais, que teñen nomes e apelidos, onde detrás de cada un e cada unha delas hai unha familia que o está a pasar moi mal dende que teñen un diagnóstico persoal desa necesidade especial, dende que saben que é moi difícil de aterrar esa necesidade especial no sistema educativo público, que é moi difícil de aterrar esas especificidades que ten ese alumno ou alumna no sistema educativo galego.

Polo tanto, eu creo que non é comprensible que neste caso concreto, Sr. Ben, se vote en contra dunha reclamación que non é só deste CPI, afecta practicamente a todos os colexios de Galicia; 46 entidades sociais que protexen os intereses, representan os intereses de rapaces e rapazas con necesidades especiais no sistema educativo galego. 46, con miles de asociados e asociadas, reclaman dende hai anos a sensibilización, a concienciación de que se necesita máis persoal de PT, máis orientadores e máis AL no sistema público galego. Polo tanto, renunciar a esa realidade, negar a cada pai e a cada nai que está en serias dificultades e cunha preocupación enriba do corpo diaria, que é a súa máxima preocupación, e negar esa realidade por moito que un inspector que o que vén dicir é que se cumpre a norma, por moito que veña ese inspector a dicir que se cumpra a norma, sinceramente creo que non é estar á altura das circunstancias.

E aquí nós non imos facer política nun tema onde hai moito de política, porque é unha decisión política, como ben dicía o Sr. Fernández. Non estamos a falar de pediatría, estamos a falar de profesionais que se presentan cando hai unha convocatoria da Consellería de Educación para 50 prazas de AL preséntanse 700 titulados galegos e galegas que aspiran a esa praza. Polo tanto, hai moita xente nas listas do paro, hai moita xente nas facultades de educación especial en Galicia esperando ter unha oportunidade laboral no sistema educativo público galego. Co cal non estamos a falar da mesma realidade que a da pediatría en Galicia nin moitísimo menos. É unha decisión política.

Que sempre vai haber esas necesidades?, que nunca se vai cubrir o cen por cento destas governe quen governe na Xunta de Galicia?, sen dúbida ningunha, sería mentir ás familias galegas, non vai ser posible. Pero está claro que, como mínimo, facer outro tipo de reflexión; non vale a reflexión burocrática cando falamos dunha preocupación máxima nas familias galegas; non vale esa reflexión, vale dicirlles a verdade. E a verdade é dicir que os recursos son limitados e estamos priorizando outras



cuestións ou estamos priorizando outras zonas educativas, ou estamos priorizando outros CPI, ou entendemos que cos recursos que temos a Inspección educativa prioriza estes outros centros. Pero non mintamos ás familias que teñen enriba da mesa unha situación francamente difícil e dura, que só se coñece se se pasa por ela. Partamos desa base, só se coñece se se pasa por ela. Pódese recoñecer dende a distancia, pero non coñecer polo miúdo se non se pasa por ela.

Polo tanto, o máximo respecto ás familias. Seguro, seguro que hai esa necesidade, está máis que acreditada, por moito que o diga un inspector. Porque, se o inspector agora di que se está cumprindo a norma, que pasaba cando había dous profesionais máis atendendo estas necesidades?, estíbese incumprindo esta?, había polo tanto dúas persoas máis neste CPI que estaban sobreatendendo esas necesidades especiais cando había outras demandas nos CPI de toda Galicia con necesidades especiais sen atender? Creo que non é serio e, por moito que diga Inspección, que sabemos evidentemente que é un organismo que o que di é o cumprimento da norma, vixía o cumprimento da norma, pero non quere dicir que non se poida mellorar esa atención ás necesidades especiais. Falamos de mínimos, que son os que establecen as inspeccións educativas, de mínimos, non do nivel axeitado de atención a necesidades especiais.

Imos proceder á votación.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 15 deputados/as (10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 10 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, aproba a seguinte moción:

#### **"Moción dos grupos provinciais PSdeG-PSOE, BNG, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica en apoio á ANPA do Centro Público Integrado Cruz do Sar do municipio de Bergondo**

Os grupos provinciais do PSdeG-PSOE, BNG, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica veñen de manter conversas coa ANPA do CPI Cruz do Sar, nas que nos trasladan as súas demandas derivadas do recorte de persoal de atención á diversidade; iso, a pesar do incremento experimentado nas matrículas do alumnado con diversidade funcional no presente curso escolar.

En concreto, a alarmante situación na que se atopa a comunidade educativa do municipio de Bergondo é a seguinte:

O CPI Cruz do Sar conta con dous/dúas profesores/as menos que no curso escolar anterior (2021/2022), concretamente contan cun/cunha mestre/a de Educación Primaria e outro/a de Pedagogía Terapéutica.

A ANPA de Bergondo "APA DAS MARIÑAS", trasládanos a inqueda situación na que se atopan, por canto neste curso escolar contan con máis de 350 alumnos/as, sen que podan facer fronte con garantías ás necesidades educativas de máis de 30 destes/as nenos/as con diversidade funcional por mor da denegación dun segundo especialista en Pedagogía Terapéutica e do recorte da xornada na especialidade de Audición e Linguaxe

nunha alta porcentaxe.

Recortes que non só terán impacto nestes máis de 30 nenos/as, xa que o recorte dun mestre de primaria incrementará indiscutiblemente a carga de traballo do actual cadro docente, ao que a Consellería de Educación pretende asignarlle tamén horas de reforzo para as necesidades educativas especiais.

O centro educativo bergondés xa comunicara ao remate do curso pasado as súas necesidades de dotación de persoal docente, xustificada debidamente según informes de profesionais especializados e valorados, nalgúns casos, polo Servizo Galego de Atención á Dependencia. Pois ben, a resposta da Consellería non lles chegou ata a primeira semana do mes de setembro deste ano, denegando as demandas realizadas.

Estas demandas contan co apoio da totalidade do equipo directivo e docente, así como de todas as asociacións do concello mariñán, e tamén de todos e cada un dos grupos políticos da Corporación Municipal do Concello de Bergondo.

Estes grupos provinciais expresan o seu apoio a todas e cada unha das comunidades educativas da nosa provincia que se teñan atopado ou se atopen nesta alarmante situación.

Polo anteriormente exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE, BNG, Alternativa dos Veciños e Marea Atlántica propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

1. Manifestar o inquebrantable compromiso da Deputación da Coruña coa calidade do ensino público como un motor de igualdade e cohesión social entre a cidadanía da provincia.
2. Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás demandas plantexadas pola comunidade educativa do municipio de Bergondo; apoio que facemos extensivo a todas as comunidades educativas que estén a padecer este tipo de recortes.
3. Instar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia a cubrir todas as necesidades demandadas pola comunidade educativa bergondesa.
4. Dar traslado do presente acordo á comunidade educativa do Colexio Público Cruz do Sar de Bergondo e ao Concello de Bergondo."

#### Sr. Presidente

Hai outra moción urxente de apoio presentada polo PSdG-PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños urxente ás alegacións realizadas polo Concello de Val do Dubra e a veciñanza afectada polo parque eólico de Vilar Toxo.

#### **I.Moción urxente de apoio ás alegacións realizadas polo concello do Val do Dubra e a veciñanza afectada polo parque eólico de Vilartoxo**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entidade "Green Capital Power SL" está a promover o Parque Eólico de Vilartoxo no que prevé instalar 6 aerogeneradores SG145- 4,5MW (27MW en total), cunha altura de buxe de 145 m. e unhas palas de 71 m., entre os municipios de A Baña e de Val do Dubra, con especial afectación na parroquia de San Román deste segundo concello.

Trala existencia das correspondentes xuntanzas cos/as representantes da veciñanza afectada e das entidades creadas polos/as mesmos/as, para levar a cabo o estudo, seguimento e presentación de alegacións a este proxecto, e despois das correspondentes explicacións, datos e probas amosadas polos/as afectados/as, todo parece indicar que o proxecto do Parque de Vilartoxo é en realidade resultado dun fraccionamento para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva, tramitándose por separado, a pesares de que os tres comparten infraestruturas como a liña de evacuación de Lousame ou un centro de control conxunto.

Así mesmo, cómpre deixar constancia tamén das alegacións presentadas polo propio Concello do Val do Dubra, que van na mesma dirección que as realizadas polos veciños e veciñas afectados/as, e que inciden, entre outros aspectos, na vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, na ausencia de utilidade pública e interese social do proxecto eólico Vilartoxo, na vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA), na afectación para as familias que residen nos núcleos máis próximos, na falta de autorizacións de Patrimonio Cultural, etc.

Polo anteriormente exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños propoñemos ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a veciñanza afectada polo Parque Eólico de Vilartoxo.
2. Dar traslado deste acordo ao Concello de Val do Dubra e ao Parlamento de Galicia.

Procede á votación da urxencia:

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 25 deputado/as (10 do PP, 10 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

**Sr. Fernández Piñeiro**

Comentabamos antes que hai uns plenos se traía unha moción por parte da Marea Atlántica sobre este parque eólico de Vilar Toxo, que está proxectado e que afecta aos concellos da Baña e Val do Dubra. Naquel momento –como explicamos– votamos en contra porque non tiñamos coñecemento suficiente nin tempo naquel momento para poder telo sobre a situación concreta deste parque, porque –como dixen–, dende o noso

partido non estamos en contra nin a favor dos parques eólicos *per se*, senón que entendemos que os parques eólicos son positivos, que estamos a favor sempre e cando non se traspasen dúas liñas que para nós son vermellas: a primeira delas é a afección que poida ter no sector primario, é dicir, nas granxas, etc.; e a segunda delas o que poida ter nas vivendas. Polo tanto, hai parques que teñen que existir, que é positivo que existan; estamos a falar da enerxía máis limpa actualmente e que ademais vai incidir na produción de hidróxeno verde, como todos e todas sabemos; e niso Galicia pode ser un referente tanto pola calidade do seu vento como pola cantidade de auga da que dispoñemos, que son dous elementos indispensables e esenciais para a produción dese hidróxeno verde e, polo tanto, entendemos que hai que facer un esforzo para a ese nivel implantar este tipo de infraestruturas que poidan garantir esa produción. Iso si, non quere dicir que en calquera lugar e de calquera maneira.

Polo tanto, unha vez que nos reunimos nunha ocasión no Concello de Val do Dubra coas distintas entidades que propoñían esta cuestión e que nos reunimos tamén nesta Deputación cos distintos grupos, unha vez coñecida a casuística concreta deste parque, compartimos as reivindicacións que se trasladan e que se poñen de manifesto por parte dos representantes das distintas entidades que se conformaron a raíz desta convocatoria. E, polo tanto, de aí nace a moción que hoxe traemos ao Pleno e que está respaldada, presentada polo BNG, polo Partido Socialista e por Alternativa dos Veciños; non pode estar pola Marea Atlántica porque xa tiña dúas mocións presentadas, pero cóstanos que loxicamente a comparte, como non podía ser doutra maneira. Polo tanto, desde este punto de vista vou dar traslado ou lectura, mellor dito, dos acordos que se pretenden con esta moción.

O primeiro deles é expresar o pleno apoio da Deputación da Coruña ás alegacións realizadas polo Concello de Val do Dubra e a veciñanza afectada polo parque eólico de Vilar Toxo.

E a segunda dar traslado deste acordo ao Concello de Val do Dubra e ao Parlamento de Galicia para coñecemento –como digo– do acordo que se vai, previsiblemente, tendo en conta o equilibrio de forzas desta Corporación, que se vai aprobar a continuación.

Nada máis e moitas grazas.

#### Sr. Penas Corral

Primeiro de todo bo día a todos e a todas, dar a benvida aos veciños de Val do Dubra, da Baña, que non están aquí presentes, pero que algúns deles confirmaron que ían seguir a sesión telematicamente, por *streaming*.

Segundo, un pouco adiantarme seguramente á intervención dos compañeiros do Partido Popular, neste caso supoño que non haberá queixa de quen convocou ou non convocou a xuntanza. Convocouna agora mesmo non sei se foi o Sr. Fernández, ou fun eu, convocouse en todo caso desde o equipo de goberno e en consecuencia da moción que presentou a Marea hai dous meses. Asistiu un compañeiro do Partido Popular que expresou unha serie de opinións diante dos veciños que entendemos que se van ver confirmadas coa intervención do portavoz do Partido Popular.

Tamén queremos resaltar unha vez máis a contradición do Partido Popular no que din nas entidades locais máis pequenas, que son os concellos, o que se dixo nesta ocasión no Val do Dubra, o que se está a dicir na Baña ou o que se dixo anteriormente na moción anterior exposta polos compañeiros; e queremos sobre todo indicar o que é para

o noso grupo, para o BNG, o que é esta moción e o que non é esta moción, para non esquecermos de por que a traemos e por que a traemos conxuntamente.

Isto non é unha moción –como insinúa o compañeiro Sr. Fernández– contra a enerxía eólica, antes de que se saque o discurso pseudopopulista de que estamos contra a enerxía eólica, contra a enerxía renovable; non é unha moción contra as portas xiratorias; non é unha moción contra a política depredatoria do territorio por parte das grandes e pequenas compañías de Madrid, en xeral, sen retorno ningún para os veciños; non é unha moción nin sequera contra o impacto medioambiental, contra o funcionamento dos parques, contra a celeridade coa que se xestionan determinados parques e o pouco determinantes que somos noutros asuntos que afectan de forma moi directa ao país; nin sequera é unha moción contra a empresa Green Capital Power, que se está levando unha parte importante dos parques eólicos do noso país despois de que fora a principal instigadora contra o decreto eólico de anteriores gobernos... Ben podería ser unha moción contra todo isto, como se fai noutras ocasións cando se traen mocións referentes ao tema eólico, que xa levamos unhas cantas, na que non temos nin capacidade nin competencias neste asunto, pero si temos a obriga institucional, como a maior entidade local do país, de darlles voz a aqueles afectados e afectadas neste caso polo tema dos eólicos. Podería selo –insisto– pero non o é.

Esta moción vai de dar voz a quen defende con traballo propio, con medios propios, con medios escasos o que é de xustiza, como xa puidemos comprobar nas xuntanzas que tivemos con eles nas diferentes partes do territorio. Resumindo, unha vez máis o que xa se expuxo en parte polo voceiro do Partido Socialista: hai dous meses tróuxose aquí unha moción a este Pleno por parte dos compañeiros da Marea sobre as alegacións dos veciños e veciñas relacionados co parque de Vilartoxo no Val do Dubra. Entón algúns de nós abstivémonos, outros votamos en contra, o mesmo Partido Popular pois abstívose, todos alegando que as formas non eran as correctas pero ao mesmo tempo coincidindo en que tiñamos que dar voz a eses veciños e acordando traer unha moción ou, a ser posible, unha declaración institucional, que sei que se intentou por parte do noso grupo e por parte doutros grupos conseguila ata a última hora, polo menos ata o venres pasado, onde eu mesmo tiven a ocasión de falar co portavoz do Partido Popular. Estabamos todos de acordo en que as cousas se fixeron de forma cando menos mellorable, moi mellorable, pasaron dous meses dese compromiso, dous meses, intentouse por parte de alguén adiar unha vez máis esta moción, esta declaración institucional ao mes de xaneiro, tres meses despois, mentres que o traballo que fan as compañías está en marcha. E temos unha responsabilidade política coa veciñanza en xeral, e en particular cos afectados do concello de Val do Dubra e por extensión tamén A Baña, que se ven afectados por estes parques eólicos, compromiso que se reafirmou na xuntanza que tivemos o 24 de novembro e na que asistiu, naquel caso facendo de portavoz o compañeiro Roberto Rodríguez do Partido Popular.

E nesa xuntanza todos dunha forma ou outra confirmamos o noso apoio unha vez máis a esas alegacións e esa loita veciñal, onde lembramos, por se alguén o esqueceu, que o Concello de Val do Dubra –insisto– posicionouse tamén a favor. Hoxe, dous meses despois –insisto nos dous meses–, invadidos polo espírito burocrático que moitas veces nos acompaña no día a día, non traemos aquí máis que un compromiso, unha promesa política e a palabra de todos aqueles que estivemos naquelas xuntanzas, que estivemos nas numerosas manifestacións dos meses pasados, que estivemos no Parlamento galego cos nosos representantes escoitando as reclamacións dos veciños, as alegacións e as opinións de todos e todas.

Traemos en definitiva aquilo que solicitamos todos, absolutamente todos os grupos desta Corporación. É por iso polo que desde este grupo solicitamos unha vez

máis o apoio absoluto ás reivindicacións xustas e necesarias duns veciños que en definitiva non están a facer máis que o que todos deberíamos estar facendo por eles e elas: loitar polo seu pequeno pero gran país.

A loita é en Vilar Toxo nesta ocasión, pero pódese estender a Troitomil ou a outros moitos parques arredor do país, e, insisto, non dicimos todos, dicimos algúns. Deixen as súas contradicións políticas, e económicas sobre todo, deixen as súas submisións e posiciónense a favor daquilo que non admite medias tintas: ou se apoia ou non se apoia.

Nós obviamente témolo claro, os compromisos e as palabras son para cumprilos; por desgraza o percorrido será o que teña que ser e posiblemente acabará na xustiza, pero temos a obriga –insisto– como Corporación a posicionarnos diante do que a todas luces non é xusto e falo nesta ocasión do concello de Val do Dubra. Por iso pedimos e por iso imos dar, como non, o apoio ás alegacións da veciñanza, do Goberno local do Val do Dubra e das asociacións e colectivos de Val do Dubra.

Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Segunda quenda para esta moción, idéntica á que se presentou aquí o 30 de setembro, a nós daquela acusáronos de electoralismo por traer esta moción aquí, nós hoxe imos apoiala sen ningunha acusación a ninguén de electoralismo, basicamente porque estabamos de acordo, faltaría máis, daquela co seu contido e agora tamén. Semella que ás veces o que se dirime nestas votacións non é o fondo do asunto senón quen o propón, parece que se somos uns os que propoñemos a moción parece que nace eivada para acadar maiorías e, se son outros, non tanto. En todo caso a nós dános igual iso, non é unha cuestión de quen é o autor ou a autora da moción, senón de defensa dos intereses destes veciños nunha moción que foi aprobada con anterioridade por unanimidade nos concellos que aquí se refiren, de Val do Dubra e tamén no da Baña, e tamén no de Santa Comba; por certo, promovido naquel caso pola propia alcaldesa do Partido Popular. Entón eu creo que había desde logo fontes sobradas para informarse sobre o contido desta moción, cando se trouxo aquí no mes de setembro, pero desde logo non se trata para nós da cuestión, senón de que aquí se fixo un pouco de referencia á cuestión de fondo, de como se vai facer a transición enerxética neste país e que retorno vai ter para nós. Facer un pouco certa analoxía con algo que o presidente coñecerá ben, que ten que ver coa explotación de carbón nas Pontes de García Rodríguez: a propia historiografía española recoñece que foi fundamental a explotación dese carbón para acabar creando no tempo da autarquía o que acabou sendo a rede eléctrica española, que segue sendo aínda hoxe, por certo, unha empresa de titularidade pública. Certo que foi dun tremendo proveito para a economía española e para a modernización do sistema eléctrico, da infraestrutura eléctrica, pero desde logo non supuxo para Galicia unha mellora na súa competitividade porque non tivemos un mellor tendido eléctrico nin tampouco un mellor prezo, non supuxo desde logo unha mellora para a nosa capacidade de industrialización. Isto foi o que aconteceu hai 70-80 anos e isto é o que pensamos que pode volver acontecer agora mesmo.

(Abandona o salón o Sr. Rioboo Castro).

Nós imos asumir os custos evidentes da implantación desta enerxía limpa, pero que ten impactos directos sobre a veciñanza. Falando coa xente é fácil de entender, eles dinche: a nosa casa, a que temos agora aquí feita con este muíño a 500 metros, de 250 metros de altura a 500 metros, vaise desvalorizar un 20%, polo tanto van sufrir unha

diminución no seu patrimonio. Pero é que ademais aqueloutras fincas rústicas que son susceptibles de ser urbanizadas no futuro e que eles teñen como patrimonio que no futuro poderían vender para quen fose para facer aí unha casa, tamén se van desvalorizar. Polo tanto, é evidente que ten un impacto e non é un impacto abstracto, nin artístico, nin místico, da paisaxe; non, non, é un impacto económico sobre a vida dos veciños, e iso é algo que eles din cunha racionalidade absoluta, non porque sexan ecoloxistas ou estean en contra dos móbiles, a favor do regreso ás cavernas, non, non, son persoas que teñen intereses directos e materiais en que non se desvalorice o seu patrimonio, que é o que se ve afectado con este tipo de infraestruturas. Por tanto, consenso social, hai que procurar –diciáo antes o presidente– que non vai haber desde logo cobertura para dar todos os servizos que se querería na educación pública. Por suposto tamén a actividade económica vai ter sempre unha parte perdedora, que vai ter que afrontar os custos ambientais, paisaxísticos desta transición ecolóxica, pero terá que buscarse que sexan os menores posibles e terá que buscarse sobre todo que teñan outro tipo de compensacións, porque non a teñen, porque a implantación da enerxía eólica en Galicia non ten retorno máis que simbólico para aquelas persoas que a padecen, cando vemos que noutros lugares dentro do propio Estado español, como Euskadi ou Cataluña, se están establecendo cotas de ata un 20% que necesariamente ten que regresar á comunidade que padece a implantación destes muíños de vento. E, aínda que non sexa sempre posible, tamén se procura que exista a maior dose de consenso social sobre onde se van implantar estas infraestruturas. E tamén por suposto, algo que non adoita acontecer, que haxa unha publicidade que sexa accesible, que con antelación a xente saiba o que vai acontecer e que non teñan que actuar como están actuando, *a posteriori*, con escaseza de medios e nunha loita verdadeiramente desigual para defender –insisto– non unicamente nalgúns casos unha abstracción ideolóxica de se estás ou non estás máis ou menos a favor da transición ecolóxica tal e como se está facendo, senón do seu patrimonio, dos seus intereses materiais. Iso é o que se observa falando con eles, que creo que é o que ás veces botamos en falta.

Nada máis, nós, como hai tres meses, volvemos apoiar o mesmo texto, da mesma moción, sen acusar ninguén de apropiarse de nada, sen acusar ninguén de electoralismo, porque o que valoramos é simplemente o fondo da cuestión e o interese dos veciños.

Nada máis e grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Bueno 23 del 9, "Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás alegacións realizadas pola veciñanza afectada polo parque de Vilartoxo-; e 21 do 12, "Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás alegacións realizadas polo Concello de Val do Dubra e a veciñanza afectada polo parque eólico de Vilartoxo.

Bien, esta es la realidad: dos mociones con una similitud asombrosa, esta es una moción, esta en este caso la de hoy, plenamente marxista, de Karl Marx, los que dicen que son comunistas y lo gritan, el BNG también, y los de Groucho Marx, estos son mis principios y, si no le gustan, pues los cambio.

Nosotros en el Pleno en aquella ocasión nos abstuvimos en el Pleno y hoy de nuevo nos volveremos a abstener en el Pleno, con los mismos argumentos que esgrimimos en aquella ocasión. Los señores del BNG pasan de la abstención al voto favorable al presentar esta moción, ojo, pero los señores del Partido Socialista pasan del voto en contra a votar a favor, marxismo en estado puro de la parte contratante de la

primera parte. Muy bien, esta es la realidad. Nosotros nos vamos a abstener por lo mismo que nos abstuvimos en aquel momento. Yo espero, confío y deseo que tanto el alcalde de Val do Dubra, buen amigo, buen compañero y buen alcalde, a mi juicio, como las demandas de los vecinos prosperen y ojalá no se autorice este parque eólico, ojalá que no se autorice este parque eólico, lo digo con claridad, porque los vecinos no lo quieren. Pero yo no soy quien puedo decir lo que se puede o no se puede autorizar, de la misma manera que yo no he leído todas las alegaciones que han presentado los vecinos, ni ustedes tampoco, aunque se hayan reunido con una parte de ellos. En consecuencia, nosotros en el centro político, sin ser marxistas de Karl ni marxistas de Groucho, mantenemos nuestro voto del anterior Pleno y nos vamos a abstener.

Nada más y gracias.

#### Sr. Penas Corral

Moi brevemente. Nós somos máis doutro tipo de humor que do de Groucho Marx, pero benvidos sexan todos os tipos de humor sobre todo nun Pleno o último deste ano. Eu creo que na política hai que ser sobre todo honesto e hai que ser claro.

Eu entendo o posicionamento do Partido Popular, non entendo o que di aquí oxalá non se autorice, porque realmente foi o que veu dicir o seu portavoz naquela ocasión, o señor Roberto Martínez, pero ao mesmo tempo non están a favor das alegacións para que non se acabe instalando este parque eólico, ou para que se faga doutra maneira, co cal seguimos entrando nas contradicións que son habituais do Partido Popular. Igual nós somos marxistas pero vostedes son un pouco máis de Pajares e Estesos, que é da súa época. Nós seguimos entendendo e seguimos apostando por que esta moción non tiña que ser unha moción, tiña que ser unha declaración institucional; somos conscientes, polo menos desde a nosa parte, desde o noso grupo, de que así se intentou. Somos conscientes de que o Partido Popular tamén estaba pola declaración institucional, polo menos estábao ata o día 24 de novembro, penso que foi o 24 de novembro, cando tivemos a xuntanza, con todos e todas as veciñas que foron convocados e que houbo aquí unha representación bastante importante. Non sabemos que pasou desde o 24 de novembro ata hoxe, que o Partido Popular cambiou radicalmente de posicionamento, si, radicalmente porque pasou de apoiar as reivindicacións dos veciños, cando menos a valoralas, que se dixo naquela xuntanza, onde eramos bastante xente, a dicir que se vai abster, que é na liña do que fixo no último Pleno en que se falou deste tema, pero en definitiva nin se trae a declaración institucional, nin se apoia a declaración institucional, nin se vota favorablemente as reivindicacións que nin son do BNG, nin do PSOE, nin da Marea, nin de Alternativa, son dos veciños e das veciñas dos concellos da Baña, Val do Dubra, Santa Comba, onde teñen representación política importante. Pero ben, cadaquén vota o que ten que votar e obviamente hai que respectalo, simplemente lamentar que ao final non poida ser por maioría absoluta este punto porque sería importante para os veciños e veciñas.

#### Sr. Fernández Piñeiro

A verdade, deume nun tema que me gusta, porque son un admirador de Groucho Marx, e dicía Groucho Marx: non podo dicir que non estea en desacordo contigo. Pois aplícollo a vostede, señor Ben, non podo dicir que non estea en desacordo contigo, sobre todo porque fai vostede unha alusión ao noso grupo que non ten nada que ver coa realidade. Nós o que estamos a dicir agora é o mesmo que dixemos no mes de setembro, que era que votabamos en contra porque non tiñamos información concreta sobre ese parque e as súas afeccións e a problemática que xeraba. Señor Ben, tamén vai para vostede esta resposta, visto que coinciden os dous na mesma manipulación. E hoxe



volvo dicir o mesmo. Agora que xa tivemos esa reunión, xa tivemos información, pois posicionámonos, e iso mesmo é o que vimos dicindo sobre o tema eólico dende que estamos aquí: que nós hai parques eólicos que compartimos que teñen que existir e hai parques eólicos que non compartimos porque para nós hai dúas liñas vermellas, que son como dixen antes as instalacións do sector primario e as vivendas. Neste caso comprobado que hai unha afección importante a ese respecto que ademais dá a impresión de que se está a fraccionar ese parque en pequenos parques para evitar unha tramitación máis complexa, unha vez que tivemos toda esa información, vimos agora ao Pleno e presentamos esta moción de apoio.

E, señor Lema, cando se dixo –e por desmontar unha vez máis outra pequena manipulación que acaba de facer vostede– cando se dixo que estaban politizando este tema, ou que era por un tema de votos de máis, era porque vostedes se negaban a deixala sobre a mesa, non porque trouxesen a moción, non manipulemos. E afortunadamente, como dixo antes o señor Ben, están gravados os plenos e polo tanto todos sabemos o que dicimos e como o dicimos; polo tanto, eu é verdade que eu o fago bastante habitualmente, adoito revisar as gravacións porque me gusta volver escoitar os plenos e un aprende moito. Convídoos a vostedes dous, que caen na mesma estratexia, a que fagan o mesmo...

Sr. Presidente

Que conste en acta iso...

Sr. Fernández Piñeiro

... sobre todo para ter en conta e saber perfectamente o que di cadaquén e non manipulalo despois, porque aí non me van pillar porque, como os vexo, e é verdade que teño ese defecto, que seguramente sexa un vicio bastante feo, teño moi fresco o que digo, e iso é unha vantaxe fronte a quen manipula, porque se pode contraargumentar con moita máis facilidade.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Compráceme ver que vostede non ten tempo abondo para dedicarse a facer mocións, pero si tempo abondo para escoitarse a vostede mesmo. Iso, a verdade é que poden diagnosticarllo, un pouquiño narcisista si que lle quedou.

Mire, nós estamos polo fondo do asunto daquela máis hoxe, creo que vostede se pasou de freada no debate daquel día. Se vostede volve ver a súa gravación, darase conta de que ao mellor se lle foi un pouco a man, pero nós temos unha actitude completamente responsable, fría e obxectiva, isto é política, isto non é fútbol, e polo tanto, como daquela, imos apoiar esta moción. Recomendolle que non mire tanto os vídeos.

Sr. Ben Otero

De verdad, señor Penas, ya se lo digo de antemano, lamento mucho lo que le voy a decir, pero es que yo no me dirigía a usted con el tema de Groucho Marx. Pero, oiga, ha hecho usted alusión a Pajares y Estesos, yo me he reído tremendamente viendo las películas de Pajares y Estesos, lo reconozco, seré un hortera, un cutre, un casposo, llámeme como quiera pero, me he reído de la leche. Ahora también le digo una cosa, si el señor Estesos y el señor Pajares los dos juntos fueran responsables del Departamento de Contratación, estoy seguro de que más lento no iría.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Penas Corral

Eu non sei se foran responsables do Departamento de Contratación. Sei cando era responsable o Partido Popular e cando son responsable eu e hai moitísima, moitísima, moitísima diferenza.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 14 deputados/as (9 do PSOE, 3 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 11 deputados/as (10 do PP e 1 do PSOE- en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, aproba a seguinte moción:

**"Moción urxente de apoio ás alegacións realizadas polo concello do Val do Dubra e a veciñanza afectada polo parque eólico de Vilartoxo**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entidade "Green Capital Power SL" está a promover o Parque Eólico de Vilartoxo no que prevé instalar 6 aeroxeneradores SG145- 4,5MW (27MW en total), cunha altura de buxe de 145 m. e unas palas de 71 m., entre os municipios de A Baña e de Val do Dubra, con especial afectación na parroquia de San Román deste segundo concello.

Trala existencia das correspondentes xuntanzas cos/as representantes da veciñanza afectada e das entidades creadas polos/as mesmos/as, para levar a cabo o estudo, seguimento e presentación de alegacións a este proxecto, e despois das correspondentes explicacións, datos e probas amosadas polos/as afectados/as, todo parece indicar que o proxecto do Parque de Vilartoxo é en realidade resultado dun fraccionamento para evitar os efectos dunha avaliación ambiental máis restritiva, tramitándose por separado, a pesares de que os tres comparten infraestruturas como a liña de evacuación de Lousame ou un centro de control conxunto.

Así mesmo, cómpre deixar constancia tamén das alegacións presentadas polo propio Concello do Val do Dubra, que van na mesma dirección que as realizadas polos veciños e veciñas afectados/as, e que inciden, entre outros aspectos, na vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, na ausencia de utilidade pública e interese social do proxecto eólico Vilartoxo, na vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA), na afectación para as familias que residen nos núcleos máis próximos, na falta de autorizacións de Patrimonio Cultural, etc.

Polo anteriormente exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños propoñemos ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Expresar o apoio do Pleno da Deputación da Coruña ás alegacións realizadas polo Concello do Val do Dubra e a veciñanza afectada polo Parque Eólico de Vilartoxo.
2. Dar traslado deste acordo ao Concello de Val do Dubra e ao Parlamento de Galicia."

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Ben Otero

Un ruego rápidamente, se lo voy a trasladar ahora al acabar al señor Pequeño, que estoy convencido de que hará lo posible, si es de su competencia, se trata de la carretera DP-308, de Órdenes a Pontecarreira, son las barandas que rodean la vía, están en un estado bastante defectuoso. La ha mandado el Ayuntamiento de Ordes y la Policía Local, yo le doy traslado ahora y le agradecería que a la mayor brevedad procediera a la reparación de las mismas.

Gracias.

### Sr. Presidente

Había unha pregunta por escrito do Grupo Marea Atlántica.

### Sr. Lema Suárez

É un rogo tamén, é un rogo. Froito do impulso do Goberno de Antonio Negreira ao Concello de Val do Dubra –parece que nos saímos de aí hoxe–, a Deputación da Coruña impulsou para o ano 2019 as obras de mellora de pavimento no núcleo de Quintáns en Paramos, do mesmo concello, incluídas no Plan de obras e servizos POS+ adicional 2019. Estas obras executadas polo contratista Excavacións Ovidio, SL, remataron recentemente cunha pobre execución técnica e calidade e acabados moi deficientes. Derívanse desta execución lastros soltos, arquetas mal asentadas e unha imaxe final de moi baixa calidade que non merece a veciñanza de Val de Dubra. Polo anteriormente exposto, pregámoslle ao Goberno da Deputación da Coruña que teña unha xuntanza coa veciñanza de Quintáns, Paramos e Val do Dubra, para coñecer *in situ* a finalización da obra e estude as medidas precisas para corraxir e mellorar a actuación realizada.

### Sr. Presidente

A este aspecto, non podemos acceder á petición, como imaxinas, Sr. Lema, porque a Deputación non impulsa esta obra, impúlsaa o propio Concello. Coñecemos a súa realidade administrativa porque loxicamente transferimos uns fondos do POS, que eles deciden, dentro do principio de autonomía local que incorpora o Plan único, licitar, aprobar e licitar esa mesma obra; eles son a entidade adxudicadora, o poder adxudicador. Solicitaron aquí unha prórroga para xustificar o propio POS, que sabemos que está en execución a obra, e entendo que quen ten que facer esa interlocución entre a empresa e os veciños é a propia institución licitadora, a súa titular, que é o propio Concello. En calquera caso, aquí teñen tanto os veciños como loxicamente a entidade local as portas abertas, os servizos técnicos para calquera dúbida ao respecto que teñan.

Moitas grazas e felices festas a todos e a todas!

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:40 horas.